



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 255
12 de xaneiro de 2022

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

■ 26944 (11/PNP-002408)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 14 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao

[96392](#)

■ 27111 (11/PNP-002409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en materia de políticas de emprego

[96395](#)

■ 27220 (11/PNP-002417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 17 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para mellorar a inclusión social en Galicia

[96402](#)

■ 27257 (11/PNP-002423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria a toda a poboación

[96408](#)

Admisión a trámite e publicación

■ 26552 (11/PNP-002393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar no ano 2021 o proxecto de dragaxe do río Lérez, así como un estudo e unha proposta para a retirada e o tratamento en terra dos lodos

[96417](#)



I 26596 (11/PNP-002394)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 6 máis**

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para que atenda a vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia coma polo Congreso dos Deputados e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023

[96421](#)**I 26611 (11/PNP-002395)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos plans de recuperación e conservación das especies ameazadas de Galicia

[96423](#)**I 26645 (11/PNP-002396)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar a tramitación do parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade, e a elaboración dunha planificación do sector eólico respectuosa co medio e que responda aos intereses da veciñanza do rural

[96426](#)**I 26884 (11/PNP-002398)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre o sistema de rastrexo de persoas positivas pola covid-19 e os seus contactos

[96430](#)**I 26895 (11/PNP-002399)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Goberno central para acadar a participación do sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento dunha transición enerxética xusta para formular unha proposta homoxénea no nivel de prezos e impositivo do combustible

[96433](#)**I 26916 (11/PNP-002400)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar cautelarmente o proxecto do parque eólico de Vilartoxo, nos concellos da Baña e Val do Dubra, para evitar a destrución dunha zona de grande valor natural, cultural e paisaxístico

[96436](#)**I 26928 (11/PNP-002401)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a implantación da educación ambiental nos plans de estudo

[96440](#)

I 26941 (11/PNP-002402)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para publicar os datos estatísticos sobre contratos públicos adxudicados

[96443](#)**I 26983 (11/PNP-002403)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para informar a veciñanza afectada polo futuro parque eólico dos Cotos

[96445](#)**I 27007 (11/PNP-002404)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas previsións respecto das condicións para a declaración da renda do exercicio 2021, as actuacións que debe impulsar a Xunta e as que debe demandar do Estado

[96449](#)**I 27013 (11/PNP-002405)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a perda de emprego por peches e deslocalizacións das empresas do sector eólico

[96455](#)**I 27022 (11/PNP-002406)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para defender a soberanía financeira e política de Galicia

[96459](#)**I 27054 (11/PNP-002407)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para establecer unha canle interna de denuncias de corrupción na Administración autonómica galega e entidades dependentes, e o establecemento das garantías necesarias para a protección dos informantes

[96463](#)**I 27146 (11/PNP-002410)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe levar acabo de Xunta de Galicia para reforzar a atención primaria en catorce concellos da área sanitaria de Vigo aos que se lles vén de restrinxir

[96466](#)**I 27162 (11/PNP-002411)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ante o Goberno do Estado para mellorar os servizos ferroviarios de media distancia e proximidade [96469](#)

I 27164 (11/PNP-002412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o fomento da cría de garranos nas serras de Galicia [96474](#)

I 27178 (11/PNP-002413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a dotación de persoal no punto de atención continuada de Caldas [96481](#)

I 27183 (11/PNP-002414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Concello de Betanzos para desenvolver o plan de actividades de celebración do Ano Antolín Faraldo [96484](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 27115 (11/INT-001391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as políticas de emprego da Xunta de Galicia [96487](#)

I 27224 (11/INT-001396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 17 máis

Sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galicia [96493](#)

I 27255 (11/INT-001399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a decisión de restrinxir a atención sanitaria en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo e as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria a toda a poboación [96498](#)



Admisión da corrección e publicación

I 26881-26842 (11/INT-001381)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a xestión da atención primaria

[96506](#)

Admisión a trámite e publicación

I 26609 (11/INT-001380)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación e a conservación das especies ameazadas de Galicia

[96514](#)

I 26882 (11/INT-001382)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre o sistema de rastrexo de persoas positivas pola covid-19 e os seus contactos

[96518](#)

I 26917 (11/INT-001383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego respecto dos parque eólicos

[96522](#)

I 26925 (11/INT-001384)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da educación ambiental

[96526](#)

I 26931 (11/INT-001385)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a política do Goberno galego respecto da apertura de expedientes administrativos

[96529](#)

I 26939 (11/INT-001386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos

[96532](#)

I 27011 (11/INT-001387)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto das condicións para a declaración da renda

[96534](#)



I 27017 (11/INT-001388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do sector eólico

[96540](#)

I 27026 (11/INT-001389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a soberanía financeira e política de Galicia

[96543](#)

I 27061 (11/INT-001390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da protección de denunciante de corrupción

[96547](#)

I 27148 (11/INT-001392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria

[96550](#)

I 27168 (11/INT-001393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da cría de garranos

[96553](#)

1.4.4. Preguntas**1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****1.4.4.1.1. Preguntas orais****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, e publicación****I 27116 (11/POP-003903)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das políticas de emprego implementadas nos doce últimos anos especialmente respecto das mulleres e a xente moza

[96559](#)

I 27259 (11/POP-003949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria a todas as persoas adscritas aos centros de saúde que teñen a atención restrinxida aos caos urxentes e aos doentes de covid-19

[96565](#)



Admisión a trámite e publicación**I 26539 (11/POP-003718)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a exclusión do xornal *Nós Diario* da convocatoria de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2021

[96572](#)

I 26543 (11/POP-003719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a recuperación da casa de Rosalía de Castro na cidade da Coruña

[96575](#)

I 26548 (11/POP-003720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a situación en que se atopan a cidade e a provincia de Lugo en materia ferroviaria e as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao respecto

[96578](#)

I 26555 (11/POP-003722)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os efectos que producirá o recente acordo na mellora das condicións de traballo do persoal das fundacións de investigación sanitaria nos proxectos que se están a traballar actualmente

[96581](#)

I 26557 (11/POP-003723)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia sobre a aplicación do proxecto *Blood* na Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos

[96583](#)

I 26559 (11/POP-003724)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 en desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia

[96585](#)

I 26563 (11/POP-003725)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as vantaxes que para o paciente supón a posta en marcha do Plan de asistencia á anafilaxia en Galicia: Código anafilaxia

[96588](#)

I 26567 (11/POP-003726)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia de próximas actuacións de mellora nos centros de atención primaria de Santiago de Compostela [96590](#)

I 26569 (11/POP-003727)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as accións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma Telea [96593](#)

I 26571 (11/POP-003728)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os resultados que espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiados polo programa Traslaciona covid-19 [96595](#)

I 26573 (11/POP-003729)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 5 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia en relación coa homoxeneización das unidades de Mama en todas as áreas sanitarias galegas e a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías [96597](#)

I 26575 (11/POP-003730)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 7 máis

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense [96600](#)

I 26579 (11/POP-003731)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación da Rede Natura [96603](#)

I 26581 (11/POP-003732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o grao de desenvolvemento da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas [96605](#)

I 26582 (11/POP-003733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da existencia de demoras de máis de seis meses para casos de graves padecementos, como o caso sucedido en Lugo coñecido a través dos medios de comunicación [96607](#)



I 26586 (11/POP-003734)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis**

Sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública

[96609](#)**I 26589 (11/POP-003735)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis**

Sobre os avances das diferentes infraestruturas sanitarias cuxa execución ten encomendada a Axencia Galega de Infraestruturas

[96611](#)**I 26591 (11/POP-003736)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación dos horarios e os custos das liñas de transporte público do alumnado dalgunhas parroquias dos concello de Outes e Muros, para acudir aos seus centros de ensino

[96613](#)**I 26594 (11/POP-003737)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o contido do convenio asinado coa Asociación Galega de Orquestras e a Asociación de Empresas de Verbena de Galicia para a realización de sete festivais de orquestras

[96615](#)**I 26595 (11/POP-003738)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as dificultades que teñen as persoas doentes para conseguir cita no Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

[96617](#)**I 26599 (11/POP-003739)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das medidas impulsadas para minimizar o risco de posibles asolagamentos nas diferentes áreas con maior risco potencial significativo de inundacións

[96619](#)**I 26601 (11/POP-003740)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galicia

[96621](#)**I 26602 (11/POP-003741)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre as medidas e actuacións que se realizaron no marco do Programa de inspeccións en pontes, obras de paso, muros e noiros que vén aplicando o Goberno galego nas estradas da súa titularidade

[96625](#)

I 26604 (11/POP-003742)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre a situación actual do mapa da intermodalidade nas principais cidades galegas

[96627](#)**I 26613 (11/POP-003743)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar os plans de recuperación e conservación de cento noventa e seis especies ameazadas de Galicia

[96629](#)**I 26621 (11/POP-003744)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 6 máis**

Sobre o balance do Goberno galego respecto do bono turístico #Quedamosengalicia como ferramenta de estímulo e apoio ao sector turístico, e as principais novidades da edición do 2021 verbo do ano anterior

[96632](#)**I 26628 (11/POP-003745)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a aposta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para seguir a avanzar na mellora da formación profesional en Galicia nos vindeiros cursos

[96635](#)**I 26632 (11/POP-003746)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis**

Sobre os avances alcanzados no proceso de elaboración da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 e os principais resultados do traballo realizado

[96638](#)**I 26635 (11/POP-003747)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do plan de choque aprobado polo Goberno para mitigar o impacto da escalada do prezo da electricidade

[96641](#)**I 26642 (11/POP-003748)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a situación en que se encontra a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da Lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica de educación para a súa aplicación en Galicia

[96643](#)**I 26648 (11/POP-003749)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade

[96645](#)

I 26653 (11/POP-003750)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030

[96649](#)**I 26660 (11/POP-003751)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre o estado en que se encontra o proxecto do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional de Ourense en canto a funcionamento e contidos

[96651](#)**I 26663 (11/POP-003752)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a política estratéxica que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade prevé seguir en relación coa atención á diversidade e a inclusión no ensino

[96653](#)**I 26668 (11/POP-003753)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a aplicación do Protocolo para a prevención e a erradicación das situacións de acoso laboral e discriminación no persoal da Xunta de Galicia

[96656](#)**I 26670 (11/POP-003754)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre a protección do patrimonio arqueolóxico de Celanova

[96660](#)**I 26671 (11/POP-003755)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre a renovación do órgano máximo de goberno do Poder Xudicial e o nomeamento do Poder Xudicial en Galicia

[96663](#)**I 26675 (11/POP-003756)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre os sobrecustos na adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo

[96666](#)**I 26678 (11/POP-003757)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

sobre o servizo postal no concello de Pontedevea e limítrofes da provincia de Ourense

[96670](#)

I 26681 (11/POP-003758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o desenvolvemento do corpo galego de policía

[96673](#)

I 26685 (11/POP-003759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os impedimentos da Xunta de Galicia ao control parlamentario da acción de goberno

[96679](#)

I 26690 (11/POP-003760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza

[96682](#)

I 26692 (11/POP-003761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015

[96685](#)

I 26694 (11/POP-003762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as razóns da extraordinaria demora na resolución da convocatoria das axudas do programa Galicia Emprende e as súas consecuencias

[96688](#)

I 26695 (11/POP-003763)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a conectividade dos concellos galegos e as súas consecuencias na concesión de axudas e subvencións da Xunta de Galicia

[96692](#)

I 26696 (11/POP-003764)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o abastecemento de auga potable no concello da Merca

[96695](#)

I 26697 (11/POP-003765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a planta xudicial en Galicia

[96698](#)

I 26698 (11/POP-003766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a elaboración e a aprobación inicial da relación de postos de traballo da Administración de xustiza en Galicia [96701](#)

I 26699 (11/POP-003767)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o Xulgado de Familia do Partido Xudicial de Ourense

[96704](#)

I 26700 (11/POP-003768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre o establecemento dun sistema de garda de vinte e catro horas nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña

[96707](#)

I 26701 (11/POP-003769)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o control das residencias de maiores de Ourense

[96710](#)

I 26702 (11/POP-003770)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense

[96714](#)

I 26703 (11/POP-003771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a crítica situación que atravesa o estaleiro Barreras e o perigo de desmantelamento da empresa

[96718](#)

I 26706 (11/POP-003772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a necesidade de axilizar os procedementos necesarios para reiniciar a actividade naval nas instalacións do antigo estaleiro Vulcano

[96721](#)

I 26709 (11/POP-003773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación e o futuro do sector da automoción en Vigo e Galicia

[96725](#)

I 26713 (11/POP-003774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación

[96729](#)



I 26714 (11/POP-003775)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a rexeneración ambiental, a mellora do saneamento e a depuración da foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán [96732](#)

I 26715 (11/POP-003776)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a rexeneración ambiental, a mellora do saneamento e a depuración da foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán [96736](#)

I 26717 (11/POP-003777)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis**

Sobre a situación do estaleiro Barreras, de Vigo [96740](#)

I 26719 (11/POP-003778)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, María do Carme e 2 máis**

Sobre a implantación dunha plataforma de venda “online” galega [96743](#)

I 26721 (11/POP-003779)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o cumprimento do contrato de urbanización e construción de vinte e sete vivendas de promoción pública no concello de Vilamarín e a reparación dos vicios construtivos denunciados [96746](#)

I 26722 (11/POP-003780)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre os proxectos e os contratos realizados para a construción dunha residencia de maiores na cidade de Ourense [96750](#)

I 26723 (11/POP-003781)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre a información e o asesoramento ás persoas prexudicadas polas tarxetas Revolving [96754](#)

I 26724 (11/POP-003782)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**

Sobre a reparación e o mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense [96757](#)

I 26726 (11/POP-003783)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense

[96760](#)

I 26727 (11/POP-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o control do destino das transferencias realizadas á Deputación de Ourense

[96763](#)

I 26728 (11/POP-003785)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a conservación e a rehabilitación do espazo de valor cultural e etnográfico na aira da Uxeira, en Loiro, no concello de Bardadás

[96766](#)

I 26729 (11/POP-003786)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a elaboración dun plan director para o Macizo Central de Ourense

[96770](#)

I 26730 (11/POP-003787)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a instalación dunha central hidráulica reversible nos encoros das Conchas e Salas

[96773](#)

I 26732 (11/POP-003788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os efectos na xustiza de Galicia da eventual aprobación da lei de eficiencia organizativa do servizo público da xustiza

[96776](#)

I 26733 (11/POP-003789)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do sistema de financiamento do Sistema universitario de Galicia

[96778](#)

I 26735 (11/POP-003790)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as liñas de traballo para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia

[96781](#)

I 26764 (11/POP-003791)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre os beneficios que reporta para a dixitalización do sector primario a aplicación Fortra

[96783](#)



I 26765 (11/POP-003792)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis**

Sobre os instrumentos que ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para reforzar o modelo de innovación aberta que se está a impulsar desde hai algúns anos

[96786](#)**I 26769 (11/POP-003793)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para rematar coa imposibilidade de emancipación da mocidade galega

[96788](#)**I 26770 (11/POP-003794)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a situación económica do sector lácteo

[96792](#)**I 26771 (11/POP-003795)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto da coexistencia entre a gandería extensiva e a protección do lobo

[96795](#)**I 26772 (11/POP-003796)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a solicitude por parte de Explotaciones Gallegas, S. L., do Proxecto de planta de tratamento de auga no Vieiro, que afecta os concellos do Pino e Touro

[96801](#)**I 26775 (11/POP-003797)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o balance por parte da Xunta de Galicia das accións que desenvolveu o Centro Tecnolóxico do Mar desde a súa creación

[96804](#)**I 26777 (11/POP-003798)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o orzamento de produtos pesqueiros e da acuicultura total destinado en 2021 polo Goberno galego ás empresas de transformación polas perdas de ingresos provocadas pola covid-19

[96807](#)**I 26779 (11/POP-003799)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre orzamento total destinado aos novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro

[96810](#)

I 26781 (11/POP-003800)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre as actividades desenvoltras en 2021 do proxecto Pasaporte REMA (Rede de espazos museísticos atlánticos)

[96813](#)**I 26783 (11/POP-003801)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o orzamento que Portos de Galicia destinou ao Plan de renovación de elementos de seguridade das dársenas

[96815](#)**I 26785 (11/POP-003802)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento da Orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca dende o ano 2016

[96817](#)**I 26787 (11/POP-003803)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia

[96820](#)**I 26789 (11/POP-003804)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego co obxecto de superar as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

[96822](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Resolución da Presidencia, do 10 de xaneiro de 2022, en relación coas iniciativas parlamentarias que se citan

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 26944 (11/PNP-002408)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 14 máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao

- 27111 (11/PNP-002409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en materia de políticas de emprego

- 27220 (11/PNP-002417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 17 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para mellorar a inclusión social en Galicia

- 27257 (11/PNP-002423)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria a toda a poboación

Admisión a trámite e publicación

- 26552 (11/PNP-002393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar no ano 2021 o proxecto de dragaxe do río Lérez, así como un estudo e unha proposta para a retirada e o tratamento en terra dos lodos



- 26596 (11/PNP-002394)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para que atenda a vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia coma polo Congreso dos Deputados e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023

- 26611 (11/PNP-002395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos plans de recuperación e conservación das especies ameazadas de Galicia

- 26645 (11/PNP-002396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar a tramitación do parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade, e a elaboración dunha planificación do sector eólico respectuosa co medio e que responda aos intereses da veciñanza do rural

- 26884 (11/PNP-002398)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o sistema de rastrexo de persoas positivas pola covid-19 e os seus contactos

- 26895 (11/PNP-002399)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Goberno central para acadar a participación do sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento dunha transición enerxética xusta para formular unha proposta homoxénea no nivel de prezos e impositivo do combustible

- 26916 (11/PNP-002400)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para paralizar cautelarmente o proxecto do parque eólico de Vilartoxo, nos concellos da Baña e Val do Dubra, para evitar a destrución dunha zona de grande valor natural, cultural e paisaxístico

- 26928 (11/PNP-002401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a implantación da educación ambiental nos plans de estudo



- 26941 (11/PNP-002402)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para publicar os datos estatísticos sobre contratos públicos adxudicados

- 26983 (11/PNP-002403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para informar a veciñanza afectada polo futuro parque eólico dos Cotos

- 27007 (11/PNP-002404)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas previsións respecto das condicións para a declaración da renda do exercicio 2021, as actuacións que debe impulsar a Xunta e as que debe demandar do Estado

- 27013 (11/PNP-002405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar a perda de emprego por peches e deslocalizacións das empresas do sector eólico

- 27022 (11/PNP-002406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para defender a soberanía financeira e política de Galicia

- 27054 (11/PNP-002407)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para establecer unha canle interna de denuncias de corrupción na Administración autonómica galega e entidades dependentes, e o establecemento das garantías necesarias para a protección dos informantes

- 27146 (11/PNP-002410)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reforzar a atención primaria en catorce concellos da área sanitaria de Vigo aos que se lles vén de restrinxir

- 27162 (11/PNP-002411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis



Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ante o Goberno do Estado para mellorar os servizos ferroviarios de media distancia e proximidade

- 27164 (11/PNP-002412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o fomento da cría de garranos nas serras de Galicia

- 27178 (11/PNP-002413)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a dotación de persoal no punto de atención continuada de Caldas

- 27183 (11/PNP-002414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ante o Concello de Betanzos para desenvolver o plan de actividades de celebración do Ano Antolín Faraldo

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 27115 (11/INT-001391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as políticas de emprego da Xunta de Galicia

- 27224 (11/INT-001396)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 17 máis

Sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galicia

- 27255 (11/INT-001399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a decisión de restrinxir a atención sanitaria en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo e as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria a toda a poboación



Admisión da corrección e publicación

- 26881-26842 (11/INT-001381)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre a xestión da atención primaria
BOPG nº 250, do 03.01.2022

A Mesa admite a trámite a corrección formulada no doc. núm. 26881

Admisión a trámite e publicación

- 26609 (11/INT-001380)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación e a conservación das especies ameazadas de Galicia

- 26882 (11/INT-001382)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria
Sobre o sistema de rastrexo de persoas positivas pola covid-19 e os seus contactos

- 26917 (11/INT-001383)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a política do Goberno galego respecto dos parque eólicos

- 26925 (11/INT-001384)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da educación ambiental

- 26931 (11/INT-001385)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a política do Goberno galego respecto da apertura de expedientes administrativos

- 26939 (11/INT-001386)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos

- 27011 (11/INT-001387)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis



Sobre a política da Xunta de Galicia respecto das condicións para a declaración da renda

- 27017 (11/INT-001388)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto do sector eólico

- 27026 (11/INT-001389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a soberanía financeira e política de Galicia

- 27061 (11/INT-001390)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da protección de denunciante de corrupción

- 27148 (11/INT-001392)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria

- 27168 (11/INT-001393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da cría de garranos

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, e publicación

- 27116 (11/POP-003903)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das políticas de emprego implementadas nos doce últimos anos especialmente respecto das mulleres e a xente moza

- 27259 (11/POP-003949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e 18 máis

Sobre as medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia para garantir a atención sanitaria a todas as persoas adscritas aos centros de saúde que teñen a atención restrinxida aos caos urxentes e aos doentes de covid-19



Admisión a trámite e publicación

- 26539 (11/POP-003718)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a exclusión do xornal *Nós Diario* da convocatoria de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2021

- 26543 (11/POP-003719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a recuperación da casa de Rosalía de Castro na cidade da Coruña

- 26548 (11/POP-003720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a situación en que se atopan a cidade e a provincia de Lugo en materia ferroviaria e as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia ao respecto

- 26555 (11/POP-003722)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os efectos que producirá o recente acordo na mellora das condicións de traballo do persoal das fundacións de investigación sanitaria nos proxectos que se están a traballar actualmente

- 26557 (11/POP-003723)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia sobre a aplicación do proxecto *Blood* na Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos

- 26559 (11/POP-003724)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 en desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia

- 26563 (11/POP-003725)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as vantaxes que para o paciente supón a posta en marcha do Plan de asistencia á anafilaxia en Galicia: Código anafilaxia

- 26567 (11/POP-003726)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia de próximas actuacións de mellora nos centros de atención primaria de Santiago de Compostela

- 26569 (11/POP-003727)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre as accións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma Telea

- 26571 (11/POP-003728)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os resultados que espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiados polo programa Traslaciona covid-19

- 26573 (11/POP-003729)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 5 máis

Sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia en relación coa homoxeneización das unidades de Mama en todas as áreas sanitarias galegas e a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías

- 26575 (11/POP-003730)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 7 máis

Sobre os próximos pasos previstos respecto das actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense

- 26579 (11/POP-003731)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación da Rede Natura

- 26581 (11/POP-003732)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o grao de desenvolvemento da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas

- 26582 (11/POP-003733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da existencia de demoras de máis de seis meses para casos de graves padecementos, como o caso sucedido en Lugo coñecido a través dos medios de comunicación



- 26586 (11/POP-003734)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e 6 máis

Sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública

- 26589 (11/POP-003735)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 6 máis

Sobre os avances das diferentes infraestruturas sanitarias cuxa execución ten encomendada a Axencia Galega de Infraestruturas

- 26591 (11/POP-003736)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación dos horarios e os custos das liñas de transporte público do alumnado dalgunhas parroquias dos concello de Outes e Muros, para acudir aos seus centros de ensino

- 26594 (11/POP-003737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o contido do convenio asinado coa Asociación Galega de Orquestras e a Asociación de Empresas de Verbena de Galicia para a realización de sete festivais de orquestras

- 26595 (11/POP-003738)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Torrado Quintela, Julio

Sobre as dificultades que teñen as persoas doentes para conseguir cita no Servizo de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

- 26599 (11/POP-003739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das medidas impulsadas para minimizar o risco de posibles asolagamentos nas diferentes áreas con maior risco potencial significativo de inundacións

- 26601 (11/POP-003740)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galicia

- 26602 (11/POP-003741)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as medidas e actuacións que se realizaron no marco do Programa de inspeccións en pontes, obras de paso, muros e noiros que vén aplicando o Goberno galego nas estradas da súa titularidade



- 26604 (11/POP-003742)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a situación actual do mapa da intermodalidade nas principais cidades galegas

- 26613 (11/POP-003743)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra

Sobre as razóns do Goberno galego para non aprobar os plans de recuperación e conservación de cento noventa e seis especies ameazadas de Galicia

- 26621 (11/POP-003744)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto do bono turístico #Quedamosengalicia como ferramenta de estímulo e apoio ao sector turístico, e as principais novidades da edición do 2021 verbo do ano anterior

- 26628 (11/POP-003745)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a aposta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para seguir a avanzar na mellora da formación profesional en Galicia nos vindeiros cursos

- 26632 (11/POP-003746)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre os avances alcanzados no proceso de elaboración da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 e os principais resultados do traballo realizado

- 26635 (11/POP-003747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e 6 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto do plan de choque aprobado polo Goberno para mitigar o impacto da escalada do prezo da electricidade

- 26642 (11/POP-003748)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a situación en que se encontra a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da Lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica de educación para a súa aplicación en Galicia

- 26648 (11/POP-003749)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade



- 26653 (11/POP-003750)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre o desenvolvemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade das medidas previstas na Estratexia de educación dixital 2030

- 26660 (11/POP-003751)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre o estado en que se encontra o proxecto do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional de Ourense en canto a funcionamento e contidos

- 26663 (11/POP-003752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a política estratéxica que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade prevé seguir en relación coa atención á diversidade e a inclusión no ensino

- 26668 (11/POP-003753)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a aplicación do Protocolo para a prevención e a erradicación das situacións de acoso laboral e discriminación no persoal da Xunta de Galicia

- 26670 (11/POP-003754)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a protección do patrimonio arqueolóxico de Celanova

- 26671 (11/POP-003755)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a renovación do órgano máximo de goberno do Poder Xudicial e o nomeamento do Poder Xudicial en Galicia

- 26675 (11/POP-003756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre os sobrecustos na adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo

- 26678 (11/POP-003757)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

sobre o servizo postal no concello de Pontedeva e límites da provincia de Ourense



- 26681 (11/POP-003758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o desenvolvemento do corpo galego de policía

- 26685 (11/POP-003759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os impedimentos da Xunta de Galicia ao control parlamentario da acción de goberno

- 26690 (11/POP-003760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza

- 26692 (11/POP-003761)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015

- 26694 (11/POP-003762)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre as razóns da extraordinaria demora na resolución da convocatoria das axudas do programa Galicia Emprende e as súas consecuencias

- 26695 (11/POP-003763)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a conectividade dos concellos galegos e as súas consecuencias na concesión de axudas e subvencións da Xunta de Galicia

- 26696 (11/POP-003764)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o abastecemento de auga potable no concello da Merca

- 26697 (11/POP-003765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a planta xudicial en Galicia

- 26698 (11/POP-003766)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Bará Torres, Xosé Luís



Sobre a elaboración e a aprobación inicial da relación de postos de traballo da Administración de xustiza en Galicia

- 26699 (11/POP-003767)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o Xulgado de Familia do Partido Xudicial de Ourense

- 26700 (11/POP-003768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis

Sobre o establecemento dun sistema de garda de vinte e catro horas nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña

- 26701 (11/POP-003769)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre o control das residencias de maiores de Ourense

- 26702 (11/POP-003770)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense

- 26703 (11/POP-003771)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a crítica situación que atravesa o estaleiro Barreras e o perigo de desmantelamento da empresa

- 26706 (11/POP-003772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a necesidade de axilizar os procedementos necesarios para reiniciar a actividade naval nas instalacións do antigo estaleiro Vulcano

- 26709 (11/POP-003773)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación e o futuro do sector da automoción en Vigo e Galicia

- 26713 (11/POP-003774)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación



- 26714 (11/POP-003775)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a rexeneración ambiental, a mellora do saneamento e a depuración da foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán

- 26715 (11/POP-003776)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a rexeneración ambiental, a mellora do saneamento e a depuración da foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán

- 26717 (11/POP-003777)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a situación do estaleiro Barreras, de Vigo

- 26719 (11/POP-003778)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a implantación dunha plataforma de venda "online" galega

- 26721 (11/POP-003779)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o cumprimento do contrato de urbanización e construción de vinte e sete vivendas de promoción pública no concello de Vilamarín e a reparación dos vicios construtivos denunciados

- 26722 (11/POP-003780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre os proxectos e os contratos realizados para a construción dunha residencia de maiores na cidade de Ourense

- 26723 (11/POP-003781)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a información e o asesoramento ás persoas prexudicadas polas tarxetas Revolving

- 26724 (11/POP-003782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a reparación e o mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense

- 26726 (11/POP-003783)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis



Sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense

- 26727 (11/POP-003784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o control do destino das transferencias realizadas á Deputación de Ourense

- 26728 (11/POP-003785)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a conservación e a rehabilitación do espazo de valor cultural e etnográfico na aira da Uxeira, en Loiro, no concello de Bardadás

- 26729 (11/POP-003786)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a elaboración dun plan director para o Macizo Central de Ourense

- 26730 (11/POP-003787)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a instalación dunha central hidráulica reversible nos encoros das Conchas e Salas

- 26732 (11/POP-003788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os efectos na xustiza de Galicia da eventual aprobación da lei de eficiencia organizativa do servizo público da xustiza

- 26733 (11/POP-003789)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do sistema de financiamento do Sistema universitario de Galicia

- 26735 (11/POP-003790)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as liñas de traballo para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia

- 26764 (11/POP-003791)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre os beneficios que reporta para a dixitalización do sector primario a aplicación Fortra



- 26765 (11/POP-003792)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre os instrumentos que ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para reforzar o modelo de innovación aberta que se está a impulsar desde hai algúns anos

- 26769 (11/POP-003793)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para rematar coa imposibilidade de emancipación da mocidade galega

- 26770 (11/POP-003794)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a situación económica do sector lácteo

- 26771 (11/POP-003795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da coexistencia entre a gandería extensiva e a protección do lobo

- 26772 (11/POP-003796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a solicitude por parte de Explotaciones Gallegas, S. L., do Proxecto de planta de tratamento de auga no Vieiro, que afecta os concellos do Pino e Touro

- 26775 (11/POP-003797)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance por parte da Xunta de Galicia das accións que desenvolveu o Centro Tecnolóxico do Mar desde a súa creación

- 26777 (11/POP-003798)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento de produtos pesqueiros e da acuicultura total destinado en 2021 polo Goberno galego ás empresas de transformación polas perdas de ingresos provocadas pola covid-19

- 26779 (11/POP-003799)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre orzamento total destinado aos novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro



- 26781 (11/POP-003800)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actividades desenvoltras en 2021 do proxecto Pasaporte REMA (Rede de espazos museísticos atlánticos)

- 26783 (11/POP-003801)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento que Portos de Galicia destinou ao Plan de renovación de elementos de seguridade das dársenas

- 26785 (11/POP-003802)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego do desenvolvemento da Orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca dende o ano 2016

- 26787 (11/POP-003803)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia

- 26789 (11/POP-003804)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego co obxecto de superar as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Ramón Carballo Páez, Raquel Arias Rodríguez, María Encarnación Amigo Díaz, Carlos Gómez Salgado e Jesús Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, para a súa tramitación polo procedemento de urxencia

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia adopte unha posición canto antes sobre esta cuestión

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a paralización da produción de aluminio primario na planta de Alcoa San Cibrao durante dous anos non é boa noticia para a Mariña de Lugo, e evidencia as consecuencias dunha política enerxética do Goberno de España totalmente equivocada, que está xerando o desmantelamento de tecido industrial e empresarial, afectando de maneira especial a Galicia e a determinadas comarcas, como esta, polo peso específico que teñen na economía e no emprego as grandes empresas electrointensivas.

Segundo o Barómetro Enerxético de publicado por AEGE, ó prezo eléctrico final que paga a industria electrointensiva en España sitúase, nesta semana, en 121,19€/MWh, mentres que as súas competidoras pagan menos da metade en Francia, 50,90 €/MWh, e un 42% menos en Alemaña, 85,33€/MWh). Para entender o impacto que ten este sobrecusto en empresas siderúrxicas, metalúrxicas e químicas, entre outras, basta con recordar que a enerxía pode chegar a supoñer o 60% dos costes totais.

Polo tanto, é momento de que Goberno de España e Alcoa se impliquen realmente para reactivar as cubas canto antes - se é en 2022 mellor que en 2024 – adoptando as medias necesarias para poder contar cun prezo eléctrico competitivo e levar a cabo os investimentos comprometidos para reactivar a única planta en España que produce aluminio primario..



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Demandar un compromiso claro por parte do Goberno de España e de Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico en todas as reunións da comisión de seguimento constituída tras o acordo acadado entre a empresa e os traballadores, como departamento responsable de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da produción de aluminio primario.
- 2) Seguir traballando co mesmo espírito construtivo ao lado dos traballadores e achegando os apoios necesarios.
- 3) Adoptar as medidas oportunas para considerar como iniciativas empresariais prioritarias os proxectos regulados na Lei 8/2009, de 22 de decembro, que contén con permiso de acceso e conexión firme e vixente, cuxos promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo, garantindo polo menos o 50% do consumo de enerxía, cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial no territorio da Comunidade Autónoma galega, vinculando estes proxectos ao centro de traballo determinado do que se trate.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/12/2021 20:24:29

José Manuel Balseiro Orol na data 30/12/2021 20:24:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 30/12/2021 20:25:04

María Elena Candia López na data 30/12/2021 20:25:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 30/12/2021 20:25:28

Marta Nóvoa Iglesias na data 30/12/2021 20:25:37

Cristina Sanz Arias na data 30/12/2021 20:26:06

Borja Vereza Fraiz na data 30/12/2021 20:26:16

José Antonio Armada Pérez na data 30/12/2021 20:26:30

Pardo López, Adrián na data 30/12/2021 20:26:49

Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/12/2021 20:27:09

Ramón Carballo Páez na data 30/12/2021 20:27:33

Raquel Arias Rodríguez na data 30/12/2021 20:27:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/12/2021 20:28:00

Gómez Salgado, Carlos na data 30/12/2021 20:28:14

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 30/12/2021 20:28:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os datos de desemprego nos meses de setembro a decembro, asociados á situación socioeconómica e mercado de traballo na Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante das políticas de emprego da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise dos datos de desemprego dos meses de setembro, outubro e novembro amosaron de forma meridiana o feble que é o tecido económico e laboral da Galiza e o inestábel do mercado de traballo galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos meses de setembro e outubro incrementouse o número de persoas desempregadas no noso país, rompendo a tendencia positiva que se observaba no resto do Estado, onde se xerou emprego e a recuperación é máis constante.

No mes de novembro, se ben houbo un lixeiro descenso do número de persoas rexistradas como paradas no SEPE (-0,84% en relación ao mes anterior), neste mesmo período a media de descenso do paro a nivel do Estado foi tres veces superior.

Lixeiro descenso na Galiza que ten a súa razón de ser na elevada temporalidade. Temporalidade que constitúe outro dos problemas recorrentes do emprego no noso país, intimamente relacionada cunha excesiva dependencia do sector servizos, como amosa o feito que nese mes a maior baixada do desemprego se producise, precisamente, nese sector (do total de novos contratos rexistrados neste mes, o 87% estaban relacionados co sector servizos e o 86% da contratación foi temporal).

Segundo datos do Ministerio de Traballo, Galiza conclúe 2021 con menos desempregados que no 2020, pero ese descenso é inferior á media do Estado, e no caso do mes de decembro, o desemprego baixou no noso país en 163 persoas respecto ao mes anterior, pero unha vez máis, esa baixada está moito por debaixo da media estatal (un 0,11% fronte ao 2,41%).

Unha vez máis, a actividade onde máis diminúe o desemprego é no sector servizos; e no relativo á contratación, aumentou respecto ao 2020 pero está por debaixo dos contratos asinados no 2019, último ano completo de normalidade pre-pandémica.

Predominio da contratación temporal e parcial; dependencia dos ciclos estacionais; dependencia do sector servizos fronte a un retroceso do emprego asociado á industria, en crise constante no noso país, son algunhas dos problemas estruturais do noso mercado de traballo, que non foron atallados polas políticas de emprego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implementadas pola Xunta de Galiza nos últimos doce anos de goberno do Partido Popular.

Como ineficaces se amosaron esa políticas para corrixir a precaria situación de milleiros de mulleres e mozos e mozas dentro do mercado laboral galego, como se desprende do datos da enquisa de poboación activa (EPA) publicada fai unhas semanas. A fenda salarial, a feminización de determinadas actividades, a precarización ou a falla de oportunidades seguen a afectar á xente moza e á metade da poboación deste país en idade de traballar.

E de fondo, como coadxuvantes necesarios desta situación, unhas reformas laborais do 2010 e do 2012, lesivas para a crase traballadora galega, que só serviron para aumentar a precariedade laboral e impediron a creación de emprego estábel e de calidade en sectores estratéxicos como é o industrial.

Lesividade desas reformas que non se ve corrixida pola “non reforma laboral” anunciada coma un fito dende o goberno central, pero que deixa incólumes aspectos tan negativos como a flexibilización (por barato e unilateral) do despido, o poder case absoluto das empresas para decidir unilateralmente sobre modificacións substanciais das condicións de traballo ou descolgues salariais. Ou mesmo a prevalencia dos convenios estatais que impiden un marco propio de relacións laborais articulado a medio convenios autonómicos ou provinciais. Así como que sigan a prevalecer os convenios de empresa sobre os do sector, relativizando unha posíbel subida dos salarios. Aspectos todos eles negativos para a clase traballadora galega, que deberían mudarse durante a tramitación parlamentaria que se dará nas próximas semanas no Congreso dos Deputados.

Ante esta situación, o goberno galego, dentro das súas competencias, debe adoptar medidas efectivas e de calado que corrixan problemas estruturais do noso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mercado laboral, que supoñan avances significativos para as maiorías sociais deste país e, en concreto, atallen a precaria situación laboral de mulleres e mozos galegas. Así como esixir do Estado a derogación das reformas laborais do 2010 e 2012 que tanto dano lle fixeron á clase traballadora galega.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Mudar profundamente as políticas de emprego ante a ineficacia das implementadas nos doce últimos anos, para así rachar coa temporalidade na contratación e a precariedade laboral, ou a estacionalidade, priorizando a mellora da situación no mercado de traballo de mulleres e mozos.

2. Solicitar do Estado a derogación das reformas laborais acometidas nos anos 2010 e 2012, para recuperar dereitos laborais perdidos, e, en especial, a necesidade de autorización administrativa dos ERE.”

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Iria Carreira Pazos
Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/01/2022 12:13:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/01/2022 12:14:04

Mercedes Queixas Zas na data 05/01/2022 12:14:15

Rosana Pérez Fernández na data 05/01/2022 12:14:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/01/2022 12:14:33

Daniel Pérez López na data 05/01/2022 12:14:42

Iria Carreira Pazos na data 05/01/2022 12:14:51

Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2022 12:15:03

Daniel Castro García na data 05/01/2022 12:15:16

María del Carmen Aira Díaz na data 05/01/2022 12:15:25

Noa Presas Bergantiños na data 05/01/2022 12:15:34

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/01/2022 12:15:43

María González Albert na data 05/01/2022 12:15:51

Xosé Luis Bará Torres na data 05/01/2022 12:15:58

María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2022 12:16:07

Alexandra Fernández Gómez na data 05/01/2022 12:16:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/01/2022 12:16:25

María do Carme González Iglesias na data 05/01/2022 12:16:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 05/01/2022 12:16:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola importancia do asunto a tratar que atinxe persoas en situación de vulnerabilidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou o 26 de maio de 2021 que o “próximo trimestre” comezaría a tramitación da reforma da Lei de inclusión social de Galiza na que, dicía, “leva meses traballando”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rematou 2021 e nada máis se soubo da devandita reforma, alén dun novo anuncio que fixa para 2022 a proposta dunha nova normativa, en palabras do presidente da Xunta de Galiza no acto de presentación pública da Axenda Social Única.

O impulso dunha reforma da Lei de inclusión social de Galiza para a adaptar:

a) Á nova realidade normativa do Estado español, especialmente logo da creación do Ingreso Mínimo Vital (IMV). Cómpre lembrar que a RISGA é a día de hoxe incompatíbel con calquera outra prestación económica o que está a provocar graves prexuízos a persoas beneficiarias de ambas as dúas prestacións por mor das demoras na tramitación do IMV.

b) Á nova realidade socioeconómica. Actualmente o feito de ter un emprego (mesmo unha pensión de xubilación) non significa contar con ingresos suficientes que garantan condicións de vida dignas.

c) Ligado aos dous puntos anteriores, superar os déficits e problemáticas que carrega a RISGA desde a súa creación.

Estas mudanzas son unha demanda das entidades do terceiro sector de acción social e tamén do BNG. De feito, o anuncio da conselleira de Política Social de que a lexislación galega de 2013 se reformaría produciuse en resposta a unha pregunta formulada polo noso grupo logo de coñecerse as reclamacións económicas que a Xunta de Galiza estaba a dirixir a persoas usuarias da RISGA por incompatibilidade co IMV.

Porén, transcorrido case un ano, o Goberno galego non impulsou ningunha modificación legal e fala de que “previsiblemente” se producirá ao longo de 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar de maneira inmediata e en diálogo coas entidades sociais que traballan na loita contra a pobreza e a exclusión social, a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza contemplando, como mínimo, as seguintes cuestións:

1. A complementariedade da RISGA con outras prestacións económicas, tamén as pensións de xubilación.

2. A ampliación das persoas beneficiarias desta prestación económica incluíndo todas as persoas maiores de idade que non contan con ingresos suficientes para garantir unhas condicións de vida dignas.

3. A creación de dúas modalidades de prestación:

a) a renda mínima de inclusión social e laboral, dirixida a aquelas persoas que non dispoñan de ingresos procedentes de rendas do traballo e cuxo nivel de ingresos non chegue ao mínimo para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas. Esta prestación estará suxeita a un convenio de inclusión social e laboral.

b) a renda complementaria de ingresos do traballo, dirixida a aquelas persoas ou unidades de convivencia que, dispoñendo de ingresos procedentes do traballo, contan cun nivel mensual de ingresos insuficientes para facer fronte aos gastos asociados ás necesidades básicas.

4. A creación dunha prestación complementaria de vivenda, entendida como un complemento a calquera das modalidades anteriores dirixido a cubrir as necesidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

relacionadas coa vivenda ou aloxamento habitual das persoas titulares das devanditas prestacións.

5. A fixación das contías das prestacións económicas en función do Salario Mínimo Interprofesional (SMI).

Así mesmo, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para lle reclamar a transferencia a Galiza da xestión do Ingreso Mínimo Vital no presente ano, de acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real Decreto-lei 20/2020, de 29 de maio.”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 12:09:46

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 12:10:10

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 12:10:18

Rosana Pérez Fernández na data 10/01/2022 12:10:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 12:10:33

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 12:10:42

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 12:10:52

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 12:13:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 10/01/2022 12:14:04

María del Carmen Aira Díaz na data 10/01/2022 12:14:14

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 12:14:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2022 12:14:30

María González Albert na data 10/01/2022 12:14:38

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 12:14:45

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 12:14:53

Alexandra Fernández Gómez na data 10/01/2022 12:14:59

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2022 12:15:06

María do Carme González Iglesias na data 10/01/2022 12:15:13

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 12:15:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á necesidade de que a Xunta rectifique a decisión de restrinxir a atención sanitaria en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, e as medidas a tomar para garantir a atención sanitaria a toda a poboación.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación da atención primaria na área sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa decisión que ven de tomar a Xunta de Galiza de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a casos COVID e urxencias en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, que co mesmo criterio podería estender a centos ao longo de todo o país, certifica a situación de colapso na que se atopa a Atención primaria que levamos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xa non meses, senón anos denunciando, e que pretendeu agochar, creando un relato fraudulento de que eran problemas puntuais.

Unha decisión que non podemos máis que cualificar de inaceptábel porque:

- Significa deixar a miles de persoas sen dereito a asistencia sanitaria, con risco para a súa saúde, porque as patoloxías aínda que non sexan de gravidade precisan de atención para que non se agraven e porque a xente non pode aguantar durante días ou semanas, doentes crónicos que se poden descompensar: persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais... Non podemos volver aos diagnósticos tardíos.
- Só vai saturar aínda máis os PACs e os servizos de urxencias hospitalarias xa ou límite.
- Foi tomada sen sequera comunicarllo aos representantes dos traballadores, nunha nova mostra de desconsideración, falta de respecto, polo seu traballo e entrega.
- Chove sobre mollado, a situación da área sanitaria de Vigo, de novo á cabeza de Galiza en deterioro e falta de recursos.

A Atención primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario.

A Atención primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O PP ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

Esta situación non é sobrevida, imprevista, achacábel a esta sexta onda da pandemia, senón que é consecuencia das políticas sanitarias que o PP con Núñez Feixóo á fronte leva 12 anos aplicando.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha situación que a pandemia non fixo máis que aflorar con toda crueza. A improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Núñez Feixóo durante toda a pandemia volve pórse de manifesto.

A degradación progresiva da AP é a consecuencia das decisións políticas que foi tomando, baseada no desmantelamento da Sanidade Pública. 12 anos de recorte do orzamento, de xubilacións das/os profesionais sen proceder á súa substitución. Como exemplo entre 2012 e 2017 xubiláronse 331 médicos de Atención primaria e só se repuxeron 221, 110 menos en 5 anos, a partir de aí a Xunta deixou de facilitar datos, ao igual que de 175 xubilacións de pediatras só se repuxeron 96.

A previsión é que nos vindeiros catro anos se xubilen 400 médic@s de familia, arredor do 15% do cadro actual, sen que haxa ningunha garantía de relevo, na actualidade xa hai máis de 50 cupos sen cubrir.

Unha situación que vimos denunciando, advertindo do que ía acontecer, demandando medidas, topándonos, ao igual que os miles de persoas que se teñen mobilizado e os profesionais co muro do PP, que se ten negado a escoitar as voces de alarma.

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación.

Pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e escaseza de profesionais e a falta de perspectivas de mellora.

Profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben aos doentes, que marchan fora, á privada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou solicitan excedencias. Facultativos de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade nesta Atención primaria saturada.

Voces de alarma pola constatación de que este deterioro é terreo aboadado para o medre da sanidade privada.

O PP non só non toma nota, senón que moi ao contrario está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública para garantir o negocio da privada.

Algún exemplo para verificar esta constatación:

O primeiro é que cando sería precisa unha auténtica aposta pola Atención primaria para sacala do colapso no que se atopa, o orzamento para 2022 aínda é máis baixo que no ano 2021, 2 millóns de euros menos, 47 millóns de euros menos que no 2009, hai 12 anos, que de aplicarlle o IPC, serían máis de 277 millóns de euros menos.

O segundo é que non rectifica a súa política laboral de precariedade e temporalidade, senón que non fai máis que empeorar as condicións laborais das/dos profesionais. Obrigar aos profesionais a traballar sen descanso, intersubstitucións, prolongar xornada, non poder gozar de días libres, vacacións...)

O terceiro é non facer nada para reter @s profesionais que rematan a súa formación. Un estudo realizado por “precarios pola atención primaria” conclúe que dos médicos de familia que remataron o MIR de Familia e Comunitaria nos últimos 5 anos arredor de 400, só a metade están traballando en atención primaria, e o máis grave é que cada ano a porcentaxe baixa, porque optan por outras oportunidades laborais onde se lles valora e respecta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cuarto non tomar ningunha medida para aumentar os cadros de persoal con novas categorías, nin activar as carteiras de servizo para que cada categoría profesional poida actuar con autonomía e @s doentes acudir a cada un deles directamente.

Se falla a atención primaria, o fallo esténdese a todo o sistema. A este ritmo de deterioro estamos a un paso do colapso xeneralizado.

A necesidade de fortalecemento da atención primaria non permite máis demoras.

Teñen que deixar de botar balóns fóra, teñen que exercer de Goberno e tomar medidas, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Rectificar de inmediato a decisión de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a casos COVID e urxencias en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo (Navia, Nicolás Peña, Beiramar, Casco Vello, Matamá, O Rosal, A Guarda, Oia, O Porriño, Ponteareas, Tomiño, e Teis, Cangas e Moaña no horario de tarde) e poñer en marcha todas as medidas para garantir a atención sanitaria en canto o precisen a todas as persoas adscritas a estes centros de saúde.

2.- Cambiar o actual modelo fracasado de atención primaria por un baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación. Para acadar este obxectivo ínstase a tomar as seguintes medidas:

a) Aumentar o orzamento destinado á atención primaria até chegar ao 25%





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) Realizar no prazo máximo de seis meses un Plan de Ordenación de Recursos Humanos que permita coñecer a situación real do cadro de persoal e establecer, as ratios axeitadas para ofrecer unha calidade asistencial digna, rematar coa precariedade na contratación, e convocar a totalidade das prazas vacantes.

c) Rematar coa política de precariedade e explotación na contratación e posta en marcha dun plan de retorno e captación de profesionais, ofertando contratos dignos e estábeis, para evitar que sigan marchando profesionais ben cara a privada ou o estranxeiro.

d) Incorporación á Carteira de Servizos de atención primaria novas categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listas de espera: persoal de psicoloxía e farmacia clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, nutricionistas.

e) Poñer en funcionamento as carteiras de servizo de cada categoría profesional, que recoñezan o seu mapa de competencias e poidan traballar con autonomía e @s doentes poidan pedir cita directamente.

f) Contratar a tod@s @s profesionais precis@s para garantir a atención sen demoras ás persoas que precisan pórse en contacto cos centros de saúde tanto presencial como telefonicamente.

g) Facilitar o acceso a probas diagnósticas directamente.

h) Modificación do Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para:

-crear unha estrutura de xestión da atención primaria con capacidade de decisión,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-orzamentaria e de recursos humanos.

3.- Aprobar medidas que garantan a presenza e estabilidade de profesionais nas prazas de difícil cobertura:

- a) Elaboración dun catálogo no que se definan e cuantifiquen estas prazas
- b) Determinación do proceso de cobertura
- c) Medidas que recoñezan a labor dos profesionais nestas prazas: incentivos económicos, máis valor a servizos prestados...”

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 13:26:26

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 13:26:29

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 13:26:39

María do Carme González Iglesias na data 10/01/2022 13:26:49

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2022 13:26:59

Alexandra Fernández Gómez na data 10/01/2022 13:27:26

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 13:27:37

María González Albert na data 10/01/2022 13:27:45

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2022 13:27:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 13:28:07

María del Carmen Aira Díaz na data 10/01/2022 13:28:23

Daniel Castro García na data 10/01/2022 13:28:34

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 13:28:44

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 13:28:56

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 13:29:08

Rosana Pérez Fernández na data 10/01/2022 13:29:18

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 13:29:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 13:29:37

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 13:30:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de máis de 3 millóns de euros.

Despois de máis de 10 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta a Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O 27 de abril de 2021 a directora de Portos de Galicia reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de Arousa. Para o BNG esta declaración constitúe unha burla, unha provocación e un insulto a todas as institucións e entidades que levan una década demandando este





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de Pontevedra. En realidade, máis ben parece unha nova escusa do goberno galego para non facer un proxecto que leva sendo adiando desde fai máis de unha década.

Por todo isto, formúlase a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Impulsar no presente ano 2022 o proxecto de dragaxe do río Lérez, tomando como referencia o acordo parlamentar unánime de xuño de 2019.
2. En consecuencia co anterior, realizar durante o primeiro trimestre de 2022 un estudo e unha proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría.”

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 27/12/2021 12:28:25

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/12/2021 12:28:29

Xosé Luis Bará Torres na data 27/12/2021 12:28:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Borja Vereas Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrian Pardo López, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

O Xacobeo 21·22 debe ser un poderoso motor de recuperación socioeconómica para Galicia que aproveite os recursos de cada lugar para achegar riqueza a todo o territorio. Todo isto, impulsando a cohesión e primando a sustentabilidade, a excelencia, a calidade e a diversidade de públicos, factores que xa veñen caracterizando ao turismo galego dos últimos anos.

Para apoiar ao sector neste obxectivo, o 17 de marzo do 2021 a Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do Parlamento de Galicia acordou solicitar ao Goberno de España “a ampliación do programa de apoio ao Xacobeo 2021 mediante desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023”. Este texto contou cos votos favorables do PPdeG, do BNG e inexplicable abstención do PSdeG.

Uns meses despois, o 28 de setembro de 2021, debateuse a mesma iniciativa a instancias do Partido Popular na Comisión de facenda e función pública do Congreso dos Deputados e resultou aprobada, desta vez, co voto favorable do PSOE.

A pesar destes acordos o Goberno do Estado non incorporou a ampliación das desgravacións fiscais ao Xacobeo ao proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2022, e mesmo de xeito totalmente incomprensible o grupo socialista e mais os grupos políticos que apoian ao Goberno de Pedro Sánchez rexeitaron a emenda presentada neste senso polo Grupo Popular na tramitación parlamentaria dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022.

O Grupo Parlamentario Popular ten presentado a mesma emenda ao proxecto de lei pola que se modifican a Lei 38/1992, de 28 de decembro, de impostos especiais, a Lei 3 de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido e a Lei 9/2011, de 10 de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



maio, de taxas consulares, actualmente en tramitación na Comisión de Facenda e Función Pública do Congreso. Unha nova oportunidade na que esta demanda debe ser atendida.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:
Solicitar ao Goberno de España que atenda á vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia como polo Congreso dos Deputados, e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023”.

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/12/2021 13:44:45

Borja Vereza Fraiz na data 27/12/2021 13:45:02

Marta Nóvoa Iglesias na data 27/12/2021 13:45:18

Cristina Sanz Arias na data 27/12/2021 13:45:31

José Antonio Armada Pérez na data 27/12/2021 13:45:47

Rodríguez Pérez, Moisés na data 27/12/2021 13:46:12

Pardo López, Adrián na data 27/12/2021 13:46:19

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 13:46:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia aprobáronse os seguintes plans:

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da píllara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo transcorridos máis de 8 anos aínda non foi aprobado.

3. A Xunta de Galiza adxudicou outros plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que chegara a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. O que pode supoñer un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento do establecido na lexislación vixente.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Presentar no parlamento no primeiro semestre de 2022 un informe de avaliación e resultados dos plans de recuperación e conservación de especies ameazadas actualmente en vigor: sapoconcho común, escribenta das canaveiras e píllara das dunas.

2. Aprobar no prazo de tres meses a revisión do plan de conservación do oso pardo.

3. Aprobar os plans de conservación e recuperación de especies ameazadas que aínda non contan con este instrumento de xestión, comezando por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aqueles plans que xa foron adxudicados e somenténdoos á necesaria revisión
dado o tempo transcorrido desde a súa realización.”

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 10:04:51

Alexandra Fernández Gómez na data 28/12/2021 10:04:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O pasado 23 de decembro de 2021 publicouse no DOG a Resolución do 15 de decembro de 2021 pola que se somete a información pública o parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade. Este acto administrativo é consecuencia do acordo do Consello da Xunta do 21 de outubro de 2021 polo que se declara o citado parque eólico “iniciativa empresarial prioritaria” e do acordo do 25 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética, polo que se acorda a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes, coa conseguinte redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O primeiro que chama poderosamente a atención é a data na que se somete a información pública o proxecto, en pleno nadal, e cun prazo de só quince días para a presentación de alegacións. Todo parece indicar que se trata dunha artimaña para limitar e dificultar a participación pública, xa que estamos a falar de documentos técnicos moi complexos, que suman en total máis de 3.000 páxinas. Unha participación que ademais resulta moito máis difícil nun contexto de pandemia e polo tanto de restricións nas reunións públicas e no acceso e consulta presencial da documentación.

Resulta chamativo que durante os dous meses transcorridos desde a declaración de “iniciativa empresarial prioritaria” e da aprobación da tramitación de urxencia se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oculte a información á veciñanza afectada, e despois se impoña un prazo extremadamente breve para a información pública. Todo isto forma parte dun “modus operandi” da Xunta para favorecer os intereses empresariais, facilitar a tramitación dos proxectos, e dificultar a participación da veciñanza.

2. Con respecto ao proxecto, o parque dos Cotos ten unha poligonal de centos de hectáreas nas parroquias de Viascón, Carballedo, Rebordelo, Loureiro, Borela e Augasantas (concello de Cerdedo-Cotobade). Ten unha potencia total de 30 MW, con 6 aeroxeradores de 5 MW, e unha altura total duns 200 m sumando a envergadura do fuste e das aspas. Ademais, inclúe a construción dunha subestación, unha liña de media tensión, e grandes explanacións do terreo para o acceso e construción do parque.

A maiores, prevese a construción dunha liña de alta tensión através dos concellos de Ponte Caldelas e Pontevedra até a subestación eléctrica de Ponte Sampaio.

3. Trátase a todas luces dun proxecto aberrante polas súas dimensións e polo xeito de tramitación, de costas ás comunidades locais e á veciñanza das zonas afectadas. Na práctica constitúe un proxecto de industrialización do monte, que responde a un modelo agresivo, depredador dos recursos naturais, que favorece os intereses lucrativos das empresas promotoras e que vai causar graves perxuizos no territorio: na paisaxe, nos usos tradicionais do medio, nos recursos hídricos e mananciais de abastecemento de auga, no valor do chan incluído na poligonal, nas expectativas como zona residencial ou turística, e na calidade de vida da veciñanza, que se verá afectada polo ruído, a intrusión visual, a contaminación lumínica ou o efecto sombra.

4. Tal e como se está a levar a cabo, e como se pon de manifesto neste proxecto, o actual modelo de desenvolvemento eólico promovido pola Xunta de Galiza constitúe un ataque ao país, ao territorio, ás persoas que viven no rural e ás garantías democráticas fundamentais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Numerosos informes e estudos de diversas entidades cuestionan a planificación e o desenvolvemento do sector eólico que está a impoñer a Xunta. Organizacións ecoloxistas, concellos, comunidades de montes, organizacións agrarias, plataformas veciñais, o Observatorio Eólico Galego (UVigo) e o Consello da Cultura Galega, entre outras entidades, advirten das eivas, das carencias e das consecuencias negativas deste modelo e reclaman a súa paralización, así como a apertura dun proceso de diálogo e participación para a elaboración dunha nova planificación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a paralizar a tramitación do parque eólico dos Cotos, en Cerdedo-Cotobade, e a abrir un proceso de participación e diálogo para a elaboración dunha nova planificación do sector eólico respectuosa co medio e coas comunidades locais, xusta, social, sustentábel, e que responda aos intereses do noso país e da veciñanza do rural.”

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Noa Presas Bergantiños

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 13:03:38

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/12/2021 13:03:49

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 13:03:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid 19 e os seus contactos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante dunha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo a causa da Covid 19, o que se precisa é que o Goberno asuma responsabilidades e tome as medidas precisas, o mellor plan de continxencia para evitar o incremento de casos é a prevención e a contención.

Se en algo hai unanimidade é en que na loita contra a COVID-19 é vital actuar con rapidez, detectar persoas positivas, identificalas, illalas e facer rastrexo de contactos, sobre todo diante dunha situación de extrema gravidade como a actual cunha evidente transmisión comunitaria, onde unha porcentaxe moi elevada dos contaxios non teñen orixe coñecida, é preciso tomar as medidas axeitadas.

Facer ben esa labor é fundamental para parar a cadea de contaxios. Non se pode parar a pandemia se non se sabe onde está o virus, a clave é ser proactivxs, planificar, anticiparse... para ir por diante do virus e non por detrás.

Por iso dende o BNG queremos mostrar a nosa preocupación coa xestión que a Xunta está a realizar no rastrexo de positivos, máis destinada ao titular de prensa e non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para solucionar o problema, caracterizada pola improvisación e o comportamento errático, que poñen en risco a saúde e a vida das galegas e galegos.

Estamos nunha situación explosiva de contaxios e cunha transmisión comunitaria descontrolada, e lamentamos que de novo non se tivera preparado o dispositivo con anticipación, malia existir a certeza de que unha nova onda de contaxios se ía producir. A variante Ómicron está presente en Galiza desde principios de novembro, e sábese da súa altísima capacidade de contaxio e propagación.

Neste contexto vimos de coñecer que a empresa á que a Xunta lle ten adxudicado o servizo de rastrexo publicou neste mes de decembro dous anuncios para a contratación de persoal “debido á alta incidencia de contaxios e a necesidade de incrementar de forma urxente os servizos de teleoperadores/as para traballar no proxecto Rastrexadores Covid”. Ofertan un contrato de fin de semana, por un mes, cun salario bruto que apenas supera os sete euros a hora e unha formación de catro horas no primeiro caso e de seis horas no segundo. Os requisitos son persoal moi empático, capaz de identificar como doentes cada unha das chamadas, habilidade para descubrir información, gran xestión da emoción, que saiba manter a calma ante situacións de estrés...

Estas “ofertas de traballo” precario e mal pagado son un claro espello da improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Núñez feixó durante toda a pandemia e que volve pórse de manifesto.

Consideramos necesario que por parte da Xunta se facilite toda a información a respecto sistema de rastrexo, e por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Presentar un informe no Parlamento Galego co funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid 19 e contactos desde o inicio da pandemia (orzamento, número de persoas e situación laboral, tipo de contrato e duración, coordinación con atención primaria, preventiva...

2.- Activar un sistema de rastrexo propio, áxil, eficaz e eficientes co número de persoas suficiente para levalo a cabo, con formación e con contratos dignos.”

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 11:32:55

María Montserrat Prado Cores na data 30/12/2021 11:32:59

Olalla Rodil Fernández na data 30/12/2021 11:33:07



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia é consciente de que un dos retos fundamentais e claves no futuro do cuarto sector da economía é o de avanzar cara a unha produción de alimentos pesqueiros neutra en carbono.

Un reto importante porque, a pesar de ter unha menor pegada de carbono con respecto á consecución doutras proteínas, de que o mar é un sumidoiro de carbono clave no planeta, e de que sofre os efectos do cambio climático (como na variación da distribución das especies), a sociedade demanda avances na consecución dunha transición enerxética sostible, competitiva e asumible.

É importante por canto o combustible ten un carácter vital na realización da actividade, sendo un elemento crave nos custos e máis dado que o prezo elevouse un 45% desde principios de ano e un 120% desde maio de 2020.

É importante por canto a evolución do sector pasa por esa transición enerxética, na que se deben aproveitar todas as alternativas de apoio, fundamentalmente os fondos Next Generation, onde, na área da industria marítimo-pesqueira, expuxéronse sete iniciativas empresariais que supoñen un investimento de máis de 550 M€ e a creación de 1.000 postos de traballo. De feito, dúas delas envórcanse coa definición e a implantación de proxectos neste área.

E é importante por canto se demanda ao Goberno Central que conte co sector nos apoios que se presten ao proceso de descarbonización; cuestión que levou a solicitarlle a súa inclusión na "Folla de ruta do hidróxeno: Unha aposta polo hidróxeno renovable".

Galicia quere atender á demanda da descarbonización e aplicar a transición enerxética dunha forma xusta, equilibrada e asumible. É por iso que vai acometer todas as actuacións que sexan necesarias para abordar a loita contra o cambio climático, atendendo, de forma particular no caso do sector marítimo-pesqueiro, a dúas cuestións: a secuencia das accións para que o sector dispoña da marxe acaída para a súa realización e o equilibrio global das mesmas para que o sector non se vexa



inxustamente trabado na súa competitividade, nun exercicio da aplicación correcta do level playing field.

Para iso débese analizar ben a interrelación desta liña de acción con outras cuestións como a capacidade da frota, de forma que se flexibilice a normativa para dispoñer de buques adecuados ás novas tecnoloxías e combustibles, e o mantemento do marco equitativo de competencia, xa que este sector non pode ser o único en asumir economicamente esta demanda socio-ambiental.

Como paradigma vinculado a esta demanda estaría a posible eliminación dos subsidios aos combustibles no marco da Organización Mundial do Comercio. É unha proposta especialmente inxusta para a frota de pesca costeira artesanal e que pode ser infausta para Galicia, por canto non valora adecuadamente o baixo impacto que a obtención de proteína mariña ten a través da pesca e a sería desvantaxe que pode orixinar para as frotas que cumpran coas normas, profundando no desequilibrio con outras que non o fan.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Que asegure a participación do sector marítimo-pesqueiro no desenvolvemento dunha folla de ruta tendente a unha transición enerxética xusta, equilibrada e asumible.
2. Que defenda ante a Organización Mundial do Comercio a formulación dunha proposta homoxénea no nivel de prezos e impositivo do combustible, antes de proceder á retirada dos subsidios ou bonificacións.”

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 30/12/2021 12:26:04

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 12:26:22

José Manuel Balseiro Orol na data 30/12/2021 12:26:31

Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 12:26:44

Ana Belén García Vidal na data 30/12/2021 12:26:54

Manuel Santos Costa na data 30/12/2021 12:27:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2021 12:27:16

Daniel Vega Pérez na data 30/12/2021 12:27:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Iria Carreira Pazos** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos estamos asistindo no noso País a unha verdadeira invasión de parques eólicos. Baixo a premisa da xeración de enerxía sustentable, estanse a presentar proxectos para a construcións de novos parques eólicos de xeito masivo e indiscriminado. Esta situación ademais vese favorecida por unha normativa obsoleta e permisiva coas grandes empresas, o que provoca que a poboación se atope nunha situación de indefensión e en desigualdade de condicións á hora de contestar a estas grandes corporacións multinacionais.

A comarca de Compostela atópase rodeada por multitude destes proxectos que ameazan de xeito flagrante ao medio rural e á xente que vive alí e da explotación deste medio. É o caso do que está a suceder co parque eólico de Vilartoxo, de 27MWm_j, proxectado no concello de Val do Dubra e que supón unha ameaza para a poboación de varias parroquias deste concello. Este parque eólico, promovido pola empresa Green Capital Power, viría a provocar unha importante catástrofe natural e paisaxística, tanto polo seu impacto a nivel de superficie, mais sen dúbida polas consecuencias que tería tamén sobre as augas do subsolo. Por unha banda, esta zona conta cun importante afloramento de mananciais que se verían afectados no caso de efectivizarse o proxecto, ademais de existiren numerosas captacións de auga que abastecen ás aldeas que non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dispoñen de traída de auga municipal. Por outra banda, este parque suporía a afectación severa e prexuízos irreversibles para humidais, brañas, diversos leitos innominados e fontes. Estas consecuencias tamén implicarían unha afectación do patrimonio cultural, ao atoparse na zona varios elementos de especial protección como mámoas, túmulos e un petróglifo, algúns deles aínda sen catalogar, pero de grande importancia arqueolóxica.

A maiores destas afectacións, non se pode obviar que os parques eólicos proxectados nesta zona suporían un freo ao desenvolvemento económico e social da localidade e do conxunto da comarca, ao limitar o aproveitamento agrogandeiro que se podería dar (non se pode obviar a importancia que o sector primario ten na economía local), mais tamén outros coma o cultural ou incluso o turístico atendendo ao valor arqueolóxico e paisaxístico da contorna.

Ademais dos inconvenientes sinalados, no caso do parque eólico de Vilartoxo, estamos ante a fragmentación e tramitación independente en varios proxectos do que conformaría un único Plan eólico industrial. A través desta figura, ademais de axilizar e simplificar a tramitación administrativa, tamén se diminúe a capacidade de actuación da cidadanía ao non dar a coñecer o impacto ambiental que tería o conxunto de todas as infraestruturas porque só someterse a exposición pública unha parte concreta de todo o megaproxecto e durante un tempo limitado, polo que non permite coñecer a totalidade das infraestruturas que se proxectan (demais parques e solucións de evacuación).

Asemade, tan só se somete a exposición pública a solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Barrosino e Vilartoxo, promovido por Green Capital Power, pero non a totalidade da infraestrutura común de evacuación nin os propios parques, que foron obxecto dunha avaliación ambiental separada e independente, ao marxe deste proxecto. Deste xeito, sométese a exposición pública e como proxecto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

independente, a evacuación da enerxía xerada en só tres parques eólicos do mesmo grupo empresarial (parque eólico Barrosino, de 13,5 MW, parque eólico Vilartoxo, de 27,0 MW, e parque eólico Troitamil, de 30,0 MW), e eliminándose deste trámite de exposición pública e de avaliación ambiental o resto dos proxectos de parques eólicos e solución de evacuación conxunta e común para os parques eólicos de Vilartoxo, Barrosino e Troitamil, mais tamén para outros 10 proxectos da zona.

Tal é a preocupación existente entre a poboación polo temor de que se cheguen a efectivizar estes proxectos, que a corporación municipal de Val do Dubra chegou a manifestar o rexeitamento a este parque eólico no pleno celebrado no mes de outubro.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º Paralizar cautelarmente o proxecto do Parque Eólico de Vilartoxo, nos concellos da Baña e o Val do Dubra, para evitar a destrución dunha zona de grande valor natural, cultural e paisaxístico.

2º.- Desenvolver un estudo que permita investigar en profundidade e poñer en valor os elementos patrimoniais existentes na zona e que aínda se atopan sen catalogar.

3º.- Realizar unha avaliación conxunta do impacto que terá a construción e instalación de todos os parques proxectados nesta zona ademais das liñas de evacuación de todos eles e o resto de infraestruturas que precisen.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º.- Impulsar a aprobación dun novo marco legal así como dun novo plan sectorial que conte coa participación dos axente implicados e que garanta un desenvolvemento eólico con participación pública que sexa xusto socialmente e respectuoso co medio natural e rural.”

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 13:52:58

Xosé Luis Bará Torres na data 30/12/2021 13:53:06



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Sendo a educación o instrumento máis potente para a mellora individual e social, o noso sistema educativo (que como tal ten menos dun século de vida) debe ser dinámico e evolucionar para dar resposta á complexidade do mundo e do propio coñecemento que se ten del, así como á rápida transformación social que se está a producir no século XXI.

Un dos campos nos que o noso coñecemento evolucionou con gran rapidez nas últimas décadas e ó do medio ambiente e a ecoloxía, en paralelo co progresivo colapso ecolóxico que foi pronosticado polo informe do Clube de Roma sobre Os límites do crecemento (1972), sucesivamente actualizado e que se concreta na actualidade en fenómenos como a crise climática que afronta a humanidade, a perda acelerada de biodiversidade, a contaminación da auga e do aire, etc, etc.

A concienciación medioambiental da nosa xuventude é cada vez maior. Como mostra, o 47 % das persoas mozas entre 14 e 29 anos considera que o cambio climático é “o problema máis importante”, segundo o informe *Juventud en España 2020* de Injuve, fronte ao 17 % dos adultos. En contraste, existe un amplo consenso na comunidade educativa sobre as carencias da educación ambiental no noso país (e en moitos outros), así como sobre a súa importancia.

Segundo o estudo *La educación ambiental en el entorno familiar* realizado dentro do proxecto educativo ambiental de Ecoembes Naturaliza, o 72,7 % dos pais e nais considera clave que se imparta educación ambiental cando escolle centro educativo para os seus fillos, e a maioría opina que aprender valores ambientais contribúe á mellora da formación xeral e ás capacidades, especialmente dos máis pequenos.

O informe da UNESCO '*Aprender polo planeta*', que analiza os plans educativos e marcos curriculares de arredor de 50 países, constata que máis da metade non fai referencia ao cambio climático e só o 19 % menciona a biodiversidade, polo que fixa como obxectivo facer da educación ambiental un compoñente esencial dos plans de estudo de todos os países no ano 2025. En España a nova Lei



educativa (LOMLOE), aprobada en decembro de 2020 e que dota de máis autonomía ás CC.AA e centros de estudo, afirma que o sistema educativo "non pode ser alleo aos desafíos que implica o cambio climático do planeta, os centros docentes han de converterse nun lugar de custodia e coidado do noso medio ambiente".

Despois de que a LOMCE, aprobada en solitario polo PP en 2013, impuxese un retroceso no eido da educación ambiental, o MITECO está poñendo en marcha un Plan de acción de educación ambiental para a sostibilidade (PAEAS), que recolle algúns pasos para impulsar a educación ambiental dentro dos colexios, con seis eixos operativos e 61 accións clave a desenvolver por parte da Administración xeral do Estado.

Finalmente, o informe da Unesco *Educación para os obxectivos do desenvolvemento sostible*, considera que son necesarias “experiencias directas” que afecten no emocional ao alumnado, sinalando que “as competencias non se poden ensinar, senón que os alumnos adquírenas con acción, experiencia e reflexión” e avoga por que o estudantado sexa capaz de crear en grupo “accións innovadoras” que fomenten a sostibilidade a escala local. Nese sentido, son múltiples as experiencias de apadriñamento ou adopción de ecosistemas que se teñen desenvolto con éxito en centros educativos de todo o mundo.

Mentres tanto, o Goberno de Galicia limítase a fachendear da súa adhesión ao proxecto europeo *Life Evergreen with Volunteers* (LEWO), que promove tarefas de voluntariado ambiental, obviando que a educación ambiental está practicamente ausente dos currículos dos centros docentes de Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que, dentro do ámbito de competencias que lle outorga a lexislación educativa do Estado, implante de xeito decidido e con carácter transversal a educación ambiental nos plans de estudo dos distintos centros educativos de Galicia, incluíndo experiencias de contacto directo e mellora sistemática de ecosistemas (como ríos, bosques, etc) próximos aos centros.

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021





Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/12/2021 11:15:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/12/2021 11:16:08

Paloma Castro Rey na data 30/12/2021 11:16:21

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/12/2021 11:16:31



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que se deberán publicar datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. Na páxina *web* de transparencia da Xunta de Galicia, estes datos figuran ata o ano 2018, pero, sorprendentemente, a día de hoxe, a piques de rematar o ano en curso, non figuran os correspondentes aos anos 2019 e 2020, un retraso que lonxe de ser puntual se repite ano tras ano.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que cumpra inmediatamente o mandato do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicando os correspondentes datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público.

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/12/2021 16:02:26

Paloma Castro Rey na data 30/12/2021 16:02:42





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26941
Data envío: 30/12/2021 16:54:10.446

Gonzalo Caballero Míguez na data 30/12/2021 16:02:51



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O goberno da Xunta de Galicia volve renderse novamente ás eléctricas, nesta ocasión coa adaptación e ampliación do proxecto de parque eólico que a empresa Tiraventos S.L. dispón dende o ano 2010.

No mes de outubro a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais declarou este proxecto como iniciativa empresarial prioritaria o que implica a tramitación urxente, reducíndose os prazos do procedemento ordinario.

E o pasado día 24 de decembro, día de Noiteboa, o Diario Oficial de Galicia anunciou que somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, proxecto sectorial e a solicitude de declaración de utilidade pública, concedendo un prazo de 15 días para facer alegacións.

O plan actual aspira a instalar una potencia de 30 megawattios con seis aeroxeneradores que producirían unha potencia anual de 120.459 megawattios por hora e cun orzamento de 20.888.394,55 euros, situaríase nos montes das parroquias cotobadesas de Viascón, Carballedo, Loureiro, Borela e Rebordelo, e contarían con 125 metros de altura cada un e 150 metros de diámetro de rotor.

Este proxecto inclúe a construción dunha subestación de transformación así como unha rede de media tensión que comunicaría coa liña de derivación, que atravesa varias parroquias do Concello de Ponte Caldelas.

Neste momento atópase o proxecto en fase de alegacións e existe unha



preocupación por parte da veciñanza derivada do descoñecemento e da falla de información tanto por parte do Goberno municipal como por parte da Xunta de Galicia.

Dende o Partido Socialista apostamos polas enerxías renovables pero sempre que se produza un equilibrio entre a instalación das mesmas e o respecto a singularidade do noso territorio, ao medio ambiente e a calidade de vida da veciñanza.

O Grupo Municipal Socialista de Cerdedo Cotobade, reuniuse co alcalde deste municipio para solicitar a convocatoria dun Pleno extraordinario para tratar a estratexia a seguir en relación a este proxecto.

Ademais vanlle pedir ao alcalde que solicite aos técnicos municipais un informe sobre a viabilidade deste parque, e se faciliten á veciñanza os coñecementos técnicos e os medios para poder levar a cabo unha estratexia conxunta de alegacións como se fixo no seu día co proxecto do campo das rosas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista compartimos esta preocupación, e por iso esiximos ao goberno da Xunta de Galicia que leve a cabo medidas para corrixir este abuso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que informe á veciñanza afectada polo futuro parque eólico dos Cotos sobre as características deste proxecto e como vai afectar aos mesmos.
2. Que se dirixa a Augas de Galicia co fin de que emita un informe sobre a afectación o ríos ou regatos da zona.
3. Pactar cos concellos e comunidades rurais, un novo modelo eólico para Galicia, que supoña unha aposta para a democratización do sector, elaborando un novo plan sectorial eólico de Galicia, e modificando a lexislación actual, co fin de mellorar:
 - a. A transparencia da Administración autonómica na información e xestión



dos proxectos eólica.

- b. Os instrumentos de participación e colaboración da Xunta de Galicia coa cidadanía e os municipios afectados pola instalación destas infraestruturas.
- c. O equilibrio nas negociacións entre persoas propietarias e promotores eólicos.
- d. As fórmulas de repercusión económica destas instalacións nos concellos e nas comunidades rurais.
- e. A defensa do patrimonio cultural e patrimonial do noso territorio e a calidade de vida dos veciños e veciñas que se sitúan na contorna do parque eólico, modificando a distancia mínima necesaria entre os muíños e as vivendas, que agora son 500 metros, pero que na actualidade con muíños que son ata 4 veces máis elevados que os que existían hai uns anos, entendemos máis axeitado utilizar o criterio que están a aplicar moitos países europeos de establecer a distancia mínima en relación á altura do mastro do eólico máis próximo.

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2022

Asdo.: Paloma Castro Rey
Martín Seco García
Leticia Gallego Sanromán
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/01/2022 13:00:30





Martín Seco García na data 03/01/2022 13:00:37

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/01/2022 13:00:46

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2022 13:00:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás previsións respecto das condicións para a declaración da renda do exercicio 2021, ás actuacións que debe impulsar a Xunta e ás que debe demandar do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación socioeconómica, marcada polo impacto da pandemia da covid-19, a inflación e a evolución do mercado laboral condiciona a capacidade económica das persoas. Nesa capacidade económica xoga un papel fundamental o cumprimento das súas obrigas tributarias e que as normas coas que debe desenvolverse teñan un verdadeiro carácter redistributivo ou non.

É necesario recordar que o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas é un tributo cedido parcialmente de carácter persoal e directo que grava a renda das persoas físicas segundo diferentes parámetros das súas circunstancias persoais e familiares. Este imposto ten unha importancia capital na repartición das rendas e na contribución da cidadanía ao sostemento dos servizos públicos.

A normativa que o regula é de carácter estatal e recóllese a través fundamentalmente da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Este texto legal ten en conta a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade normativa propia das Comunidades Autónomas cuxo alcance se determina no artigo 46 da Lei 22/2008, do 18 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía. Ao abeiro desta capacidade normativa, as comunidades poden arbitrar deducións e diferentes beneficios.

Este reparto de competencias podería verse reformulado de negociarse un novo sistema de financiamento, máis ao non desenvolverse este extremo, pendente desde 2014, non houbo unha actualización do marco nin Galiza defendeu máis cotas de autogoberno baixo os mandatos de Núñez Feijoo. Tampouco se coñece, a día de hoxe, proposta algunha por parte do goberno galego.

Para o exercicio da Renda do ano 2020 (a declarar en 2021) no uso das competencias normativas que lle corresponden, a Xunta de Galiza aprobou, en síntese, as seguintes deducións:

- Dedución por nacemento ou adopción de fillos/as
- Dedución por familia numerosa
- Dedución por acollemento
- Dedución por coidado de fillos menores
- Dedución por suxeitos pasivos discapacitados, de idade igual ou superior a sesenta e cinco anos, que precisen axuda de terceiras persoas
- Dedución por aluguer de vivenda habitual
- Dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación
- Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento
- Dedución por inversión en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do Mercado Alternativo bolsista
- Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica
- Dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo
- Dedución por rehabilitación de bens inmoables situados en centros históricos
- Dedución por investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra
- Dedución da cota íntegra autonómica por determinadas subvencións e/ou axudas obtidas a consecuencia dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017
- Deducións da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018
- Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galiza

É de salientar que, malia as promesas electorais e no discurso de investidura, finalmente, un ano máis, a Xunta de Galiza non arbitrou reducións para as familias monoparentais, malia que son un dos sectores máis vulnerábeis da nosa sociedade tal e como sinalan numerosos indicadores, como por exemplo, os informes anuais da Rede Galega contra a pobreza.

Así mesmo, malia que algunhas das deducións incorporadas para o exercicio 2020, como a desgravación por doazóns á investigación, sinalan un dos camiños e necesidades derivadas da pandemia do coronavirus, non é menos certo que en xeral as deducións formuladas teñen unha adaptación insuficiente ao novo contexto que viven os galegos e galegas.

De forma especial, cómpre sinalar a insuficiencia deste marco normativo e da formulación concreta da Xunta de Galiza para atender e paliar mediante este exercicio do autogoberno o impacto sobre a clase traballadora da crise económica agudizada pola covid-19. Singularmente, a Xunta de Galiza desaproveita a oportunidade de protexer mediante algunha dedución autonómica no IRPF aqueles traballadores e traballadoras máis castigados pola precariedade laboral e que no ano 2021 foron afectados por un ERTE, polo desemprego ou por varios contratos de diferentes empregadores por necesidade de complementar rendas moi cativas.

O impacto da pandemia da covid-19 nas capas máis vulnerábeis da sociedade non será unha cuestión que remate no exercicio fiscal do ano 2021, senón que se alongará nos próximos anos. Sen ir máis lonxe, 2022 será un ano marcado pola renuncia do goberno do Estado de PSOE e Unidas Podemos a derrogar os aspectos máis lesivos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da reforma laboral, de impacto da crise da suba dos prezos e de dificultades económicas nun contexto de incerteza. Polo tanto, é necesario valorar o impacto das desgravacións arbitradas para o exercicio 2020 e tomar medidas para adaptar as desgravacións do ano 2021 ás necesidades sociais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Comprometer a elaboración dun estudo sobre o impacto da súa política fiscal e dos efectos do exercicio da súa capacidade normativa no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas nos sectores máis precarios e castigados da sociedade galega.

2. Impulsar as modificacións oportunas no exercicio da súa capacidade normativa no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para establecer unha dedución autonómica no IRPF para aqueles traballadores e traballadoras máis castigados pola precariedade laboral, afectados por un ERTE ou polo desemprego co obxectivo de evitar un agravio e empeoramento das súas condicións de vida.

3. Demandar do goberno do Estado a modificación do artigo 96.3.a) 1º da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para aumentar o límite a 22.000 euros anuais, se a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supera no seu conxunto a cantidade de 8.000 euros anuais.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2022 10:13:32

Daniel Pérez López na data 04/01/2022 10:13:35

Ramón Fernández Alfonso na data 04/01/2022 10:13:45

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 10:14:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao impacto económico e laboral en Galiza da xeración de enerxía eólica e ás medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para evitar a constante perda de emprego por peches e deslocalizacións das empresas do sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un semestre máis, os últimos datos de Red Eléctrica de España certifican o papel de potencia enerxética de Galiza. Galiza exportou no primeiro semestre de 2021 o 35% da electricidade producida, superando en máis de 8% a enerxía xerada no mesmo período do pasado exercicio. Ao mesmo tempo, cómpre sinalar que se confirma a tendencia de 2020 sobre a xeración de orixe renovábel, que segue en aumento até superar en 26% o consumo interno do país.

Porén, esta situación de potencia contrasta co reducido retorno económico que ten no noso país e con graves procesos de destrución de emprego. No marco da profunda crise industrial que vive Galiza observamos como malia non ter xerado nunca tanta enerxía eólica e experimentar un boom de solicitudes de novos parques, destrúese e deslocalízase emprego, como o caso de Siemens Gamesa e, máis recentemente, Vestas na Mariña.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, vemos como diferentes informes, como os elaborados polo Observatorio eólico da Vigo, alertan do reducido retorno para persoas e comunidades propietarias así como para as entidades municipais. Neste sentido, é necesario tamén sinalar como a recadación do canon eólico non para de baixar, ademais de ser un modelo eivado.

Este é o resultado dun modelo que renunciou á participación e á planificación pública e que non impulsa medidas como a esixencia de que unha compoñente mínima sexa de fabricación galega, que non destina recursos á vinculación co sistema innovador e que tampouco esixe o desenvolvemento de Plans industriais asociados aos novos parques.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a impulsar medidas para garantir o retorno económico e a localización de emprego e actividade industrial apostando polas seguintes medidas no ámbito enerxético e singularmente eólico:

1. Desenvolver as actuacións oportunas para impulsar a participación pública do sector enerxético renovábel con medidas que garantan o control efectivo da Xunta de Galiza no novo modelo enerxético galego a través dunha empresa pública galega de enerxía con funcións de xestión e planificación, que incorpore os activos hidráulicos que se poden rescatar para o sistema público e novas instalacións (eólica, fotovoltaica, hidróxeno...) nas que a Xunta participe total ou parcialmente.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Realizar as modificacións legais oportunas para dar rango de lei ao impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións eólicas e enerxéticas do noso país. Entre outras, establecer medidas para que as autorizacións de novos parques eólicos se vinculen a proxectos industriais que xeren riqueza e emprego no país e favorecer que unha parte dos compoñentes sexan fabricados en Galiza.

3. Impulsar, con financiamento propio e procurando a inxección de fondos europeos e do goberno central, programas de innovación e investigación enerxética que permitan apostar polo incremento do valor engadido.

4. Desenvolver as modificacións legais oportunas para dar rango de lei á vinculación das axudas e do financiamento público con cláusulas de compromiso de non deslocalización de forma que as medidas de apoio económico arbitradas revertan no desenvolvemento económico e social de Galiza.”

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2022 11:15:09

Daniel Pérez López na data 04/01/2022 11:15:13

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2022 11:15:24

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 11:15:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións do goberno galego para defender a soberanía financeira e política de Galiza diante da inxerencia ao autogoberno que supón a aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo trae canda si unha fragante vulneración do dereito civil galego e do autogoberno do noso país. Durante a tramitación foron moitas as voces que alertaron da tremenda confusión na que o goberno central estaba a incorrer e o propio Parlamento Galego pronunciouse maioritariamente, aínda que a diferenza de ocasións anteriores non de forma unánime, contra dita vulneración.

Así as cousas, en xuño de 2021 a Comisión Superior de Dereito Civil alertaba dos efectos dos cambios normativos. Na mesma liña, o pasado mes de xullo a Xunta de Galiza avanzaba en sede parlamentar novamente, en palabras de Valeriano Martínez,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conselleiro de Facenda, que estaba a estudar as vías legais oportunas para defender ante os tribunais os dereitos e os intereses de todos os galegos e galegas.

En setembro de 2021 coñecía-se pola prensa que o goberno central, a través do Ministerio de Política Territorial accedía a iniciar negociacións coa Xunta de Galiza para resolver as discrepancias existentes.

En novembro de 2021 publicábase no Diario Oficial de Galiza o acordo da Comisión Bilateral, punto de partida para a creación dun grupo de traballo.

Con independencia das fondas discrepancias que este Grupo Parlamentario ten co Grupo de goberno e coa política fiscal da Xunta de Galiza respecto da imposición no ámbito das transmisións e do patrimonio, resulta a todas luces inxusto considerar que realizar un acto lexítimo segundo o Dereito Civil Galego e respectando as normas tributarias propias, sexa unha práctica de evasión fiscal. Trátase dun debate diferenciado e é evidente que, de manterse o texto actual, malia a lixeira mellora producida durante a súa tramitación, vai supor un grave prexuízo para moitos e moitas galegas, máis aínda nun momento de crise económica onde o uso dos bens que posúen as familias para saír adiante é máis do que esperábel.

Ademais destas cuestións, é necesario que Galiza defenda o seu autogoberno e rexeite a inxerencia do Estado neste ámbito e desafortunadamente Galiza conta cunha ampla experiencia na que o diálogo co goberno central non funcionou, como foi o caso do IVE de 2017, e foi preciso recorrer á vía xudicial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a, no caso de non obter resultados do grupo de traballo co goberno central no primeiro semestre de 2021, emprender accións xudiciais para defender os intereses do noso país diante da inxerencia que supón a aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal respecto do dereito civil propio, das competencias propias e do autogoberno económico.”

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/01/2022 11:36:52

Daniel Pérez López na data 04/01/2022 11:36:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2022 11:37:04

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/01/2022 11:37:15

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 11:37:23



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A prevención e loita contra a corrupción é fundamental en calquera estado democrático. Despois de que a primeira sentenza do caso Gürtel condenase ó PP como partícipe a título lucrativo no que, sinteticamente, describiu como un “auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional” e inmersos como estamos aínda nunha sucesión de procedementos xudiciais nos que van sumándose múltiples condenas de persoas relacionadas de forma máis ou menos directa con ese partido e coa corrupción asociada ó mesmo, é inaprazable mellorar os procedementos e mecanismos para a loita e prevención da corrupción, especialmente cando 6 anos despois de que en 2015 o presidente da Xunta de Galicia lanzase en 2015 o denominado programa de impulso democrático con 5 leis e 50 medidas que, segundo nota de prensa da Xunta de Galicia pretendían situar a Galicia “por diante en transparencia e exemplaridade”, os mecanismos reais de prevención e loita contra a corrupción brillan pola súa ausencia en Galicia.

A Directiva Europea 1937/2019, relativa á protección dos denunciante de corrupción contempla unha serie de mecanismos que deben ser aplicados polos estados membros, algúns dos cales deben selo polo Estado pero outros poden selo polas comunidades autónomas, como xa sucedeu noutras comunidades autónomas.

A directiva –aplicable nas organizacións públicas e privadas- pretende protexer ós alertadores, ou whistleblowers, que proporcionen información obtida nun contexto laboral sobre irregularidades na contratación pública, prevención do branqueo de capitais, financiación do terrorismo, protección do medio ambiente, sanidade, saúde pública, protección da privacidade e dos datos persoais, e infraccións que afecten ós intereses financeiros da UE, entre outras.



Un dos elementos substantivos do sistema institucional deseñado para a protección do informador ou denunciante, é o establecemento de canles internos efectivos para a tramitación axeitada das denuncias, e de mecanismos e garantías que protexan ó denunciante de calquera represalia polo exercicio desta importante función.

Á espera da transposición completa da directiva, que debe facer o Estado e que dará lugar proximamente ó correspondente proxecto de lei, a Xunta de Galicia ten a capacidade e a competencia, así como a obriga, de establecer xa unha canle interna de denuncias así como garantías para os eventuais denunciante, que é algo completamente diferente do caixón de queixas e suxestións que existe actualmente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a traspoñer a Directiva Europea 1937/2019, relativa á protección dos denunciante de corrupción, dentro do ámbito das competencias da Comunidade Autónoma galega, en particular mediante a creación dunha canle interna de denuncias na Administración autonómica galega e entidades dependentes da mesma, así como do establecemento das garantías necesarias para a protección dos informante ou denunciante.

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2022

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández

Paloma Castro Rey

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Pablo Arangüena Fernández na data 04/01/2022 13:38:06

Paloma Castro Rey na data 04/01/2022 13:38:17

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/01/2022 13:38:26



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto vén dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España).

A última decisión nefasta do Goberno autonómico na Atención Primaria da nosa comunidade é que restrinxe a actividade en varios centros de saúde, cuxos facultativos/as só atenderán urxencias e casos de Covid. Así o reflicte unha instrución da Dirección de Atención Primaria, na que se xustifican as medidas ante o "crecemento explosivo do número de contaxios de Covid" e a previsión de que se manteña, e para axudar ás persoas profesionais dos centros de saúde para "facer fronte" á situación.

Segundo o Sergas adóptanse unha serie de medidas para dar resposta á "escaseza de persoal sanitario" que sofren diversas unidades de Atención Primaria da área sanitaria de Vigo. Estas medidas, que afectan só ao persoal sanitario, consisten en "descitar" toda actividade programada que se poida retrasar, bloquear todos os



occos dispoñibles nas axendas de citación, e "traballar só baixo demanda, atendendo só consultas urxentes e relacionadas coa Covid".

Estas medidas aplicaranse nos centros de saúde con escaseza de médicos do 50 % ou máis. As medidas estarán en vigor ata o 10 de xaneiro momento no que se revisará a situación. Esta situación débese a que hai moitos profesionais de baixa, outros de vacacións e prazas vacantes por xubilacións que non se cobren.

A restrición de actividade afecta ás unidades de Primaria do Rosal, A Guarda, Oia, Cangas (en quenda de tarde), Moaña (en quenda de tarde), Ponteareas, O Porriño, Tomiño e en Vigo no centro de saúde de Navia, Nicolás Peña, Beiramar, Casco Vello, Matamá e Teis (en quenda de tarde).

Estas novas medidas son un ataque á sanidade pública, gratuíta e universal. Toda a cidadanía ten dereito a acudir ó seu médico por calquera enfermidade.

A Atención Primaria está totalmente desbordada con xornadas de ata 190 pacientes nalgúns PAC; cuns profesionais esgotados; con cada vez máis cadros de depresión e ansiedade entre os médicos e médicas e cun total desánimo.

Existe unha falta total de coordinación entre rastreadores e centros de saúde e destacar que o número de teléfono de atención ao paciente para notificar os positivos está continuamente colapsado polo que, ao final, a cidadanía ten que recorrer ó centro de saúde engrosando as axendas que xa son inasumibles.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista levamos todo o pasado ano denunciando ó colapso da Atención Primaria. Esta é unha mostra máis desa saturación no sistema galego de saúde, saturación que vimos alertando os socialistas durante toda esta lexislatura.

Resulta necesario poñer de maneira urxente á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación, para deste xeito garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar, de forma inmediata, máis persoas facultativas nestes catorce centros de saúde ós que se lles acaba de restrinxir a actividade que afecta ás unidades de Atención Primaria e así garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria do seus veciños e veciñas.
2. Incorporar novos/as facultativos/as con salarios equiparables aos países veciños e con maior estabilidade laboral para facer atractivo traballar en Galicia.
3. Realizar unha verdadeira planificación de profesionais médicos destes centro de saúde conforme á poboación de cada municipio.

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/01/2022 17:28:47

Julio Torrado Quintela na data 05/01/2022 17:28:55

Noelia Otero Lago na data 05/01/2022 17:29:03

Paloma Castro Rey na data 05/01/2022 17:29:13

Marina Ortega Otero na data 05/01/2022 17:29:21

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/01/2022 17:29:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e das deputadas **Mercedes Queixas Zas**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as melloras nos servizos ferroviarios entre A Coruña e Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mobilidade ferroviaria ten en Galiza numerosas carencias tanto nas infraestruturas como nas comunicacións diarias entre as principais cidades e vilas. Se temos en conta os obxectivos tanto europeos como estatais en relación coa transformación da mobilidade e o fomento dos modos de transporte sustentábel e seguro, podemos chegar a un amplo grao de consenso en relación coa necesidade de impulsar investimentos estratéxicos nas infraestruturas e servizos ferroviarios.

A liña ferroviaria do Eixo Atlántico entre Vigo e Coruña é unha das que experimentou unha maior transformación e modernización nos últimos anos, o que a converteu nun dos traxectos de media distancia con máis usuarios do Estado.

Así e todo, esta liña ten importantes carencias e deficiencias que é preciso corrixir, para garantir a prestación dun servizo eficiente, moderno, competitivo e atractivo:

-Problemas relacionados cos horarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundos denuncias as persoas usuarias desta liña, “a oferta de servizos é insuficiente, non responde ás necesidades de mobilidade actuais e con unha diminución das frecuencias en franxas horarias punta de entrada arredor das 8 e de volta maioritariamente a partir das 15.30 mais tamén con picos de demanda ás 17, 18 e 19 h, imprescindíbeis para a mobilidade interurbana por motivos laborais e de estudos”.

Traxecto Vigo-Coruña

Hai que ter en conta que o primeiro tren de media distancia sae de Vigo ás 6.40 e ten como hora de chegada ás 8.13, aínda que realmente chega máis tarde. E os retornos son ás 15 horas, sen relación lóxica cos horarios laborais, e ás 17 h. Tamén había un tren ás 18 h de luns a domingo mais non se repuxo.

En xeral, a reformulación dos horarios que entrou en vigor a partir do 21 de decembro de 2021 empeorou a situación previa, xa que está feita primando a conexión por AVE con Madrid en detrimento das comunicacións internas entre as cidades galegas.

-Problemas relacionados coa fiabilidade

Por diversas circunstancias como os retrasos na saída de Vigo (debido ao control de acceso con un único escáner), avarías, subida e baixada de pasaxeiros... os trens adoitan chegar con retraso, o que dificulta as conexións coas liñas de transporte público urbano e supón ás veces ter que asumir gastos suplementarios para poder chegar a tempo ao traballo. Dáse ademais a circunstancia que foron as persoas usuarias do tren as que tiveron que negociar coa concesionaria do bus urbano da Coruña un cambio nos horarios que tivese en conta os retrasos habituais na chegada do tren.

-Problemas relacionados coa política tarifaria





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As persoas usuarias denuncian a rixidez na utilización dos abonos e demandan unha auténtica política tarifaria que teña en conta as circunstancias económicas, laborais e familiares das persoas usuarias. En liñas ferroviarias de cercanías doutras comunidades existen diferentes modalidades de abonos (mensual limitado, mensual ilimitado, bonotrén), así como descontos para nenos/as, mozos/as, maiores de 60, familias numerosas...

Asemade, é de máxima prioridade que se remate coa discriminación que sofren as persoas usuarias da liña Ourense-Santiago-Coruña, materia sobre a que se pronunciou en diversas ocasións o parlamento galego.

Se ben as competencias en materia ferroviaria corresponden actualmente ao goberno do Estado, desde o BNG defendemos que por parte do goberno galego se demanden as competencias nos servizos ferroviarios internos de media distancia e proximidade. En tanto non se leve a cabo esta transferencia, desde a Xunta e outras institucións débese velar pola modernización e mellora da rede e dos servizos ferroviarios, como instrumento fundamental de vertebración territorial, cohesión social, desenvolvemento sustentábel e conciliación entre a vida laboral e familiar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado

1. A reorganización dos horarios da liña Vigo-Coruña tanto de ida como de volta, para facilitar a conciliación cos horarios laborais e familiares, contemplando entre outras as seguintes medidas:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-adianto da hora de saída do tren que actualmente sae ás 6.40 de Vigo e retraso da saída do que sae de Coruña ás 15 horas;

- reposición da frecuencia diaria Coruña-Vigo con saída ás 18 h

-estudo da modificación dos horarios de saída a primeira hora da mañá de Coruña e pola tarde de Vigo.

2. A adopción das medidas necesarias para garantir a puntualidade e a seguridade do servizo.

3. A ampliación e flexibilización dos abonos, tanto nas modalidades de abonos como no referente ao prazo de vixencia así como á posibilidade de utilizado en calquera das frecuencias existentes.

4. Unha política tarifaria que inclúa descontos por motivos económicos, sociais, de idade e familiares, e que remate coa discriminación que sofren as persoas usuarias da liña Ourense-A Coruña.”

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Mercedes Queixas Zas

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2022 10:46:29

María do Carme González Iglesias na data 07/01/2022 10:46:35

Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2022 10:46:42

Alexandra Fernández Gómez na data 07/01/2022 10:46:52

Paulo Ríos Santomé na data 07/01/2022 10:47:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O descenso continuado da poboación equina dos chamados garranos, que viven en liberdade nos montes galegos, está creando un serio problema en canto á biodiversidade pola perda de recursos xenéticos desta especie, adaptada aos pastos comunais do noso territorio desde tempos ancestrais, e pola acción do pastoreo nos hábitats onde se desenvolven este animais. Trátase dun animal racialmente diverso, sempre especialmente adaptado ás condicións de vida moitas veces extremas das serras de Galiza.

Galiza é reserva do Garrano, o único cabalo salvaxe que queda en Europa.

O declive desta especie e o do hábitat que lle corresponde por dereito propio desde o Pleistoceno, vese agravado nos últimos tempos pola perda de peso do tradicional e, por se non ter feito unha transición consecuente coa súa condición que dirixida e cuberta polas Administracións recupérase plenamente o papel de conservación da biodiversidade que conforman el e o seu hábitat, podendo así preservar a súa permanencia en plenitude de funcións e riqueza cultural e natural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porque intimamente ligados ao seu aproveitamento polo ser humano están a permanencia dos brezais (queirogas, uceiras, carpanceiras...), das turbeiras de coberteira, da loita contra dos incendios ao controlaren a biomasa, do equilibrio do lobo e da permanencia da dondeza da nosa vella e amable orografía.

Ten, pois, moito a ver coa paisaxe, coa biodiversidade e cun feito único no mundo: a conservación dunha especie singular, nun hábitat singular cunha actividade singular, a de besteiro. Non hai lugar no planeta que conserve équidos en estado salvaxe, adaptados a un territorio que aínda lles é propio, nun número xeneroso, que rondou os 20.000 exemplares a finais do século pasado.

A propia existencia e o aproveitamento dos recursos, crinas e carne, na actualidade non xera beneficios abondo e así, o mundo moderno, os mercados que todo o ordenan, mandan cruces para aumentar o seu tamaño e o seu rendemento cárnico sen caer na conta que este feito leva a outras esixencias coma pastos artificiais pois o garrano auténtico, sufrido e pouco esixente (adaptado aos brezais e ao toxo) ao aumentar de tamaño debilítase e pasa a ser presa fácil do lobo. E, ao tempo, a paisaxe e as turbeiras degrádanse converténdose todo nun despropósito cunha rendibilidade mínima nun aproveitamento ridículo.

Outro tanto acontece cando estes montes conservados ao longo de milenios pasan a ser proxectos forestais nese ardor forestalista que confunde monte con arboredo e que nega a multifuncionalidade e a sostenibilidade dos espazos que marcaron e marcan a nosa idiosincrasia lograda a por de anos, paciencia e simbiose equilibrada entre o físico e a vida, especie humana incluída.



Non debemos esquecer que cada garrano consome unhas 2,5 toneladas anuais de toxo reducindo notablemente a densidade de biomasa, e abrindo espazos que favorecen ao coello, á lebre, reptís...

Unha vez máis os mandatos de Europa, optando por unha das interpretacións posibles da norma, a máis gravosa para os besteiros, levou ao chipeado e á deturpación da realidade.

Mais non nos equivoquemos, non se trata de cabalos salvaxes propiamente dito. A maior parte teñen dono e vagan en liberdade controlada por terreos privados. É gando. Unha singular e ancestral forma de gandaría en réxime de "liberdade controlada" que deixou de ter interese económico e que sucumbe ante o declive do rural e falta de relevo xeracional.

No seu declive, eses montes que pacen e limpan pasan a seren aproveitados para plantar eucaliptos que garanten unha renda con pouco esforzo. A Administración, sabendo todo isto, nada fai por remedialo e permanece impasible facilitando o camiño ás eólicas, mineiras e pasteiras.

E así, tendo a quen lle botar a culpa (o lobo é o culpable fácil desta acusada desaparición), o goberno galego olla para outro lado e cumpre con dous cometidos, un, eludir responsabilidades e outro limpar de obstáculos a penetración de aproveitamentos mineiros, eólicos ou madeireiros, errando nas súas políticas, por unha incompleta análise de tódolos factores que entran en xogo, ao posicionarse claramente a favor de intereses de terceiros.

Desde a normativa de 2.009 e o DECRETO 142/2012, do 14 de xuño, polo que se estableceron normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galiza, quedaron un bo número de greas sen regularizar creando unha situación





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

curiosa, pois unha vez máis o feito de ignorar a realidade lévanos á existencia de gando clandestino que todo o mundo sabe que existe, que é caldo de cultivo para os cuatreiros que actúan en toda Galiza, pero ninguén fai nada por remediar razoablemente esa situación.

Nese tempo o chipeado valía tanto coma o animal no mercado.

Mentres tanto gando e besteiros van desaparecendo, e a Administración bota as culpas a quen non as ten.

A investigadora Laura Lagos, que documentou por varias veces a desaparición de camadas enteiras en períodos moi curtos de tempo, afirma: " *Na miña tese doutoral deixei probado que a depredación do lobo non supera o 50% das novas crías. Nalgunhas zonas de Galiza a outra metade desaparece case da noite para a mañá por unha evidente intervención humana. Non existe outro predador posible*".

Pois é. Houbo membros de Comunidades de Montes e propietarios doutros concellos que no seu día non quixeron regularizar os seus animais nin no REGA nin no chipeado e que foron vendo mermar ou desaparecer por completo as súas bestas. Neste proceso interviron redes clandestinas e individuos que exerceron de verdadeiros "cuatreiros" dando saída para carne ou para engrosar outras greas noutros montes mesmo en Portugal onde a actividade gozaba de mellor saúde.

O deterioro foi manifesto, as greas foron esnaquizándose en pequenos grupos cada vez máis vulnerables tanto fronte ao lobo coma aos roubos.

A identificación por medio de chipeado, os farragosos trámites para rexistrar unha explotación en terreos forestais e demais atrancos institucionais están levando á





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

morte unha actividade que debера ser protexida e mimada pola Administración e por extensión pola sociedade en xeral.

Porque do que se trata é de modificar o decreto 142/2012, do 14 de xuño para excepciónar da obriga de identificación con transpondedor electrónico ós garranos que viven en condicións silvestres ou semisilvestres en espazos abertos das serras de Galiza, facer unha normativa razoable que atenda á realidade e modifique tamén o Decreto (que desenvolve a Lei de Montes de Galiza) simplificando ao máximo a burocracia no trámite de inscrición de aproveitamentos gandeiros.

Definir un modelo de ordenación e incentivar a actividade redundará sen dúbida en beneficio da sociedade ao contemplar, **coa debida responsabilidade**, a protección de bestas e besteiros que na súa contribución ao monte, á preservación do territorio e da súa biodiversidade na defensa contra do lume e na permanencia das turbeiras e demais espazos singulares, compren inequivocamente un labor que vai máis alá da explotación dun recurso que tradicionalmente eran crinas, carne e animais de traballo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Modificar ou derrogar o decreto 142/2012, do 14 de xuño para que Galiza se acolla plenamente á excepción para o microchipeado, recoñecida na regulación Europea EU 2015/262 para as poboacións de équidos que viven en liberdade ou semiliberdade
2. Modificar o articulado do Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos dos montes de Galicia, que desenvolve a Lei 7/2012, de 28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de xuño, de montes de Galiza, especificamente no referente á inscrición dos terreos forestais onde se practica o pastoreo no rexistro correspondente da DX de Montes, trámite que resulta especialmente engorroso entre os necesarios para regularizar unha explotación equina no monte.

3. Elaborar un plan estratéxico para o fomento da cría de garranos nas serras de Galiza, definindo o modelo e adoptando os incentivos e apoios profesionais necesarios, prestando especial atención á conservación do recurso xenético sen deixar de ver no horizonte o mercado.

4. Negociar coa Unión Europea o establecemento de medidas excepcionais de protección orientadas ao mantemento destes animais e dos espazos que conforman o seu hábitat secular.

5. Establecer un pagamento por presenza de lobos en lugar de pagamento de danos por cada ataque.”

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/01/2022 11:33:20

María del Carmen Aira Díaz na data 07/01/2022 11:33:26

María González Albert na data 07/01/2022 11:33:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/01/2022 11:33:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven de modificar desde comezos de ano o Plan Funcional do Centro de Saúde de Caldas, deixando ao PAC sen un dos facultativos en horario de tarde de luns a venres, polo que o servizo de urxencias extrahospitalarias contará con un único médico/a para atender as máis de 21.000 persoas dos concellos de Caldas, Portas, Moraña e Cuntis.

Trátase dunha decisión irresponsábel e que pode ter graves consecuencias, xa que o centro médico quedará desatendido cada vez que o único médico/a teña que facer unha saída, o cal se produce con frecuencia. A situación do PAC de Caldas non era a ideal antes desta modificación, pois requería da dotación dunha praza de enfermería máis en para funcionar con dous equipos completos. Sen embargo, no canto de completar este segundo equipo e mellorar a sanidade pública da comarca de Caldas, o SERGAS elixiu unha vez máis o camiño dos recortes e do desmantelamento, deixando aos máis de 21.000 veciños e veciñas que atende este PAC con un servizo claramente insuficiente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabe destacar que estes recortes prodúcense precisamente nun momento no que a pandemia do coronavirus está a rexistrar unhas cifras de contaxios nunca antes vistas, e no que é precisamente a atención primaria a encargada de diagnosticar, atender e facerlle o seguimento a estes pacientes.

Decisións deste tipo o que fan é someter o persoal a maiores cotas de traballo e estrés, incrementar a presión nas urxencias hospitalarias e derivar cada vez máis persoas á sanidade privada, verdadeira razón non confesada das políticas de recortes de persoal aplicadas na atención primaria na última década.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a repórter o facultativo/a suprimido no PAC de Caldas e a dotar o centro con unha praza máis de enfermaría para que conte con dous equipos completos de luns a venres.”

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/01/2022 13:20:34

Iria Carreira Pazos na data 07/01/2022 13:20:37

María Montserrat Prado Cores na data 07/01/2022 13:20:47

Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2022 13:20:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a celebración do ano Antolín Faraldo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 de setembro de 1822 nacíu na cidade de Betanzos a figura máis importante do século XIX: Antolín Faraldo Asorey.

A pesar das discrepancias sobre a propia data do seu nacemento, a versión máis estendida e mellor documentada é a que recolle a de 1822, así como a de 1853 para fixar o seu falecemento aos trinta anos na cidade de Granada.

Ao longo da súa breve vida, Faraldo dedicouse ao xornalismo e colaborou en xornais de recoñecida sona na época como El Recreo Compostelano (dirixido por Antonio Neira de Mosquera) ou La Situación de Galicia. O cumio da súa vida xornalística chegou coa creación e dirección de El Porvenir de La Europa.

No entanto, o seu maior logro que o fixo transcender a historia foi a súa participación na chamada Revolución de 1846, para a cal redacta o 15 de abril de 1846 a proclama de constitución da Xunta Provisional de Goberno de Galicia, da que era secretario. Inclúese, por tanto, na xeración dos Provincialistas e dos Precursores do





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rexurdimento, un conxunto de homes que sentarían as bases do que sería o Rexionalismo político e o Rexurdimento pleno cultural.

O fracaso da mencionada Revolución, co fusilamento dos seus líderes en Carral e en Betanzos, marcaría o inicio do fin da vida de Faraldo. Vese obrigado a exiliarse a Portugal e é condenado por rebeldía, aínda que será amnistiado, mais pouco despois morrerá en Granada.

Por todo o descrito, consideramos a figura de Antolín Faraldo unha figura de indiscutíbel peso na historia de Betanzos e de Galiza, como demostran as homenaxes anuais que en Betanzos se tributan ao pé do seu busto, que se sitúa á beira do Mandeo no paseo que leva o seu nome.

Na mesma liña, consideramos que Faraldo Asorey merece un maior recoñecemento social e institucional do concello que o viu chegar ao mundo no bicentenario do seu nacemento e merece que a súa figura se dea a coñecer entre a veciñanza de Betanzos e de Galiza. Un recoñecemento que vai ser posíbel neste 2022 grazas á aprobación unánime do pleno do concello dunha moción presentada polo grupo municipal do BNG. Deste xeito o 2022 xa foi declarado Ano Antolín Faraldo e está en marcha unha comisión de traballo plural, aberta a colectivos sociais e culturais, así como a institucións como a RAG e o Consello da Cultura Galega, que deseñarán un plan de actividades de divulgación e posta en valor desta figura histórica.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a se dirixir á maior brevidade ao Concello de Betanzos para colaborar coa comisión de traballo que está a desenvolver para este 2022 o plan de actividades do Ano Antolín Faraldo.”

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/01/2022 13:36:25

Daniel Castro García na data 07/01/2022 13:36:29

Mercedes Queixas Zas na data 07/01/2022 13:36:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre os datos de desemprego nos meses de setembro a decembro, asociados á situación socioeconómica e mercado de traballo na Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante das políticas de emprego da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise dos datos de desemprego dos meses de setembro, outubro e novembro amosaron de forma meridiana o feble que é o tecido económico e laboral da Galiza e o inestábel do mercado de traballo galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos meses de setembro e outubro incrementouse o número de persoas desempregadas no noso país, rompendo a tendencia positiva que se observaba no resto do Estado, onde se xerou emprego e a recuperación é máis constante.

No mes de novembro, se ben houbo un lixeiro descenso do número de persoas rexistradas como paradas no SEPE (-0,84% en relación ao mes anterior), neste mesmo período a media de descenso do paro a nivel do Estado foi tres veces superior.

Lixeiro descenso na Galiza que ten a súa razón de ser na elevada temporalidade. Temporalidade que constitúe outro dos problemas recorrentes do emprego no noso país, intimamente relacionada cunha excesiva dependencia do sector servizos, como amosa o feito que nese mes a maior baixada do desemprego se producise, precisamente, nese sector (do total de novos contratos rexistrados neste mes, o 87% estaban relacionados co sector servizos e o 86% da contratación foi temporal).

Segundo datos do Ministerio de Traballo, Galiza conclúe 2021 con menos desempregados que no 2020, pero ese descenso é inferior á media do Estado, e no caso do mes de decembro, o desemprego baixou no noso país en 163 persoas respecto ao mes anterior, pero unha vez máis, esa baixada está moito por debaixo da media estatal (un 0,11% fronte ao 2,41%).

Unha vez máis, a actividade onde máis diminúe o desemprego é no sector servizos; e no relativo á contratación, aumentou respecto ao 2020 pero está por debaixo dos contratos asinados no 2019, último ano completo de normalidade pre-pandémica.

Predominio da contratación temporal e parcial; dependencia dos ciclos estacionais; dependencia do sector servizos fronte a un retroceso do emprego asociado á industria, en crise constante no noso país, son algunhas dos problemas estruturais do noso mercado de traballo, que non foron atallados polas políticas de emprego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implementadas pola Xunta de Galiza nos últimos doce anos de goberno do Partido Popular.

Como ineficaces se amosaron esa políticas para corrixir a precaria situación de milleiros de mulleres e mozos e mozas dentro do mercado laboral galego, como se desprende do datos da enquisa de poboación activa (EPA) publicada fai unhas semanas. A fenda salarial, a feminización de determinadas actividades, a precarización ou a falla de oportunidades seguen a afectar á xente moza e á metade da poboación deste país en idade de traballar.

E de fondo, como coadxuvantes necesarios desta situación, unhas reformas laborais do 2010 e do 2012, lesivas para a crase traballadora galega, que só serviron para aumentar a precariedade laboral e impediron a creación de emprego estábel e de calidade en sectores estratéxicos como é o industrial.

Lesividade desas reformas que non se ve corrixida pola “non reforma laboral” anunciada coma un fito dende o goberno central, pero que deixa incólumes aspectos tan negativos como a flexibilización (por barato e unilateral) do despido, o poder case absoluto das empresas para decidir unilateralmente sobre modificacións substanciais das condicións de traballo ou descolgues salariais. Ou mesmo a prevalencia dos convenios estatais que impiden un marco propio de relacións laborais articulado a medio convenios autonómicos ou provinciais. Así como que sigan a prevalecer os convenios de empresa sobre os do sector, relativizando unha posíbel subida dos salarios. Aspectos todos eles negativos para a clase traballadora galega, que deberían mudarse durante a tramitación parlamentaria que se dará nas próximas semanas no Congreso dos Deputados.

Ante esta situación, o goberno galego, dentro das súas competencias, debe adoptar medidas efectivas e de calado que corrixan problemas estruturais do noso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mercado laboral, que supoñan avances significativos para as maiorías sociais deste país e, en concreto, atallen a precaria situación laboral de mulleres e mozos galegas. Así como esixir do Estado a derogación das reformas laborais do 2010 e 2012 que tanto dano lle fixeron á clase traballadora galega.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Considera o goberno galego que as políticas de emprego implementadas nos doce últimos anos resolveron eivas estruturais do noso mercado de traballo, que afectan especialmente ás mulleres e á xente moza?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/01/2022 12:26:10

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/01/2022 12:26:22

Mercedes Queixas Zas na data 05/01/2022 12:26:30

Rosana Pérez Fernández na data 05/01/2022 12:26:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/01/2022 12:26:47

Daniel Pérez López na data 05/01/2022 12:26:56

Iria Carreira Pazos na data 05/01/2022 12:27:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2022 12:27:17

Daniel Castro García na data 05/01/2022 12:27:26

María del Carmen Aira Díaz na data 05/01/2022 12:27:35

Noa Presas Bergantiños na data 05/01/2022 12:27:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/01/2022 12:27:55

María González Albert na data 05/01/2022 12:28:03

Xosé Luis Bará Torres na data 05/01/2022 12:28:14

María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2022 12:28:26

Alexandra Fernández Gómez na data 05/01/2022 12:28:35

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/01/2022 12:28:44

María do Carme González Iglesias na data 05/01/2022 12:28:51

Paulo Ríos Santomé na data 05/01/2022 12:29:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Pola importancia do asunto a tratar que atinxe persoas en situación de vulnerabilidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou o 26 de maio de 2021 que o “próximo trimestre” comezaría a tramitación da reforma da Lei de inclusión social de Galiza na que, dicía, “leva meses traballando”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rematou 2021 e nada máis se soubo da devandita reforma, alén dun novo anuncio que fixa para 2022 a proposta dunha nova normativa, en palabras do presidente da Xunta de Galiza no acto de presentación pública da Axenda Social Única.

O impulso dunha reforma da Lei de inclusión social de Galiza para a adaptar:

a) Á nova realidade normativa do Estado español, especialmente logo da creación do Ingreso Mínimo Vital (IMV). Cómpre lembrar que a RISGA é a día de hoxe incompatíbel con calquera outra prestación económica o que está a provocar graves prexuízos a persoas beneficiarias de ambas as dúas prestacións por mor das demoras na tramitación do IMV.

b) Á nova realidade socioeconómica. Actualmente o feito de ter un emprego (mesmo unha pensión de xubilación) non significa contar con ingresos suficientes que garantan condicións de vida dignas.

c) Ligado aos dous puntos anteriores, superar os déficits e problemáticas que carrega a RISGA desde a súa creación.

Estas mudanzas son unha demanda das entidades do terceiro sector de acción social e tamén do BNG. De feito, o anuncio da conselleira de Política Social de que a lexislación galega de 2013 se reformaría produciuse en resposta a unha pregunta formulada polo noso grupo logo de coñecerse as reclamacións económicas que a Xunta de Galiza estaba a dirixir a persoas usuarias da RISGA por incompatibilidade co IMV.

Porén, transcorrido case un ano, o Goberno galego non impulsou ningunha modificación legal e fala de que “previsiblemente” se producirá ao longo de 2022.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Cando vai modificar a Xunta de Galiza a Lei de inclusión social?
- . En que aspectos pensa mudar a normativa actual?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 12:21:46

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 12:21:57

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 12:22:08

Rosana Pérez Fernández na data 10/01/2022 12:22:18

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 12:22:26

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 12:22:35

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 12:22:44

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 12:24:06

Daniel Castro García na data 10/01/2022 12:24:16

María del Carmen Aira Díaz na data 10/01/2022 12:24:23

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 12:24:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2022 12:24:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 10/01/2022 12:24:51

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 12:24:59

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 12:25:08

Alexandra Fernández Gómez na data 10/01/2022 12:25:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2022 12:25:25

María do Carme González Iglesias na data 10/01/2022 12:25:32

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 12:25:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa á necesidade de que a Xunta rectifique a decisión de restrinxir a atención sanitaria en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, e as medidas a tomar para garantir a atención sanitaria a toda a poboación.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación da atención primaria na área sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa decisión que ven de tomar a Xunta de Galiza de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a casos COVID e urxencias en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, que co mesmo criterio podería estender a centos ao longo de todo o país, certifica a situación de colapso na que se atopa a Atención primaria que levamos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xa non meses, senón anos denunciando, e que pretendeu agochar, creando un relato fraudulento de que eran problemas puntuais.

Unha decisión que non podemos máis que cualificar de inaceptábel porque:

- Significa deixar a miles de persoas sen dereito a asistencia sanitaria, con risco para a súa saúde, porque as patoloxías aínda que non sexan de gravidade precisan de atención para que non se agraven e porque a xente non pode aguantar durante días ou semanas, doentes crónicos que se poden descompensar: persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais... Non podemos volver aos diagnósticos tardíos.
- Só vai saturar aínda máis os PACs e os servizos de urxencias hospitalarias xa ou límite.
- Foi tomada sen sequera comunicarllo aos representantes dos traballadores, nunha nova mostra de desconsideración, falta de respecto, polo seu traballo e entrega.
- Chove sobre mollado, a situación da área sanitaria de Vigo, de novo á cabeza de Galiza en deterioro e falta de recursos.

A Atención primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario.

A Atención primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O PP ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

Esta situación non é sobrevida, imprevista, achacábel a esta sexta onda da pandemia, senón que é consecuencia das políticas sanitarias que o PP con Núñez Feixóo á fronte leva 12 anos aplicando.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha situación que a pandemia non fixo máis que aflorar con toda crueza. A improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Núñez Feixóo durante toda a pandemia volve pórse de manifesto.

A degradación progresiva da AP é a consecuencia das decisións políticas que foi tomando, baseada no desmantelamento da Sanidade Pública. 12 anos de recorte do orzamento, de xubilacións das/os profesionais sen proceder á súa substitución. Como exemplo entre 2012 e 2017 xubiláronse 331 médicos de Atención primaria e só se repuxeron 221, 110 menos en 5 anos, a partir de aí a Xunta deixou de facilitar datos, ao igual que de 175 xubilacións de pediatras só se repuxeron 96.

A previsión é que nos vindeiros catro anos se xubilen 400 médic@s de familia, arredor do 15% do cadro actual, sen que haxa ningunha garantía de relevo, na actualidade xa hai máis de 50 cupos sen cubrir.

Unha situación que vimos denunciando, advertindo do que ía acontecer, demandando medidas, topándonos, ao igual que os miles de persoas que se teñen mobilizado e os profesionais co muro do PP, que se ten negado a escoitar as voces de alarma.

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación.

Pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e escaseza de profesionais e a falta de perspectivas de mellora.

Profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben aos doentes, que marchan fora, á privada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou solicitan excedencias. Facultativos de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade nesta Atención primaria saturada.

Voces de alarma pola constatación de que este deterioro é terreo aboadado para o medre da sanidade privada.

O PP non só non toma nota, senón que moi ao contrario está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública para garantir o negocio da privada.

Algún exemplo para verificar esta constatación:

O primeiro é que cando sería precisa unha auténtica aposta pola Atención primaria para sacala do colapso no que se atopa, o orzamento para 2022 aínda é máis baixo que no ano 2021, 2 millóns de euros menos, 47 millóns de euros menos que no 2009, hai 12 anos, que de aplicarlle o IPC, serían máis de 277 millóns de euros menos.

O segundo é que non rectifica a súa política laboral de precariedade e temporalidade, senón que non fai máis que empeorar as condicións laborais das/dos profesionais. Obrigar aos profesionais a traballar sen descanso, intersubstitucións, prolongar xornada, non poder gozar de días libres, vacacións...)

O terceiro é non facer nada para reter @s profesionais que rematan a súa formación. Un estudo realizado por “precarios pola atención primaria” conclúe que dos médicos de familia que remataron o MIR de Familia e Comunitaria nos últimos 5 anos arredor de 400, só a metade están traballando en atención primaria, e o máis grave é que cada ano a porcentaxe baixa, porque optan por outras oportunidades laborais onde se lles valora e respecta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cuarto non tomar ningunha medida para aumentar os cadros de persoal con novas categorías, nin activar as carteiras de servizo para que cada categoría profesional poida actuar con autonomía e @s doentes acudir a cada un deles directamente.

Se falla a atención primaria, o fallo esténdese a todo o sistema. A este ritmo de deterioro estamos a un paso do colapso xeneralizado.

A necesidade de fortalecemento da atención primaria non permite máis demoras.

Teñen que deixar de botar balóns fóra, teñen que exercer de Goberno e tomar medidas, por esta razón formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

-Vai a Xunta rectificar a decisión de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a casos COVID e urxencias en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo (Navia, Nicolás Peña, Beiramar, Casco Vello, Matamá, O Rosal, A Guarda, Oia, O Porriño, Ponteareas, Tomiño, e Teis, Cangas e Moaña no horario de tarde)?

-Que medidas vai poñer en marcha para garantir a atención sanitaria en canto o precisen a todas as persoas adscritas a estes centros de saúde?

-Vai cambiar o actual modelo fracasado de atención primaria por un baseado en equipos multidisciplinares de profesionais, en número suficiente e con estabilidade laboral para poder atender en condicións as demandas da poboación?

-Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a atención primaria poida atender as necesidades sanitarias da poboación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en atención primaria, de xeito que se eliminen as listas de espera e poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen?

-Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego?

-Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e comunitaria ou de pediatras?

-Por que non incorpora a atención primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía e farmacia clínica, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

-Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en atención primaria?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 13:47:18

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 13:47:35

María do Carme González Iglesias na data 10/01/2022 13:47:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2022 13:47:47

Alexandra Fernández Gómez na data 10/01/2022 13:47:55

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 13:48:03

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 13:48:11

María González Albert na data 10/01/2022 13:48:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2022 13:48:26

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 13:48:35

María del Carmen Aira Díaz na data 10/01/2022 13:48:43

Daniel Castro García na data 10/01/2022 13:48:52

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 13:49:01

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 13:49:10

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 13:49:21

Rosana Pérez Fernández na data 10/01/2022 13:49:31

Ramón Fernández Alfonso na data 10/01/2022 13:49:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 13:49:48

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 13:49:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro 26842:

Onde dí:

“XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polos últimos acontecementos de bloqueo da situación de Alcoa San Cibrao e as súas repercusións para Galiza.”

Debe dicir:

“XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre as medidas para salvar a Atención Primaria.”

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/12/2021 10:28:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada polos últimos acontecementos de bloqueio da situación de Alcoa San Cibrao e as súas repercusións para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Atención Primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario, situación que a pandemia veu a tensionar máis e máis, até situala nunha agonía permanente.

A Atención Primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O PP ten feito saltar polos aires os seus alicerces.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A degradación progresiva da AP é a consecuencia das decisións políticas que foi tomando. Unha política baseada no desmantelamento da Sanidade Pública, doce anos continuados de xubilacións das/os profesionais sen proceder á súa substitución, de contratación en precario, de recortes nos orzamentos, de desmantelamento das estruturas directivas para secundarizala a respecto da hospitalaria, de soberbia sen escoitar as/os profesionais que denunciaban esta situación, e que esixían poder traballar en condicións dignas, negándose a incorporar novos profesionais á atención primaria para garantir unha atención sanitaria integral. Doce anos de populismo xestionando a sanidade con titulares de prensa.

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación.

Voces de alarma pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e escaseza de perspectivas de mellora.

Profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben aos doentes, que marchan fora, á privada ou solicitan excedencias. Facultativos de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade, en Atención Primaria.

Alarma pola redución de cadros de persoal, tensionados permanentemente, en moitos casos sen relevo, que deixan a centros de saúde cunha mínima porcentaxe d@s profesionais e a concellos enteiros, ou barrios urbanos sen profesionais para atender á poboación durante días enteiros. Falta de atención que aumenta gravemente a presión nos servizos de urxencias, poñendo en risco tamén a súa operatividade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Voces de alarma pola constatación de que este deterioro é terreo aboadado para o medre da sanidade privada.

O PP non só non toma nota, senón que moi ao contrario está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública, de non repoñer profesionais, sumíndoa nun pozo máis e máis profundo, e os orzamentos para o ano 2022 son un claro exemplo.

Non hai unha estratexia que permita normalizar a Atención Primaria, que non é o mesmo que volver á situación previa á pandemia, de axendas interminábeis e masificación, senón que permita dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permitan atender todas as necesidades e demandas da poboación, unha atención sanitaria de calidade.

Se falla a Atención Primaria, o fallo esténdese a todo o sistema. A este ritmo de deterioro estamos a un paso do colapso xeneralizado, a necesidade de fortalecemento da Atención Primaria non permite máis demoras.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria poida atender as necesidades sanitarias da poboación?

Que medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en Atención Primaria, de xeito que se eliminen as listas de espera e poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e comunitaria?

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía e farmacia clínica, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonso

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2021 17:44:11

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 17:44:27

Paulo Ríos Santomé na data 29/12/2021 17:44:35

María do Carme González Iglesias na data 29/12/2021 17:44:43

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 29/12/2021 17:44:59

Alexandra Fernández Gómez na data 29/12/2021 17:45:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 17:45:13

María González Albert na data 29/12/2021 17:45:19

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2021 17:45:25

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 17:45:35

María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 17:45:46

Daniel Castro García na data 29/12/2021 17:45:56

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2021 17:46:04

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2021 17:46:19

Daniel Pérez López na data 29/12/2021 17:46:42

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/12/2021 17:46:53

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 17:47:03

Mercedes Queixas Zas na data 29/12/2021 17:47:16

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 17:47:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia aprobáronse os seguintes plans:

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.
- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da pílara das dunas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo transcorridos máis de 8 anos aínda non foi aprobado.

3. A Xunta de Galiza adxudicou outros plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que chegara a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. O que pode supoñer un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento do establecido na lexislación vixente.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación do sapoconcho común, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seu hábitat?
2. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da escribenta das canaveiras, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e do seu hábitat?
3. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da pílara das dunas, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seus hábitats?
4. En que prazo prevé o goberno galego aprobar a revisión do plan de conservación do oso pardo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Que plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas ten previsto aprobar a Xunta no ano 2022?

6. Por que razón o goberno galego non aprobou os plans de recuperación e conservación de 196 especies ameazadas?

7. Ten coñecemento o goberno galego da afección de proxectos industriais e nomeadamente proxectos de desenvolvemento eólico a hábitats de especies ameazadas?

8. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para evitar a afección de proxectos industriais eólicos a hábitats de especies ameazadas?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 10:04:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 28/12/2021 10:04:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid-19 e os seus contactos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante dunha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo a causa da Covid 19, o que se precisa é que o Goberno asuma responsabilidades e tome as medidas precisas, o mellor plan de continxencia para evitar o incremento de casos é a prevención e a contención.

Se en algo hai unanimidade é en que na loita contra a COVID-19 é vital actuar con rapidez, detectar persoas positivas, identificalas, illalas e facer rastrexo de contactos, sobre todo diante dunha situación de extrema gravidade como a actual cunha evidente transmisión comunitaria, onde unha porcentaxe moi elevada dos contaxios non teñen orixe coñecida, é preciso tomar as medidas axeitadas.

Facer ben esa labor é fundamental para parar a cadea de contaxios. Non se pode parar a pandemia se non se sabe onde está o virus, a clave é ser proactivxs, planificar, anticiparse... para ir por diante do virus e non por detrás.

Por iso dende o BNG queremos mostrar a nosa preocupación coa xestión que a Xunta está a realizar no rastrexo de positivos, máis destinada ao titular de prensa e non para solucionar o problema, caracterizada pola improvisación e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comportamento errático, que poñen en risco a saúde e a vida das galegas e galegos.

Estamos nunha situación explosiva de contaxios e cunha transmisión comunitaria descontrolada, e lamentamos que de novo non se tivera preparado o dispositivo con anticipación, malia existir a certeza de que unha nova onda de contaxios se ía producir. A variante Ómicron está presente en Galiza desde principios de novembro, e sábese da súa altísima capacidade de contaxio e propagación.

Neste contexto vimos de coñecer que a empresa á que a Xunta lle ten adxudicado o servizo de rastrexo publicou neste mes de decembro dous anuncios para a contratación de persoal “debido á alta incidencia de contaxios e a necesidade de incrementar de forma urxente os servizos de teleoperadores/as para traballar no proxecto Rastrexadores Covid”. Ofertan un contrato de fin de semana, por un mes, cun salario bruto que apenas supera os sete euros a hora e unha formación de catro horas no primeiro caso e de seis horas no segundo. Os requisitos son persoal moi empático, capaz de identificar como doentes cada unha das chamadas, habilidade para descubrir información, gran xestión da emoción, que saiba manter a calma ante situacións de estrés...

Estas “ofertas de traballo” precario e mal pagado son un claro espello da improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Núñez feixó durante toda a pandemia e que volve pórse de manifesto.



Consideramos necesario que por parte da Xunta se facilite toda a información a respecto sistema de rastrexo, e por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, presenta a seguinte interpelación:

Considera a Xunta que Galiza que conta cun sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid 19 ben dotado e eficiente para actuar con rapidez e parar a cadea de contaxios?

Parécelle responsábel que as persoas que realizan unha labor tan importante como as de rastrexo de persoas positivas por covid 19 teñan un contrato de fin de semana, por un mes, cun salario bruto que apenas supera os sete euros a hora e unha formación dunhas horas?

Considera que diante da situación explosiva de contaxios e cunha transmisión comunitaria descontrolada pode ter un sistema de rastrexo caracterizado pola improvisación e a falta de planificación ?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 30/12/2021 11:32:15

Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 11:32:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos estamos asistindo no noso País a unha verdadeira invasión de parques eólicos. Baixo a premisa da xeración de enerxía sustentable, estanse a presentar proxectos para a construcións de novos parques eólicos de xeito masivo e indiscriminado. Esta situación ademais vese favorecida por unha normativa obsoleta e permisiva coas grandes empresas, o que provoca que a poboación se atope nunha situación de indefensión e en desigualdade de condicións á hora de contestar a estas grandes corporacións multinacionais.

A comarca de Compostela atópase rodeada por multitude destes proxectos que ameazan de xeito flagrante ao medio rural e á xente que vive alí e da explotación deste medio. É o caso do que está a suceder co parque eólico de Vilartoxo, de 27MWm_j, proxectado no concello de Val do Dubra e que supón unha ameaza para a poboación de varias parroquias deste concello. Este parque eólico, promovido pola empresa Green Capital Power, viría a provocar unha importante catástrofe natural e paisaxística, tanto polo seu impacto a nivel de superficie, mais sen dúbida polas consecuencias que tería tamén sobre as augas do subsolo. Por unha banda, esta zona conta cun importante afloramento de mananciais que se verían afectados no caso de efectivizarse o proxecto, ademais de existiren numerosas captacións de auga que abastecen ás aldeas que non dispoñen de traída de auga municipal. Por outra banda, este parque suporía a afectación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

severa e prexuízos irreversibles para humidais, brañas, diversos leitos innominados e fontes. Estas consecuencias tamén implicarían unha afectación do patrimonio cultural, ao atoparse na zona varios elementos de especial protección como mámoas, túmulos e un petróglifo, algúns deles aínda sen catalogar, pero de grande importancia arqueolóxica.

A maiores destas afectacións, non se pode obviar que os parques eólicos proxectados nesta zona suporían un freo ao desenvolvemento económico e social da localidade e do conxunto da comarca, ao limitar o aproveitamento agrogandeiro que se podería dar (non se pode obviar a importancia que o sector primario ten na economía local), mais tamén outros coma o cultural ou incluso o turístico atendendo ao valor arqueolóxico e paisaxístico da contorna.

Ademais dos inconvenientes sinalados, no caso do parque eólico de Vilartoxo, estamos ante a fragmentación e tramitación independente en varios proxectos do que conformaría un único Plan eólico industrial. A través desta figura, ademais de axilizar e simplificar a tramitación administrativa, tamén se diminúe a capacidade de actuación da cidadanía ao non dar a coñecer o impacto ambiental que tería o conxunto de todas as infraestruturas porque só someterse a exposición pública unha parte concreta de todo o megaproxecto e durante un tempo limitado, polo que non permite coñecer a totalidade das infraestruturas que se proxectan (demais parques e solucións de evacuación).

Asemade, tan só se somete a exposición pública a solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Barrosino e Vilartoxo, promovido por Green Capital Power, pero non a totalidade da infraestrutura común de evacuación nin os propios parques, que foron obxecto dunha avaliación ambiental separada e independente, ao marxe deste proxecto. Deste xeito, sométese a exposición pública e como proxecto independente, a evacuación da enerxía xerada en só tres parques eólicos do mesmo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grupo empresarial (parque eólico Barrosino, de 13,5 MW, parque eólico Vilartoxo, de 27,0 MW, e parque eólico Troitomil, de 30,0 MW), e eliminándose deste trámite de exposición pública e de avaliación ambiental o resto dos proxectos de parques eólicos e solución de evacuación conxunta e común para os parques eólicos de Vilartoxo, Barrosino e Troitomil, mais tamén para outros 10 proxectos da zona.

Tal é a preocupación existente entre a poboación polo temor de que se cheguen a efectivizar estes proxectos, que a corporación municipal de Val do Dubra chegou a manifestar o rexeitamento a este parque eólico no pleno celebrado no mes de outubro.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

– Que valoración fai o goberno galego dos proxectos de parques eólicos existentes para a contorna da comarca de Compostela?

– É consciente o goberno galego do impacto que suporía a construción do parque eólico Vilartoxo sobre a economía local así como a habitabilidade da zona?

– É coñecedor o goberno galego da riqueza cultural e natural existente na zona de afectación do parque? Que opinión lle merece que fiquen dentro do parque eólico elementos arqueolóxicos, tanto catalogados coma sen catalogar, coa potencial falta de aproveitamento e estudo que suporá? Ten algunha medida prevista para localizar máis elementos patrimoniais?

– Cal é a razón pola que os parques eólicos de Vilartoxo, Barrosino e Troitomil se están a tramitar de xeito independente a pesar de compartir infraestruturas como poden ser as liñas de evacuación? Considera o goberno galego que existe algunha xustificación para este feito?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Ten algunha medida prevista o goberno galego para avaliar de xeito conxunto todos os proxectos de parques eólicos existentes nas comarcas de Compostela, o Xallas e a Barcala?

– Considera a Xunta de Galiza impulsar un cambio na normativa eólica actual que permita a participación dos axente implicados e que garanta un desenvolvemento eólico con participación pública que sexa xusto socialmente e respectuoso co medio natural e rural?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/12/2021 13:58:06

Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 13:58:10



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Paloma Castro Rey, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Sendo a educación o instrumento máis potente para a mellora individual e social, o noso sistema educativo (que como tal ten menos dun século de vida) debe ser dinámico e evolucionar para dar resposta á complexidade do mundo e do propio coñecemento que se ten del, así como á rápida transformación social que se está a producir no século XXI.

Un dos campos nos que o noso coñecemento evolucionou con gran rapidez nas últimas décadas e ó do medio ambiente e a ecoloxía, en paralelo co progresivo colapso ecolóxico que foi pronosticado polo informe do Clube de Roma sobre Os límites do crecemento (1972), sucesivamente actualizado e que se concreta na actualidade en fenómenos como a crise climática que afronta a humanidade, a perda acelerada de biodiversidade, a contaminación da auga e do aire, etc, etc.

A concienciación medioambiental da nosa xuventude é cada vez maior. Como mostra, o 47 % das persoas mozas entre 14 e 29 anos considera que o cambio climático é “o problema máis importante”, segundo o informe *Juventud en España 2020* de Injuve, fronte ao 17 % dos adultos. En contraste, existe un amplo consenso na comunidade educativa sobre as carencias da educación ambiental no noso país (e en moitos outros), así como sobre a súa importancia.

Segundo o estudo *La educación ambiental en el entorno familiar* realizado dentro do proxecto educativo ambiental de Ecoembes Naturaliza, o 72,7 % dos pais e nais considera clave que se imparta educación ambiental cando escolle centro educativo para os seus fillos, e a maioría opina que aprender valores ambientais contribúe á mellora da formación xeral e ás capacidades, especialmente dos máis pequenos.

O informe da UNESCO '*Aprender polo planeta*', que analiza os plans educativos e marcos curriculares de arredor de 50 países, constata que máis da metade non fai referencia ao cambio climático e só o 19 % menciona a biodiversidade, polo que fixa como obxectivo facer da educación ambiental un compoñente esencial dos plans de estudio de todos os países no ano 2025. En España a nova Lei educativa (LOMLOE), aprobada en decembro de 2020 e que dota de máis



autonomía ás CC.AA e centros de estudo, afirma que o sistema educativo "non pode ser alleo aos desafíos que implica o cambio climático do planeta, os centros docentes han de converterse nun lugar de custodia e coidado do noso medio ambiente".

Despois de que a LOMCE, aprobada en solitario polo PP en 2013, impuxese un retroceso no eido da educación ambiental, o MITECO está poñendo en marcha un Plan de acción de educación ambiental para a sostibilidade (PAEAS), que recolle algúns pasos para impulsar a educación ambiental dentro dos colexios, con seis eixos operativos e 61 accións clave a desenvolver por parte da Administración xeral do Estado.

Finalmente, o informe da Unesco *Educación para os obxectivos do desenvolvemento sostible*, considera que son necesarias “experiencias directas” que afecten no emocional ao alumnado, sinalando que “as competencias non se poden ensinar, senón que os alumnos adquirenas con acción, experiencia e reflexión” e avoga por que o estudantado sexa capaz de crear en grupo “accións innovadoras” que fomenten a sostibilidade a escala local. Nese sentido, son múltiples as experiencias de apadriñamento ou adopción de ecosistemas que se teñen desenvolto con éxito en centros educativos de todo o mundo.

Mentres tanto, o Goberno de Galicia limítase a fachendear da súa adhesión ao proxecto europeo *Life Evergreen with Volunteers* (LEWO), que promove tarefas de voluntariado ambiental, obviando que a educación ambiental está practicamente ausente dos currículos dos centros docentes de Galicia.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Vai o Goberno galego implantar con carácter transversal a educación ambiental nos plans de estudo dos diferentes centros educativos de Galicia para afrontar as carencias actuais nesa materia dentro da autonomía que lle outorga a LOMLOE

2ª) Considera o Goberno galego que a educación ambiental debe ser unha parte fundamental do sistema educativo no século XXI?

3ª) Vai o goberno galego implantar nos centros educativos de Galicia actividades de educación ambiental que impliquen contacto e aprendizaxe directos na natureza?





Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/12/2021 11:20:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/12/2021 11:21:02

Paloma Castro Rey na data 30/12/2021 11:21:22



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Segundo informacións periodísticas a xustiza investiga un presunto caso de corrupción na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) por parte dun ex-subdirector deste organismo autonómico. Segundo as ditas informacións foi a propia Xunta a que denunciou ante a Fiscalía posibles irregularidades na tramitación de dúas subvencións ao concello da Pobra de Brollón, aínda que tamén paralizou unha terceira polo mesmo motivo. As tres axudas suman case 290.000 euros de fondos públicos.

A avogacía da Xunta acudiu ante a Fiscalía para denunciar unhas irregularidades que a acusación pública considera presuntos delitos de prevaricación administrativa e falsidade en documento oficial por parte de Javier Blanco Carballal, ex-subdirector de Relacións cos GDR de Agader e ex-voceiro do PP no concello de Lalín. Blanco tamén foi director do Banco de Terras e agora traballa nunha consultora privada.

O caso vai ser investigado, pois o Xulgado de Instrución número 2 de Santiago incoou dilixencias previas para determinar se existe motivo para abrir un proceso, segundo consta nun auto do pasado día 4 de novembro de 2021. A Xunta reconece a situación ante a detección de posibles irregularidades na tramitación desas axudas. Isto motivou a consecuente paralización dos procedementos de tramitación dos expedientes en tanto non se produza o pronunciamento” da xustiza.

O caso sobre o que se incoan dilixencias nace en outubro de 2017. Agader e o concello de Pobra de Brollón, asinaron un acordo para que leste recibise unha subvención máxima de 35.264 euros. O concello xustificou actuacións en xaneiro de 2018 por 34.525 para o proxecto arqueolóxico Castro de San Lourenzo. O diñeiro non chegou ao concello, que decidiu presentar un recurso contencioso-administrativo nun xulgado de Santiago para reclamar uns fondos sen os cales un municipio tan pequeno apenas pode actuar.



Ao denunciar o caso, Agader freou o expediente e, polo tanto, o pago de fondos. O mesmo sucedeu con outra axuda, nese caso un convenio para a mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias. O acordo asinouse en xullo de 2016 por unha axuda de 54.883 euros, contía que logo se elevou a 70.870. Agader só pagou ao concello a primeira cifra e quedan pendentes 15.986 euros.

Outro caso está en dúbida, trátase do acordo entre Pobra de Brollón, Agader e a Axencia de Turismo de Galicia para construír un albergue no Camiño de Inverno. A contía ascendía a 182.137 euros divididos en dous pagos: 34.835 o ano pasado e 147.301 leste. O municipio xustificou a primeira anualidade e solicitou en outubro de 2020 un anticipo de 145.709 euros para proseguir coas obras tras adquirir unha casa para esa función, pero Agader freou o proxecto ao detectar tamén irregularidades.

Non sabemos se existen máis convenios asinados por este exdirectivo do Agader con outros concellos ou empresas e en que situación están, tampouco o montante económico que pode supoñer para estas entidades no caso de que estiveran na mesma situación e se a administración galega iniciou un expediente administrativo por este caso.

Fomos coñecedores polos medios de comunicación que este ex-directivo estivo a piques de ser nomeado asesor do goberno municipal de Lalín baixo o novo mandato do alcalde Crespo, pero o es subdirector xeral declarou estar agora ocupado coa posta en marcha dun proxecto empresarial, que segundo un medio de comunicación é unha consultora con base en Lalín denominada “Edición Consultores” e que na que figura como propietario o propio Blanco, segundo a Oficina Española e Patentes y Marcas. A dita consultora non sabemos se ten contratos asinados coa administración autonómica ou asesora a entidades locais en procesos de axudas convocados pola Xunta de Galicia.

Ante estas denuncias tan graves a un ex-responsable do Agader e ex-voceiro do PP en Lalín, nunha praza de subdirector que hai poucas datas que denunciabamos que fora preparada para outro ex-responsable do PP no Barco de Valdeorras e ex-deputado no Parlamento de Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Pode o Goberno galego aclararnos cales son as acusacións que fai ao ex-subdirector de Relacións cos GDR do Agader e director do Banco de Terras?



2º) Ten aberto o Goberno galego un expediente administrativo ante as denuncias coñecidas?

3º) Existen máis convenios con outros concellos ou empresas asinados por este ex-directivo? Cales son e cales están nunha situación similar á que coñecemos do concello de Pobra do Brollón?

4º) Cal é a solución que lle ofrece o Goberno galego ao Concello de Pobra de Brollón polo furado de 100.00 euros que lle supoñen estas supostas irregularidades dun ex-directivo da Xunta de Galicia a un concello pequeno do rural?

5º) Como vai o Goberno galego solucionar a promesa incumprida para a construción dun albergue neste concello?

6º) Cóntalle ao Goberno galego que exista relación contractual da consultora propiedade deste ex-directivo coa Administración autonómica ou asesorando a entidades locais en procesos de axudas convocados pola Xunta de Galicia?

2ª) Pensa o Goberno galego seguir acumulando cargos do PPdeG nos postos de responsabilidade do Agader, como o caso do novo subdirector de Relacións cos GDR do Agader en mans dun ex-deputado desta cámara ou de asesor como o caso do ex-alcalde de Fisterra?

3ª) Pensa o Goberno galego que ten relación directa a posición no PPdeG do ex-subdirector de Relacións cos GDR do Agader, coas irregularidades denunciadas?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 30/12/2021 15:38:46

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/12/2021 15:39:01



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte interpelación.

O artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dispón no parágrafo segundo do seu punto 1 que se deberán publicar datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. Na páxina *web* de transparencia da Xunta de Galicia, estes datos figuran ata o ano 2018, pero, sorprendentemente, a día de hoxe, a piques de rematar o ano en curso, non figuran os correspondentes aos anos 2019 e 2020, un retraso que lonxe de ser puntual se repite ano tras ano.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Considera o Goberno galego que se deu cumprimento en prazo á lexislación vixente en materia de publicidade dos datos estatísticos de contratos?

2ª) Que motivos poden explicar a tardanza producida?

3ª) Cando prevé o Goberno galego que figuren estes datos concretos na páxina de transparencia da Xunta de Galicia?

4ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2019 e 2020 dos órganos de contratación da Administración autonómica da comunidade autónoma de Galicia e do seu sector público, por tipo de contrato (administrativos especiais, obras, servizos, subministracións, xestión de servizos públicos, colaboración público-privada, sectores da auga, enerxía, transportes e servizos postais, concesión de obra pública)?

5ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2019 e 2020 dos órganos de contratación da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público por tipo de procedemento (aberto, diálogo competitivo, negociado, restrinxido, derivados de acordo marco, outros, contratos menores, de emerxencia)?



6ª) Cales son os datos estatísticos correspondentes á actividade contractual de 2019 e 2020 dos órganos de contratación da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público por importe para cada un dos tipos de procedemento (aberto, diálogo competitivo, negociado, restrinxido, derivados de acordo marco, outros, contratos menores, de emerxencia)?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/12/2021 16:01:16

Paloma Castro Rey na data 30/12/2021 16:01:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás previsións respecto das condicións para a declaración da renda do exercicio 2021, ás actuacións que debe impulsar a Xunta e ás que debe demandar do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación socioeconómica, marcada polo impacto da pandemia da covid-19, a inflación e a evolución do mercado laboral condiciona a capacidade económica das persoas. Nesa capacidade económica xoga un papel fundamental o cumprimento das súas obrigas tributarias e que as normas coas que debe desenvolverse teñan un verdadeiro carácter redistributivo ou non.

É necesario recordar que o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas é un tributo cedido parcialmente de carácter persoal e directo que grava a renda das persoas físicas segundo diferentes parámetros das súas circunstancias persoais e familiares. Este imposto ten unha importancia capital na repartición das rendas e na contribución da cidadanía ao sostemento dos servizos públicos.

A normativa que o regula é de carácter estatal e recóllese a través fundamentalmente da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Este texto legal ten en conta a capacidade normativa propia das Comunidades Autónomas cuxo alcance se determina





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no artigo 46 da Lei 22/2008, do 18 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía. Ao abeiro desta capacidade normativa, as comunidades poden arbitrar deducións e diferentes beneficios.

Este reparto de competencias podería verse reformulado de negociarse un novo sistema de financiamento, máis ao non desenvolverse este extremo, pendente desde 2014, non houbo unha actualización do marco nin Galiza defendeu máis cotas de autogoberno baixo os mandatos de Núñez Feijoo. Tampouco se coñece, a día de hoxe, proposta algunha por parte do goberno galego.

Para o exercicio da Renda do ano 2020 (a declarar en 2021) no uso das competencias normativas que lle corresponden, a Xunta de Galiza aprobou, en síntese, as seguintes deducións:

- Dedución por nacemento ou adopción de fillos/as
- Dedución por familia numerosa
- Dedución por acollemento
- Dedución por coidado de fillos menores
- Dedución por suxeitos pasivos discapacitados, de idade igual ou superior a sesenta e cinco anos, que precisen axuda de terceiras persoas
- Dedución por aluguer de vivenda habitual
- Dedución por gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación
- Dedución por investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación e o seu financiamento
- Dedución por inversión en accións de entidades que cotizan no segmento de empresas en expansión do Mercado Alternativo bolsista
- Dedución por doazóns con finalidade en investigación e desenvolvemento científico e innovación tecnolóxica
- Dedución por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables na vivenda habitual e destinadas exclusivamente ao autoconsumo
- Dedución por rehabilitación de bens inmoables situados en centros históricos
- Dedución por investimento en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra
- Dedución da cota íntegra autonómica por determinadas subvencións e/ou axudas obtidas a consecuencia dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do ano 2017
- Deducións da cota íntegra autonómica para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico que tivo lugar en Tui durante o mes de maio do 2018
- Dedución na cota íntegra autonómica por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou en vivendas unifamiliares





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galiza

É de salientar que, malia as promesas electorais e no discurso de investidura, finalmente, un ano máis, a Xunta de Galiza non arbitrou reducións para as familias monoparentais, malia que son un dos sectores máis vulnerábeis da nosa sociedade tal e como sinalan numerosos indicadores, como por exemplo, os informes anuais da Rede Galega contra a pobreza.

Así mesmo, malia que algunhas das deducións incorporadas para o exercicio 2020, como a desgravación por doazóns á investigación, sinalan un dos camiños e necesidades derivadas da pandemia do coronavirus, non é menos certo que en xeral as deducións formuladas teñen unha adaptación insuficiente ao novo contexto que viven os galegos e galegas.

De forma especial, cómpre sinalar a insuficiencia deste marco normativo e da formulación concreta da Xunta de Galiza para atender e paliar mediante este exercicio do autogoberno o impacto sobre a clase traballadora da crise económica agudizada pola covid-19. Singularmente, a Xunta de Galiza desaproveita a oportunidade de protexer mediante algunha dedución autonómica no IRPF aqueles traballadores e traballadoras máis castigados pola precariedade laboral e que no ano 2021 foron afectados por un ERTE, polo desemprego ou por varios contratos de diferentes empregadores por necesidade de complementar rendas moi cativas.

O impacto da pandemia da covid-19 nas capas máis vulnerábeis da sociedade non será unha cuestión que remate no exercicio fiscal do ano 2021, senón que se alongará nos próximos anos. Sen ir máis lonxe, 2022 será un ano marcado pola renuncia do goberno do Estado de PSOE e Unidas Podemos a derrogar os aspectos máis lesivos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da reforma laboral, de impacto da crise da suba dos prezos e de dificultades económicas nun contexto de incerteza. Polo tanto, é necesario valorar o impacto das desgravacións arbitradas para o exercicio 2020 e tomar medidas para adaptar as desgravacións do ano 2021 ás necesidades sociais.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- . Que avaliación fai a Xunta de Galiza das medidas fiscais aplicadas no ámbito do seu autogoberno no pasado exercicio da renda?
- . Considera que axudaron a paliar as desigualdades sociais e o impacto da pandemia?
- . Que medidas prevé para a declaración respecto do ano 2021 e adaptarse ao contexto social e económico da covid-19?
- . Vai exercer o goberno galego a súa capacidade de autogoberno en materia fiscal para axudar aos colectivos afectados por ERTE, desemprego e contratos precarios que se ven prexudicados polos limiares que esixen a declaración da renda?
- . Vai demandar o goberno galego máis capacidade normativa ao goberno do Estado?
- . Vai demandar ao goberno do Estado medidas concretas para a realización do próximo exercicio da renda? En que termos?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/01/2022 10:20:37

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/01/2022 10:20:41

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 10:20:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao impacto económico e laboral en Galiza da xeración de enerxía eólica e ás medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para evitar a constante perda de emprego por peches e deslocalizacións das empresas do sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un semestre máis, os últimos datos de Red Eléctrica de España certifican o papel de potencia enerxética de Galiza. Galiza exportou no primeiro semestre de 2021 o 35% da electricidade producida, superando en máis de 8% a enerxía xerada no mesmo período do pasado exercicio. Ao mesmo tempo, cómpre sinalar que se confirma a tendencia de 2020 sobre a xeración de orixe renovábel, que segue en aumento até superar en 26% o consumo interno do país.

Porén, esta situación de potencia contrasta co reducido retorno económico que ten no noso país e con graves procesos de destrución de emprego. No marco da profunda crise industrial que vive Galiza observamos como malia non ter xerado nunca tanta enerxía eólica e experimentar un boom de solicitudes de novos parques, destrúese e deslocalízase emprego, como o caso de Siemens Gamesa e, máis recentemente, Vestas na Mariña.

Así mesmo, vemos como diferentes informes, como os elaborados polo Observatorio eólico da Vigo, alertan do reducido retorno para persoas e comunidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propietarias así como para as entidades municipais. Neste sentido, é necesario tamén sinalar como a recadación do canon eólico non para de baixar, ademais de ser un modelo eivado.

Este é o resultado dun modelo que renunciou á participación e á planificación pública e que non impulsa medidas como a esixencia de que unha compoñente mínima sexa de fabricación galega, que non destina recursos á vinculación co sistema innovador e que tampouco esixe o desenvolvemento de Plans industriais asociados aos novos parques.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- . Como valora o goberno galego o insuficiente retorno económico que ten a xeración líder de eólica de Galiza?
- . Como valora o goberno galego o fracaso do canon eólico?
- . Como valora o goberno galego o retorno económico para a cidadanía do papel de produtora eólica de Galiza?
- . Como valora o goberno galego a destrución de postos de traballo e deslocalización de empresas como Vestas ou Siemens Gamesa?
- . Como explica o goberno galego que malia ser líder Galiza en xeración de enerxía eólica isto non supoña un retorno económico directo en materia de industrialización, emprego e recursos económicos?
- . Vai rectificar e impulsar medidas de participación pública?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai impulsar un novo marco normativo para a enerxía eólica?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/01/2022 11:20:15

Ramón Fernández Alfonso na data 04/01/2022 11:20:20

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 11:20:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás actuacións do goberno galego para defender a soberanía financeira e política de Galiza diante da inxerencia ao autogoberno que supón a aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra a fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elisión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo trae canda si unha fragante vulneración do dereito civil galego e do autogoberno do noso país. Durante a tramitación foron moitas as voces que alertaron da tremenda confusión na que o goberno central estaba a incorrer e o propio Parlamento Galego pronunciouse maioritariamente, aínda que a diferenza de ocasións anteriores non de forma unánime, contra dita vulneración.

Así as cousas, en xuño de 2021 a Comisión Superior de Dereito Civil alertaba dos efectos dos cambios normativos. Na mesma liña, o pasado mes de xullo a Xunta de Galiza avanzaba en sede parlamentar novamente, en palabras de Valeriano Martínez,





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conselleiro de Facenda, que estaba a estudar as vías legais oportunas para defender ante os tribunais os dereitos e os intereses de todos os galegos e galegas.

En setembro de 2021 coñecía-se pola prensa que o goberno central, a través do Ministerio de Política Territorial accedía a iniciar negociacións coa Xunta de Galiza para resolver as discrepancias existentes.

En novembro de 2021 publicábase no Diario Oficial de Galiza o acordo da Comisión Bilateral, punto de partida para a creación dun grupo de traballo.

Con independencia das fondas discrepancias que este Grupo Parlamentario ten co Grupo de goberno e coa política fiscal da Xunta de Galiza respecto da imposición no ámbito das transmisións e do patrimonio, resulta a todas luces inxusto considerar que realizar un acto lexítimo segundo o Dereito Civil Galego e respectando as normas tributarias propias, sexa unha práctica de evasión fiscal. Trátase dun debate diferenciado e é evidente que, de manterse o texto actual, malia a lixeira mellora producida durante a súa tramitación, vai supor un grave prexuízo para moitos e moitas galegas, máis aínda nun momento de crise económica onde o uso dos bens que posúen as familias para saír adiante é máis do que esperábel.

Ademais destas cuestións, é necesario que Galiza defenda o seu autogoberno e rexeite a inxerencia do Estado neste ámbito e desafortunadamente Galiza conta cunha ampla experiencia na que o diálogo co goberno central non funcionou, como foi o caso do IVE de 2017, e foi preciso recorrer á vía xudicial.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é o resultado das negociacións da Xunta co Estado para facer respectar o desenvolvemento propio do dereito civil galego respecto dos pactos sucesorios?

. Prevé o goberno galego un resultado satisfactorio?

. De non ser así, xa tomou ou prevé tomar medidas xudiciais? Cales e en que datas?

. Que medidas está a impulsar o goberno galego para defender o autogoberno económico e financeiro do noso país?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 04/01/2022 11:43:52

Ramón Fernández Alfonso na data 04/01/2022 11:43:56





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/01/2022 11:44:05

Noa Presas Bergantiños na data 04/01/2022 11:44:13



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A prevención e loita contra a corrupción é fundamental en calquera estado democrático. Despois de que a primeira sentenza do caso Gürtel condenase ó PP como partícipe a título lucrativo no que, sinteticamente, describiu como un “auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional” e inmersos como estamos aínda nunha sucesión de procedementos xudiciais nos que van sumándose múltiples condenas de persoas relacionadas de forma máis ou menos directa con ese partido e coa corrupción asociada ó mesmo, é inaprazable mellorar os procedementos e mecanismos para a loita e prevención da corrupción, especialmente cando 6 anos despois de que en 2015 o presidente da Xunta de Galicia lanzase en 2015 o denominado programa de impulso democrático con 5 leis e 50 medidas que, segundo nota de prensa da Xunta de Galicia pretendían situar a Galicia “por diante en transparencia e exemplaridade”, os mecanismos reais de prevención e loita contra a corrupción brillan pola súa ausencia en Galicia.

A Directiva Europea 1937/2019, relativa á protección dos denunciante de corrupción contempla unha serie de mecanismos que deben ser aplicados polos estados membros, algúns dos cales deben selo polo Estado pero outros poden selo polas comunidades autónomas, como xa sucedeu noutras comunidades autónomas.

A directiva –aplicable nas organizacións públicas e privadas- pretende protexer ós alertadores, ou whistleblowers, que proporcionen información obtida nun contexto laboral sobre irregularidades na contratación pública, prevención do branqueo de capitais, financiación do terrorismo, protección do medio ambiente, sanidade, saúde pública, protección da privacidade e dos datos persoais, e infraccións que afecten ós intereses financeiros da UE, entre outras.



Un dos elementos substantivos do sistema institucional deseñado para a protección do informador ou denunciante, é o establecemento de canles internos efectivos para a tramitación axeitada das denuncias, e de mecanismos e garantías que protexan ó denunciante de calquera represalia polo exercicio desta importante función.

Á espera da transposición completa da directiva, que debe facer o Estado e que dará lugar proximamente ó correspondente proxecto de lei, a Xunta de Galicia ten a capacidade e a competencia, así como a obriga, de establecer xa unha canle interna de denuncias así como garantías para os eventuais denunciante, que é algo completamente diferente do caixón de queixas e suxestións que existe actualmente.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai a Xunta de Galicia a cumprir o establecido na Directiva Europea 1937/2019, relativa á protección dos denunciante de corrupción, dentro do ámbito das competencias da Comunidade Autónoma galega, en particular mediante a creación dunha canle interna de denuncias, así como do establecemento das garantías necesarias para a protección dos denunciante?
2. Cales son os mecanismos que vai establecer para ese cumprimento?
3. Por que non dispón aínda a Xunta de Galicia de mecanismos para permitir a denuncia interna de irregularidades e a garantía da protección dos denunciante desas irregularidades?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2022

Asdo.: Pablo Arangüena Fernández

Paloma Castro Rey

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2022 13:46:21
Nº Rexistro: 27061
Data envío: 04/01/2022 13:46:21.472

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 04/01/2022 13:36:58

Paloma Castro Rey na data 04/01/2022 13:37:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela, Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Atención Primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de tódolos axentes implicados no deseño e implementación das políticas públicas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto vén dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España).

A última decisión nefasta do Goberno autonómico na Atención Primaria da nosa comunidade é que restrinxe a actividade en varios centros de saúde, cuxos facultativos/as só atenderán urxencias e casos de Covid. Así o reflicte unha instrución da Dirección de Atención Primaria, na que se xustifican as medidas ante o "crecemento explosivo do número de contaxios de Covid" e a previsión de que se manteña, e para axudar ás persoas profesionais dos centros de saúde para "facer fronte" á situación.

Segundo o Sergas adóptanse unha serie de medidas para dar resposta á "escaseza de persoal sanitario" que sofren diversas unidades de Atención Primaria da área sanitaria de Vigo. Estas medidas, que afectan só ao persoal sanitario, consisten en "descitar" toda actividade programada que se poida retrasar, bloquear todos os ocos dispoñibles nas axendas de citación, e "traballar só baixo demanda, atendendo só consultas urxentes e relacionadas coa Covid".



Estas medidas aplicaranse nos centros de saúde con escaseza de médicos do 50 % ou máis. As medidas estarán en vigor ata o 10 de xaneiro momento no que se revisará a situación. Esta situación débese a que hai moitos profesionais de baixa, outros de vacacións e prazas vacantes por xubilacións que non se cobren.

A restrición de actividade afecta ás unidades de Primaria do Rosal, A Guarda, Oia, Cangas (en quenda de tarde), Moaña (en quenda de tarde), Pontearreas, O Porriño, Tomiño e en Vigo no centro de saúde de Navia, Nicolás Peña, Beiramar, Casco Vello, Matamá e Teis (en quenda de tarde).

Estas novas medidas son un ataque á sanidade pública, gratuíta e universal. Toda a cidadanía ten dereito a acudir ó seu médico por calquera enfermidade.

A Atención Primaria está totalmente desbordada con xornadas de ata 190 pacientes nalgúns PAC; cuns profesionais esgotados; con cada vez máis cadros de depresión e ansiedade entre os médicos e médicas e cun total desánimo.

Existe unha falta total de coordinación entre rastreadores e centros de saúde e destacar que o número de teléfono de atención ao paciente para notificar os positivos está continuamente colapsado polo que, ao final, a cidadanía ten que recorrer ó centro de saúde engrosando as axendas que xa son inasumibles.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista levamos todo o pasado ano denunciando ó colapso da Atención Primaria. Esta é unha mostra máis desa saturación no sistema galego de saúde, saturación que vimos alertando os socialistas durante toda esta lexislatura.

Resulta necesario poñer de maneira urxente á dispor dos centros de saúde os recursos humanos e equipamento suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación, para deste xeito garantir a correcta e plena asistencia sanitaria na Atención Primaria.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Sergas a incorporar inmediatamente máis persoas facultativas nestes catorce centros de saúde que lles acaba de restrinxir a actividade que afecta ás unidades de Atención Primaria?



2. Ten pensado a Xunta de Galicia incorporar novos/as facultativos/as con salarios equiparables aos países veciños e con maior estabilidade laboral para facer atractivo traballar en Galicia?
3. O Goberno autonómico vai realizar unha verdadeira planificación de profesionais médicos destes centro de saúde conforme á poboación de cada municipio?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro do 2022

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/01/2022 17:26:17

Julio Torrado Quintela na data 05/01/2022 17:26:42

Noelia Otero Lago na data 05/01/2022 17:26:50

Paloma Castro Rey na data 05/01/2022 17:26:58

Marina Ortega Otero na data 05/01/2022 17:27:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O descenso continuado da poboación equina dos chamados garranos, que viven en liberdade nos montes galegos, está creando un serio problema en canto á biodiversidade pola perda de recursos xenéticos desta especie, adaptada aos pastos comunais do noso territorio desde tempos ancestrais, e pola acción do pastoreo nos hábitats onde se desenvolven este animais. Trátase dun animal racialmente diverso, sempre especialmente adaptado ás condicións de vida moitas veces extremas das serras de Galiza.

Galiza é reserva do Garrano, o único cabalo salvaxe que queda en Europa.

O declive desta especie e o do hábitat que lle corresponde por dereito propio desde o Pleistoceno, vese agravado nos últimos tempos pola perda de peso do tradicional e, por se non ter feito unha transición consecuente coa súa condición que dirixida e cuberta polas Administracións recupérase plenamente o papel de conservación da biodiversidade que conforman el e o seu hábitat, podendo así preservar a súa permanencia en plenitude de funcións e riqueza cultural e natural.

Porque intimamente ligados ao seu aproveitamento polo ser humano están a permanencia dos brezais (queirogas, uceiras, carpaceiras...), das turbeiras de coberteira,



da loita contra dos incendios ao controlaren a biomasa, do equilibrio do lobo e da permanencia da dondeza da nosa vella e amable orografía.

Ten, pois, moito a ver coa paisaxe, coa biodiversidade e cun feito único no mundo: a conservación dunha especie singular, nun hábitat singular cunha actividade singular, a de besteiro. Non hai lugar no planeta que conserve équidos en estado salvaxe, adaptados a un territorio que aínda lles é propio, nun número xeneroso, que rondou os 20.000 exemplares a finais do século pasado.

A propia existencia e o aproveitamento dos recursos, crinas e carne, na actualidade non xera beneficios abondo e así, o mundo moderno, os mercados que todo o ordenan, mandan cruces para aumentar o seu tamaño e o seu rendemento cárnico sen caer na conta que este feito leva a outras esixencias coma pastos artificiais pois o garrano auténtico, sufrido e pouco esixente (adaptado aos brezais e ao toxo) ao aumentar de tamaño debilítase e pasa a ser presa fácil do lobo. E, ao tempo, a paisaxe e as turbeiras degrádanse converténdose todo nun despropósito cunha rendibilidade mínima nun aproveitamento ridículo.

Outro tanto acontece cando estes montes conservados ao longo de milenios pasan a ser proxectos forestais nese ardor forestalista que confunde monte con arboredo e que nega a multifuncionalidade e a sostenibilidade dos espazos que marcaron e marcan a nosa idiosincrasia lograda a por de anos, paciencia e simbiose equilibrada entre o físico e a vida, especie humana incluída.

Non debemos esquecer que cada garrano consome unhas 2,5 toneladas anuais de toxo reducindo notablemente a densidade de biomasa, e abrindo espazos que favorecen ao coello, á lebre, reptís...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha vez máis os mandatos de Europa, optando por unha das interpretacións posibles da norma, a máis gravosa para os besteiros, levou ao chipeado e á deturpación da realidade.

Mais non nos equivoquemos, non se trata de cabalos salvaxes propiamente dito. A maior parte teñen dono e vagan en liberdade controlada por terreos privados. É gando. Unha singular e ancestral forma de gandaría en réxime de "liberdade controlada" que deixou de ter interese económico e que sucumbe ante o declive do rural e falta de relevo xeracional.

No seu declive, eses montes que pacen e limpan pasan a seren aproveitados para plantar eucaliptos que garanten unha renda con pouco esforzo. A Administración, sabendo todo isto, nada fai por remedialo e permanece impasible facilitando o camiño ás eólicas, mineiras e pasteiras.

E así, tendo a quen lle botar a culpa (o lobo é o culpable fácil desta acusada desaparición), o goberno galego olla para outro lado e cumpre con dous cometidos, un, eludir responsabilidades e outro limpar de obstáculos a penetración de aproveitamentos mineiros, eólicos ou madeireiros, errando nas súas políticas, por unha incompleta análise de tódolos factores que entran en xogo, ao posicionarse claramente a favor de intereses de terceiros.

Desde a normativa de 2.009 e o DECRETO 142/2012, do 14 de xuño, polo que se estableceron normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galiza, quedaron un bo número de greas sen regularizar creando unha situación curiosa, pois unha vez máis o feito de ignorar a realidade lévanos á existencia de gando clandestino que todo o mundo sabe que existe, que é caldo de cultivo para os cuatreiros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que actúan en toda Galiza, pero ninguén fai nada por remediar razoablemente esa situación.

Nese tempo o chipeado valía tanto coma o animal no mercado.

Mentres tanto gando e besteiros van desaparecendo, e a Administración bota as culpas a quen non as ten.

A investigadora Laura Lagos, que documentou por varias veces a desaparición de camadas enteiras en períodos moi curtos de tempo, afirma: "*Na miña tese doutoral deixei probado que a depredación do lobo non supera o 50% das novas crías. Nalgunhas zonas de Galiza a outra metade desaparece case da noite para a mañá por unha evidente intervención humana. Non existe outro predador posible*".

Pois é. Houbo membros de Comunidades de Montes e propietarios doutros concellos que no seu día non quixeron regularizar os seus animais nin no REGA nin no chipeado e que foron vendo mermar ou desaparecer por completo as súas bestas. Neste proceso interviron redes clandestinas e individuos que exerceron de verdadeiros “cuatreiros” dando saída para carne ou para engrosar outras greas noutros montes mesmo en Portugal onde a actividade gozaba de mellor saúde.

O deterioro foi manifesto, as greas foron esnaquizándose en pequenos grupos cada vez máis vulnerables tanto fronte ao lobo coma aos roubos.

A identificación por medio de chipeado, os farragosos trámites para rexistrar unha explotación en terreos forestais e demais atrancos institucionais están levando á morte unha actividade que debера ser protexida e mimada pola Administración e por extensión pola sociedade en xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porque do que se trata é de modificar o decreto 142/2012, do 14 de xuño para excepcionar da obriga de identificación con transpondedor electrónico ós garranos que viven en condicións silvestres ou semisilvestres en espazos abertos das serras de Galiza, facer unha normativa razoable que atenda á realidade e modifique tamén o Decreto (que desenvolve a Lei de Montes de Galiza) simplificando ao máximo a burocracia no trámite de inscrición de aproveitamentos gandeiros.

Definir un modelo de ordenación e incentivar a actividade redundará sen dúbida en beneficio da sociedade ao contemplar, **coa debida responsabilidade**, a protección de bestas e besteiros que na súa contribución ao monte, á preservación do territorio e da súa biodiversidade na defensa contra do lume e na permanencia das turbeiras e demais espazos singulares, compren inequivocamente un labor que vai máis alá da explotación dun recurso que tradicionalmente eran crinas, carne e animais de traballo.

Por estes motivos formúlase a interpelación:

Cre este goberno que valora na súa xusta medida a importancia da existencia dos garranos e besteiros e a necesidade de orientar a súa actividade e aproveitamento cara a outros escenarios diferentes aos que tradicionalmente viñan sendo?

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 07/01/2022 11:48:00

María González Albert na data 07/01/2022 11:48:03

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/01/2022 11:48:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, M^a Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, M^a Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre os datos de desemprego nos meses de setembro a decembro, asociados á situación socioeconómica e mercado de traballo na Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada pola necesidade de que o Parlamento se posicione diante das políticas de emprego da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A análise dos datos de desemprego dos meses de setembro, outubro e novembro amosaron de forma meridiana o feble que é o tecido económico e laboral da Galiza e o inestábel do mercado de traballo galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos meses de setembro e outubro incrementouse o número de persoas desempregadas no noso país, rompendo a tendencia positiva que se observaba no resto do Estado, onde se xerou emprego e a recuperación é máis constante.

No mes de novembro, se ben houbo un lixeiro descenso do número de persoas rexistradas como paradas no SEPE (-0,84% en relación ao mes anterior), neste mesmo período a media de descenso do paro a nivel do Estado foi tres veces superior.

Lixeiro descenso na Galiza que ten a súa razón de ser na elevada temporalidade. Temporalidade que constitúe outro dos problemas recorrentes do emprego no noso país, intimamente relacionada cunha excesiva dependencia do sector servizos, como amosa o feito que nese mes a maior baixada do desemprego se producise, precisamente, nese sector (do total de novos contratos rexistrados neste mes, o 87% estaban relacionados co sector servizos e o 86% da contratación foi temporal).

Segundo datos do Ministerio de Traballo, Galiza conclúe 2021 con menos desempregados que no 2020, pero ese descenso é inferior á media do Estado, e no caso do mes de decembro, o desemprego baixou no noso país en 163 persoas respecto ao mes anterior, pero unha vez máis, esa baixada está moito por debaixo da media estatal (un 0,11% fronte ao 2,41%).

Unha vez máis, a actividade onde máis diminúe o desemprego é no sector servizos; e no relativo á contratación, aumentou respecto ao 2020 pero está por debaixo dos contratos asinados no 2019, último ano completo de normalidade pre-pandémica.

Predominio da contratación temporal e parcial; dependencia dos ciclos estacionais; dependencia do sector servizos fronte a un retroceso do emprego asociado á industria, en crise constante no noso país, son algunhas dos problemas estruturais do noso mercado de traballo, que non foron atallados polas políticas de emprego





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implementadas pola Xunta de Galiza nos últimos doce anos de goberno do Partido Popular.

Como ineficaces se amosaron esa políticas para corrixir a precaria situación de milleiros de mulleres e mozos e mozas dentro do mercado laboral galego, como se desprende do datos da enquisa de poboación activa (EPA) publicada fai unhas semanas. A fenda salarial, a feminización de determinadas actividades, a precarización ou a falla de oportunidades seguen a afectar á xente moza e á metade da poboación deste país en idade de traballar.

E de fondo, como coadxuvantes necesarios desta situación, unhas reformas laborais do 2010 e do 2012, lesivas para a crase traballadora galega, que só serviron para aumentar a precariedade laboral e impediron a creación de emprego estábel e de calidade en sectores estratéxicos como é o industrial.

Lesividade desas reformas que non se ve corrixida pola “non reforma laboral” anunciada coma un fito dende o goberno central, pero que deixa incólumes aspectos tan negativos como a flexibilización (por barato e unilateral) do despido, o poder case absoluto das empresas para decidir unilateralmente sobre modificacións substanciais das condicións de traballo ou descolgues salariais. Ou mesmo a prevalencia dos convenios estatais que impiden un marco propio de relacións laborais articulado a medio convenios autonómicos ou provinciais. Así como que sigan a prevalecer os convenios de empresa sobre os do sector, relativizando unha posíbel subida dos salarios. Aspectos todos eles negativos para a clase traballadora galega, que deberían mudarse durante a tramitación parlamentaria que se dará nas próximas semanas no Congreso dos Deputados.

Ante esta situación, o goberno galego, dentro das súas competencias, debe adoptar medidas efectivas e de calado que corrixan problemas estruturais do noso





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mercado laboral, que supoñan avances significativos para as maiorías sociais deste país e, en concreto, atallen a precaria situación laboral de mulleres e mozos galegas. Así como esixir do Estado a derogación das reformas laborais do 2010 e 2012 que tanto dano lle fixeron á clase traballadora galega.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Considera o goberno galego que as políticas de emprego implementadas nos doce últimos anos resolveron eivas estruturais do noso mercado de traballo, que afectan especialmente ás mulleres e á xente moza?

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2022

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

M^a Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

M^a Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 05/01/2022 12:19:26

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/01/2022 12:19:37

Mercedes Queixas Zas na data 05/01/2022 12:19:46

Rosana Pérez Fernández na data 05/01/2022 12:19:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/01/2022 12:20:10

Daniel Pérez López na data 05/01/2022 12:20:20

Iria Carreira Pazos na data 05/01/2022 12:20:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/01/2022 12:20:46

Daniel Castro García na data 05/01/2022 12:20:56

María del Carmen Aira Díaz na data 05/01/2022 12:21:07

Noa Presas Bergantiños na data 05/01/2022 12:21:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/01/2022 12:21:33

María González Albert na data 05/01/2022 12:21:46

Xosé Luis Bará Torres na data 05/01/2022 12:21:57

María Montserrat Prado Cores na data 05/01/2022 12:22:08

Alexandra Fernández Gómez na data 05/01/2022 12:22:16

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/01/2022 12:22:27

María do Carme González Iglesias na data 05/01/2022 12:22:35

Paulo Ríos Santomé na data 05/01/2022 12:22:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral, Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á necesidade de que a Xunta rectifique a decisión de restrinxir a atención sanitaria en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, e as medidas a tomar para garantir a atención sanitaria a toda a poboación.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes sobre a situación da atención primaria na área sanitaria de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa decisión que ven de tomar a Xunta de Galiza de restrinxir a actividade asistencial e deixala reducida a casos COVID e urxencias en 14 centros de saúde da área sanitaria de Vigo, que co mesmo criterio podería estender a centos ao longo de todo o país, certifica a situación de colapso na que se atopa a Atención primaria que levamos,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xa non meses, senón anos denunciando, e que pretendeu agochar, creando un relato fraudulento de que eran problemas puntuais.

Unha decisión que non podemos máis que cualificar de inaceptábel porque:

- Significa deixar a miles de persoas sen dereito a asistencia sanitaria, con risco para a súa saúde, porque as patoloxías aínda que non sexan de gravidade precisan de atención para que non se agraven e porque a xente non pode aguantar durante días ou semanas, doentes crónicos que se poden descompensar: persoas hipertensas, diabéticas, con cardiopatías, problemas renais... Non podemos volver aos diagnósticos tardíos.
- Só vai saturar aínda máis os PACs e os servizos de urxencias hospitalarias xa ou límite.
- Foi tomada sen sequera comunicarllo aos representantes dos traballadores, nunha nova mostra de desconsideración, falta de respecto, polo seu traballo e entrega.
- Chove sobre mollado, a situación da área sanitaria de Vigo, de novo á cabeza de Galiza en deterioro e falta de recursos.

A Atención primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario.

A Atención primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O PP ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

Esta situación non é sobrevida, imprevista, achacábel a esta sexta onda da pandemia, senón que é consecuencia das políticas sanitarias que o PP con Núñez Feixóo á fronte leva 12 anos aplicando.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha situación que a pandemia non fixo máis que aflorar con toda crueza. A improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Núñez Feixóo durante toda a pandemia volve pórse de manifesto.

A degradación progresiva da AP é a consecuencia das decisións políticas que foi tomando, baseada no desmantelamento da Sanidade Pública. 12 anos de recorte do orzamento, de xubilacións das/os profesionais sen proceder á súa substitución. Como exemplo entre 2012 e 2017 xubiláronse 331 médicos de Atención primaria e só se repuxeron 221, 110 menos en 5 anos, a partir de aí a Xunta deixou de facilitar datos, ao igual que de 175 xubilacións de pediatras só se repuxeron 96.

A previsión é que nos vindeiros catro anos se xubilen 400 médic@s de familia, arredor do 15% do cadro actual, sen que haxa ningunha garantía de relevo, na actualidade xa hai máis de 50 cupos sen cubrir.

Unha situación que vimos denunciando, advertindo do que ía acontecer, demandando medidas, topándonos, ao igual que os miles de persoas que se teñen mobilizado e os profesionais co muro do PP, que se ten negado a escoitar as voces de alarma.

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación.

Pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e escaseza de profesionais e a falta de perspectivas de mellora.

Profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben aos doentes, que marchan fora, á privada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou solicitan excedencias. Facultativos de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade nesta Atención primaria saturada.

Voces de alarma pola constatación de que este deterioro é terreo aboadado para o medre da sanidade privada.

O PP non só non toma nota, senón que moi ao contrario está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública para garantir o negocio da privada.

Algún exemplo para verificar esta constatación:

O primeiro é que cando sería precisa unha auténtica aposta pola Atención primaria para sacala do colapso no que se atopa, o orzamento para 2022 aínda é máis baixo que no ano 2021, 2 millóns de euros menos, 47 millóns de euros menos que no 2009, hai 12 anos, que de aplicarlle o IPC, serían máis de 277 millóns de euros menos.

O segundo é que non rectifica a súa política laboral de precariedade e temporalidade, senón que non fai máis que empeorar as condicións laborais das/dos profesionais. Obrigar aos profesionais a traballar sen descanso, intersubstitucións, prolongar xornada, non poder gozar de días libres, vacacións...)

O terceiro é non facer nada para reter @s profesionais que rematan a súa formación. Un estudo realizado por “precarios pola atención primaria” conclúe que dos médicos de familia que remataron o MIR de Familia e Comunitaria nos últimos 5 anos arredor de 400, só a metade están traballando en atención primaria, e o máis grave é que cada ano a porcentaxe baixa, porque optan por outras oportunidades laborais onde se lles valora e respecta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O cuarto non tomar ningunha medida para aumentar os cadros de persoal con novas categorías, nin activar as carteiras de servizo para que cada categoría profesional poida actuar con autonomía e @s doentes acudir a cada un deles directamente.

Se falla a atención primaria, o fallo esténdese a todo o sistema. A este ritmo de deterioro estamos a un paso do colapso xeneralizado.

A necesidade de fortalecemento da atención primaria non permite máis demoras.

Teñen que deixar de botar balóns fóra, teñen que exercer de Goberno e tomar medidas, por esta razón formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que medidas vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir a atención sanitaria en canto o precisen a todas as persoas adscritas aos centros de saúde que decidiu restrinxir a atención a casos urxentes e doentes Covid?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García
Ramón Fernández Alfonso
Alexandra Fernández Gómez
María González Albert
M^a Carme González Iglesias
Rosana Pérez Fernández
Daniel Pérez López
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
Xosé Luis Rivas Cruz
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2022 13:32:02

Paulo Ríos Santomé na data 10/01/2022 13:32:12

María do Carme González Iglesias na data 10/01/2022 13:32:17

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 10/01/2022 13:32:37

Alexandra Fernández Gómez na data 10/01/2022 13:32:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2022 13:32:53

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2022 13:33:03

María González Albert na data 10/01/2022 13:33:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/01/2022 13:33:24

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2022 13:34:43

María del Carmen Aira Díaz na data 10/01/2022 13:34:52

Daniel Castro García na data 10/01/2022 13:35:02

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2022 13:35:11

Iria Carreira Pazos na data 10/01/2022 13:35:18

Daniel Pérez López na data 10/01/2022 13:35:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 10/01/2022 13:35:34

Rosana Pérez Fernández na data 10/01/2022 13:35:42

Mercedes Queixas Zas na data 10/01/2022 13:35:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 10/01/2022 13:36:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a exclusión do xornal Nós Diario da convocatoria de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 de xaneiro de 2020 volvía a lingua galega á prensa escrita para achegar á sociedade a actualidade informativa na lingua propia e oficial de Galiza desde as páxinas de Nós Diario, completando o proxecto iniciado previamente na versión dixital.

Recompoñíase o camiño que quedara truncado coa desaparición, nos últimos anos, de varias cabeceiras informativas que achegaban á sociedade galega a información de xeito autocentrado no propio país conectándonos co nacemento da prensa en galego no século XIX.

A piques de se cumpriren os dous anos de vida, máis de 500 números saíron do prelo, de martes a sábado, aos que hai que engadir diferentes coleccionábeis e mais o suplemento Sermos Galiza de fin de semana.

Segundo a Oficina de Xustificación da Difusión (OXD), o xornal Nós Diario, como o seu propio nome indica, axústase á definición de "publicación diaria impresa en papel que se edita, co mesmo título, formato e características peculiares e universalmente recoñecidas como tales, catro ou máis días por semana".





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No entanto, editándose cinco días á semana, a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galiza acaba de lle denegar a Nós Diario as axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2021 por non o considerar un diario.

Dáse así a circunstancia de que o único medio informativo en galego, que ademais responde á condición de diario segundo fica definido pola Oficina de Xustificación da Difusión, é excluído pola Xunta da maior convocatoria de axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé activar o PP para reparar de inmediato a exclusión do xornal Nós Diario da convocatoria de axudas públicas aos medios de comunicación?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 07/12/2021 16:59:22

Daniel Castro García na data 07/12/2021 16:59:26

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/12/2021 16:59:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a recuperación da casa de Rosalía de Castro na cidade da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

2021 é un ano relevante na historia da nosa grande poeta nacional, Rosalía de Castro xa que se conmemoran os 150 anos da súa chegada á Coruña, cidade onde viviu entre 1871 e 1874.

Unha efeméride que foi conmemorada nos meses de outubro e novembro, con diferentes actos de moi importante acollida social, por iniciativa da Asociación Cultural Alexandre Bóveda, e polo Concello da Coruña, en colaboración coa Fundación Rosalía de Castro.

A estadía de Rosalía na Coruña deixou unha fonda pegada na escritora. Unha pegada que tivo mesmo plasmación na súa obra lírica como se pode entrever, por exemplo, no poema “*Na tomba do xeneral inglés, Sir John Moore*” ou no poema “*Pra a Habana!*” onde describe a dimensión do drama da emigración coa partida da Coruña do vapor ategado de homes que se ven obrigados a deixar o país para procurar a vida fóra. Quizá ningún soubo expresar a dimensión do drama da emigración como Rosalía neste inmorredoiro poema.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“De humanos seres a compauta línea

Que brila ó sol adíantase e retórcese,

Mais preto e lentamente as curvas sigue

Do murallón antigo do Parrote ”

Neste 2021 cúmprense tamén os 50 anos da apertura ao público da Casa da Matanza en Padrón, que alberga a Casa-Museo de Rosalía de Castro, un proxecto que viu a luz grazas á implicación de miles de persoas e entidades de todo o país, así como da emigración. Con este motivo o pasado 10 de novembro inaugurouse na Coruña unha exposición que percorrerá distintas cidades e vilas do país, baixo o título “A Casa de Galicia: 50 anos da Casa de Rosalía”.

Mais, mentres celebramos esta efeméride, na Coruña temos a nosa propia “Casa de Rosalía”, a casa na que viviu durante a súa estadía na nosa cidade, sita no número 3 da Rúa do Príncipe. Unha morada que, por desgraza, presenta un aspecto lamentábel.

A casa, sita no número 3 da Rúa do Príncipe, pasou a ser propiedade de Caixa Galicia froito dun embargo por impagos dos seus titulares. No seu momento, Caixa Galicia chegou a un acordo coa Academia Galega para a cesión da titularidade da casa co obxecto de que se destinase a usos e actividades vencellados á Academia, mais o acordo de cesión caducou ao non conseguir esta institución materializar o proxecto, por mor de dificultades económicas.

Na actualidade a casa pertence a Abanca, non está aberta ao público e atópase nun estado de seria deterioración con severo risco de perda.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé a Xunta para recuperar a casa de Rosalía de Castro na Coruña como un ben público que axude a preservar e espallar a memoria da nosa escritora?

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 01/12/2021 10:39:57

Daniel Castro García na data 01/12/2021 10:40:01

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/12/2021 10:40:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopan a cidade e a provincia de Lugo en materia ferroviaria e as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Lugo é unha mostra perfecta do agravio que sofre Galiza en materia de infraestruturas e, especialmente, en materia ferroviaria.

1.- Lugo é a única cidade do país que non ten conexión directa coa capital, Compostela.

2.- En pleno século XXI continúa sen electrificar a vía tanto cara á Ourense (aínda que o Goberno español xa iniciou os traballos) como cara á Coruña.

3. O servizo que até o momento ofrecía unha conexión supostamente directa con Compostela (a través da cidade de Ourense mais sen cambiar de tren) foi suprimida obrigando as persoas viaxeiras a facer transbordo.

4. A falta de persoal e de mantemento da vía provoca continuas incidencias. Sen ir máis lonxe, no primeiro semestre de 2021 suprimíronse 43 trens por falta de persoal.

De igual maneira, a comarca da Mariña –xunto con Ferrolterra e Ortegal– padece as consecuencias do progresivo desmantelamento do antigo FEVE e o sur da provincia viu como nos últimos anos desaparecían paradas e frecuencias que foron mermando a calidade dun servizo xa de pésimas condicións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O tren é un medio de transporte fundamental no presente mais tamén un elemento chave para o futuro pois representa unha alternativa sustentábel ao transporte de viaxeiros e mercadorías por estrada, supón un importante factor no proceso de descarbonización da economía e un mecanismo de cohesión social e vertebración territorial.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para defender o dereito da cidadanía de Lugo a un tren do século XXI?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2021 17:53:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 02/12/2021 17:53:51

Paulo Ríos Santomé na data 02/12/2021 17:53:59

Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2021 17:54:04



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O pasado 25 de novembro de 2020 houbo un acordo unánime no Parlamento de Galicia solicitando á Xunta “convocar de inmediato a mesa de negociación para acadar un convenio colectivo das Fundacións Biomédicas de investigación sanitaria de Galicia” e “designar representante para esta negociación que teña capacidade de decisión e forme parte da Consellería de Sanidade”.

Ambas condicións xa se estaban cumprindo no momento da adopción do acordo, pois a mesa de negociación se estaba a reunir coa participación do xerente da Axencia de Coñecemento en Saúde de Galicia (ACIS).

Mais o impulso acadado tralo acordo parlamentario ao respecto deu o seu froito e en xuño de 2021 a dirección das fundacións e a representación sindical asinaron os correspondentes acordos de convenio colectivo na sede da Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales serán os efectos que producirá o recente acordo na mellora das condicións de traballo do persoal das fundacións de investigación sanitaria nos proxectos que se están a traballar actualmente?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 11:56:46

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 11:57:06

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 11:57:16

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 11:57:28

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 11:57:40

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 11:57:52

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 11:58:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No ano 2015 creouse a Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos, asumindo tanto os medios persoais e materiais, como as funcións da Fundación Pública Sanitaria Centro de Transfusión de Galicia, da Oficina de Coordinación de Transplantes de Galicia, adscribíndose á Axencia a Unidade de Criobioloxía Establecemento de Tecidos do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

A Axencia ten desenvolvido ao longo dos últimos anos diversos proxectos colaborativos, así como implantado diversas melloras internas.

Un dos proxectos mais salientables é o Blood, cuxo obxectivo é o deseño, desenvolvemento e implantación, dun sistema que garanta a xestión segura e de calidade dos compoñentes sanguíneos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a aplicación do proxecto Blood na Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos?.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:00:47

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:01:03

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:01:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:01:26

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:01:41

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:01:53

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:02:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O 25 de xuño de 2020, o Consello da Xunta aprobou o Plan de Saúde Mental de Galicia, que establece para o período 2020-2024 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega e a establecer melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental.

Este Plan foi explicado ante este Parlamento polo Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, Jorge Aboal, o pasado 17 de decembro.

A través desa información coñecemento que a posta en marcha desta estratexia implica que o goberno galego destinará no período 2020-2024 un orzamento de 83 millóns de euros a: incrementar o número de profesionais e dispositivos asistenciais no Servizo Galego de Saúde para a atención sanitaria aos trastornos mentais (con especial énfase nos destinados as atención á infancia e aos nosos maiores), desenvolver programas destinados á recuperación das persoas con trastorno mental severo (programas de intervención comunitaria e ampliación do número de prazas en recursos sociosanitarios específicos) e fomentar a investigación nestas patoloxías.

Este plan prevé tamén a contratación de 240 novos profesionais ao longo de toda a súa vixencia.

En concreto, para os anos 2020 e 2021 estaba prevista a contratación de 120 novos profesionais.

O seu proceso de incorporación ralentizouse en 2020 por mor da pandemia pero a Xunta comprometeuse a recuperar o nivel neste ano 2021.

Logo do compromiso do Conselleiro ante o Parlamento, o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou o 23 de marzo de 2021 por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta a “Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiros/as especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas



ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024”.

O proxecto de Orzamentos Xerais que ten presentado a Xunta ante este Parlamento continúa coa programación prevista, incorporando 43 novas prazas en materia de saúde mental para o exercicio 2022.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que novos programas puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 en desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:05:22

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:05:39

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:05:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:06:00

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:06:18

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:06:48

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:07:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En abril deste ano, a Xunta de Galicia aprobou o documento de Plan de Asistencia á Anafilaxia en Galicia: Código Anafilaxia, tras un exhaustivo proceso de elaboración por parte de profesionais do SERGAS e da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

Este documento segue a liña doutros semellantes elaborados nos últimos anos para a atención de patoloxías tempodependentes como o ictus ou a sepsis.

Coma neles, deséñase o procedemento de actuación sanitaria baseado no recoñecemento precoz dos signos e síntomas dunha reacción anafiláctica, coa consecuente priorización de coidados e traslado inmediato a un servizo de urgencias hospitalario co fin de mellorar a supervivencia e reducir as complicacións.

O obxectivo é minimizar o tempo transcorrido desde o inicio dos síntomas ata a asistencia clínica e instauración do tratamento indicado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que vantaxes para o paciente supón a posta en marcha do Plan de Asistencia á Anafilaxia en Galicia: Código Anafilaxia?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:10:37

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:11:03

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:11:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:11:26

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:11:42

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:12:01

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:12:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Borja Vereza Fraiz, Paula Prado del Río, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O compromiso da Xunta de Galicia coa sanidade pública en Santiago de Compostela é incuestionable.

A Xunta vén de aprobar o inicio do trámite urbanístico para poder ampliar nun 30% a superficie do actual hospital clínico, despois de acometer xa importantes melloras nos últimos meses como a ampliación das urxencias en 800 m², executada por trámite de emerxencia xusto despois da primeira onda da pandemia e cun investimento de 1,65 millóns de euros; a adquisición dun equipo de ultrasóns de frecuencia focalizado (HIFU), cun investimento de 2,4 M€, que converteu ao CHUS no primeiro hospital público de España en contar con este tratamento para pacientes con parkinson e tremor esencial; ou a creación dunha nova unidade de ictus cun orzamento conxunto de 450.000 euros para obra e equipamento.

E están xa adxudicadas as obras de reforma tanto da UCI como da farmacia hospitalaria.

Máis alá da atención hospitalaria, a Xunta de Galicia puxo en servizo en 2016, tras un investimento superior aos 3 millóns de euros un novo centro de saúde no barrio de Galeras que, con 3.500 metros cadrados cubriu un oco que existía na cidade entre os catro centros previamente existentes (Concepción Arenal, Conxo, Fontiñas e Vite).

Porén, sabemos que o compromiso coa atención primaria da cidade non remata aí senón que foi xa adxudicada a redacción dun proxecto de reforma para o centro de saúde de Conxo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno: Cales son as previsións da Xunta de Galicia de próximas actuacións de mellora nos centros de atención primaria de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:16:12

Borja Vereza Fraiz na data 27/12/2021 12:16:31

Paula Prado del Río na data 27/12/2021 12:16:48

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:17:08

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:17:21

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:17:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:17:44

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:17:58

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:18:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Galicia conseguiu, xunto coa rexión de Baixa Silesia (Polonia), unha das seis iniciativas de irmandade da iniciativa estratéxica European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing EIP on AHA ("Twinning"), que financia a Comisión Europea, e que serven para levar a cabo actividades de intercambio de coñecementos.

Os proxectos de irmandade promovidos céntranse no ámbito do envellecemento activo e saudable.

A colaboración se baseará no intercambio de coñecemento no ámbito da teleasistencia a domicilio.

TELEA é a plataforma de teleasistencia domiciliaria desenvolvida en Galicia e que poñen a disposición dos enfermos crónicos, entre outros, unha web na que mellorar o seguimento do seu caso y das súas patoloxías. O Servizo Galego de Saúde adaptou TELEA durante a crise xerada pola Covid-19 coa finalidade de vixiar aos casos máis estables e liberar camas para os casos máis graves nos hospitais.

Tamén se utiliza TELEA como programa de apoio para os pacientes que foron dados de alta.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que accións está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover melloras na plataforma TELEA?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:22:04

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:22:30

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:22:42

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:22:56

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:23:10

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:23:24

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:23:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sistema público de saúde de Galicia, para aproveitar o coñecemento que nace coa crise sanitaria da covid-19 e para impulsar avances neste eido, convocou o programa Traslaciona Covid-19.

A finalidade foi apoiar a investigación sanitaria co financiamento de proxectos, ideas ou iniciativas xurdidas dentro do Sistema Público de Saúde orientadas a prevención, diagnóstico ou tratamento da enfermidade.

O Consello da Xunta do 22 de outubro de 2020 informou sobre a resolución da convocatoria deste programa, con 10 proxectos beneficiados.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que resultados espera obter a Xunta de Galicia dos proxectos de investigación beneficiados polo programa Traslaciona Covid-19?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:26:39

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:26:54

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:27:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:27:22

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:27:35

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:27:51

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:28:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O cancro é un dos problemas de saúde que mais afecta a nosa sociedade, especialmente polo difícil diagnóstico de moitos deles.

É un reto compartido avanzar na súa loita. O de mama é unha das doenzas que aínda que se ben é certo pode aparecer en homes, ten unha maior afectación ás mulleres, máis do 99% dos diagnósticos danse en mulleres.

En Galicia levamos anos traballando para a súa detección precoz. A vía rápida do cancro de mama implantouse en 1992, e este feito, baseado en dous factores fundamentais, os avances nos programas de cribado e os avances nos tratamentos, permitiron reducir a mortalidade por mor deste cancro no 20%. Unha vez realizado o diagnóstico, a premura na atención de cada un dos casos é fundamental, e aínda que en Galicia se viña prestando desde os servizos de oncoloxía, xinecoloxía, etc., tense comprobado que as Unidades de Mama, con equipos multidisciplinares melloran o acceso e tratamento das mulleres que o precisan.

Por ise motivo o Grupo Parlamentario Popular debateu no Parlamento unha iniciativa instando á Xunta a regular o funcionamento das Unidades de Mama, para homoxeneizalas en todas as áreas sanitarias galegas e para que esa homoxeneización servise de referencia para a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías, comezando polas relacionadas co solo pélvico.

Dada a importancia de actuar con celeridade ante esta patoloxía, xa que o seu pronóstico segue a depender principalmente da extensión da enfermidade no momento da detección, e tendo en conta que a homoxeneización e a organización dos equipos de atención multidisciplinares noutras patoloxías vai redundar nunha mellora na atención as pacientes, as súas familias e en definitiva, nunha mellora nas expectativas de curación.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que actuacións ten realizado a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia en relación coa homoxeneización das Unidades de Mama en todas as áreas sanitarias galegas e a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías?



Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:31:31

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:31:48

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:31:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:32:12

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:32:27

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:32:39

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:32:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Grazas ao investimento realizado pola Xunta de Galicia nos últimos anos, o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ten mudado e mellorado as prestacións do Hospital.

A execución da primeira fase do Plan Director, iniciada a finais do ano 2017, cun investimento de mais de 43M€ permitiu ampliar notablemente a superficie do Hospital.

Un total de 55.000 m2 nos que a meirande parte corresponden á nova área de hospitalización.

As obras permitiron reordenar os servizos do hospital e a centralización no novo edificio os servizos de Medicina Interna, Oncoloxía, Hematoloxía, Neumoloxía, Endocrinoloxía, Reumatoloxía, Psiquiatría, Traumatoloxía, Cirurxía Xeral, Neuroloxía.

Neurocirurxía, a nova Unidade de Hospitalización Innovadora e a Cuberta Terapéutica.

Ademais coas obras creáronse novos espazos para a docencia, unha nova cociña central, a nova sala de autopsias, etc..

O Conselleiro de Sanidade ten anunciado neste Parlamento que nos orzamentos do 2021 se incluíron 10M€ para a primeira fase da reprogramación funcional do Complexo, no que está prevista a construción dun novo edificio e a reforma do hospital materno infantil.

Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os próximos pasos previstos respecto as actuacións anunciadas no Complexo Hospitalario de Ourense?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 12:36:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 12:36:43

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 12:37:05

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 12:37:19

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 12:37:34

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 12:37:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Sol Díaz Mouteira na data 27/12/2021 12:38:04

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 12:38:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Comisión 2ª do Parlamento de Galicia, a instancia e como resultado dunha proposición non de lei presentada polo grupo socialista con número de rexistro 15584, acordou na súa sesión de 18 de maio de 2021 instar á Xunta de Galicia “a rematar os traballos para a ampliación e revisión da Rede Natura 2000, así como avanzar na aprobación dos diferentes plans de xestión no prazo máis breve posible”.

Nótese que, pola colocación das comas, o “prazo máis breve posible” que menciona a resolución da comisión segunda refírese aos instrumentos de xestión, non á ampliación da rede natura, polo que o acordo do Parlamento non contempla ningún tipo de dilación temporal para a ampliación, senón que insta a rematar sen máis. E nótese tamén que rematar eses traballos non implica rematalos sen máis, senón que implica, obviamente, proceder á ampliación.

Nove meses despois, non hai ningunha noticia nin indicio de que ese acordo se vaia cumprir, a pesar de que a Xunta xa anunciara a ampliación –que deixara ultimada o Goberno de Emilio Pérez Touriño- no ano 2011, quedando paralizada por razóns descoñecidas pero por todos sospeitadas durante unha década, a pesar de que nun anuncio no DOG de xaneiro de 2012, a propia Xunta recoñecía que a ampliación era “urxente”.

Hai que ter en conta que Galicia ten a Rede Natura máis pequena entre as 17 CC.AA, con menos do 12 % da súa superficie protexida sobre o papel fronte ao 20 % da seguinte comunidade, que é o País Vasco, e ao 27 % de media estatal. Hai que ter en conta tamén que polo que sabemos da proxectada ampliación, aínda de se levar a cabo, estaríamos moi lonxe da media estatal e seguiríamos á cola das CC.AA, é dicir, non se trata dunha ampliación en modo algún ambiciosa.

Por outra banda, a rede natura galega, ademais de ter, segundo a organización ecoloxista WWF, o peor plan director entre as comunidades autónomas do Estado, carece de mecanismos para compensar as restricións de uso da propiedade que se podan establecer, na práctica moi poucas na actualidade pero



que poden ser máis no futuro se se adopta un verdadeiro plan director, ademais de que sería recomendable dinamizar os recursos e o patrimonio natural e ambiental dos territorios que sexan xa ou sexan declarados no futuro Rede Natura, polo que sería recomendable crear un fondo de compensación a tal efecto.

Ese fondo podería nutrirse de recursos europeos, estatais, autonómicos ou incluso, no seu caso, procedentes de empresas que queiran voluntariamente contribuír dentro da súa responsabilidade social corporativa.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Cando vai o Goberno galego a cumprir o acordo da Comisión 2ª do 18 de maio que o obriga a rematar os traballos para a ampliación da Rede Natura e, en consecuencia, a proceder a dita ampliación?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 27/12/2021 13:12:07

Paloma Castro Rey na data 27/12/2021 13:12:21



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

O Goberno de Galicia fixouse como obxectivo prioritario da súa actuación reforzar a seguridade viaria nas estradas da súa titularidade.

Para acadar esta meta está a desenvolver diversas actuacións nos 5.500 quilómetros das vías da súa competencia, entre as que se encontran o Plan de reforzos de firme, o Plan de Sendas de Galicia, o Programa específico de seguridade e inspección das pontes e obras de paso, así como nos noiros e muros das estradas autonómicas, ou a eliminación dos treitos de concentración de accidentes que ten identificados.

Esta última liña de actuación é unha medida coa que o Goberno galego dá resposta ao mandato feito polo Parlamento durante o Debate Anual de Política Xeral de outubro de 2017.

Co propósito de coñecer polo miúdo o avance dos distintos proxectos e os investimentos realizados no marco desta estratexia do Goberno galego para eliminar os treitos de concentración de accidentes os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en pleno:

Cal é o grado de desenvolvemento da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas?

Santiago de Compostela, a 27 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 27/12/2021 13:14:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Carmen María Pomar Tojo na data 27/12/2021 13:14:30

Ramón Carballo Páez na data 27/12/2021 13:14:40

José Manuel Balseiro Orol na data 27/12/2021 13:14:50

María Sol Díaz Mouteira na data 27/12/2021 13:15:04

Freire Vázquez, María Begoña na data 27/12/2021 13:15:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/12/2021 13:15:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Luís Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O problema das esperas e demoras para consultas, probas diagnósticas, recepción de resultados ou cirurxía supón un dos graves problemas do sistema que empeora a calidade da atención, minora as posibilidades de solucionar problemas asistenciais e distancia a percepción da cidadanía sobre a eficiencia do sistema. Así se evidencia nas valoracións das persoas usuarias, como se amosa no barómetro sanitario que publica o CIS, onde se vén sinalando que o sistema galego está avaliado como o terceiro peor de todas as CC.AA de España, segundo a cidadanía que o utiliza. Un dos elementos peor valorados está nas listas de espera.

A pesares desta cuestión, existe un triunfalismo comunicativo dende a xestión da Xunta de Galicia, especificamente na Consellería de Sanidade, sobre a cuestións das esperas. Non entanto, as continuas informacións que por diversas vías se coñecen día tras día evidencian que esta actitude contrasta coa realidade de numerosos casos que se coñecen de maneira continuada sobre citas programadas con retrasos inexplicables e inasumibles para todo criterio clínico.

A pandemia provocada pola covid provocou un innegable reorden no sistema, e a reprogramación de todo o sistema para centrarse no grave problema xurdido, pero a realidade é que a día de hoxe o Sergas non está sendo reorientado para optimizar o potencial de todos os profesionais que o compoñen, existindo unha lentitude na xestión que provoca que non se recupere a actividade na súa plenitude e que non se resolva o problema acumulado. A negativa do Goberno de Galicia a realizar un esforzo de contratación e de dotación de recursos materiais para reforzar o sistema público provoca o agravamento dalgúns males previamente existente.

Un caso coñecido recentemente serve como exemplo en Lugo, onde unha paciente con fortes dolores e problemas intestinais foi citada para xuño, dende este decembro, a pesares de estar tendo que ser constantemente atendida vía ordinaria e urxencias polos problemas aparecidos. Como este caso, sucédense novas en prensa, reclamacións de pacientes e notificacións que chegan aos representantes de traballadores e organizacións sociais e políticas que alertan da necesidade de reforzar os recursos humanos no Sergas para evitar estas esperas demoradas.



Por iso, os deputados que asinan, preguntan:

Como valora o Goberno galego a existencia de demoras de máis de 6 meses para casos de graves padecementos como o citado sucedido en Lugo coñecido a través dos medios de comunicación?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/12/2021 13:15:18

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2021 13:15:30



A Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A experiencia e o coñecemento adquiridos nos últimos anos respecto da covi-19 permitiu mellorar o tratamento que se lles presta aos pacientes afectados por esta enfermidade, tanto a aqueles que requiren hospitalización como aos que pasan o virus nos seus fogares.

Con todo, moitos destes pacientes, tras superar a enfermidade, sofren importantes secuelas e efectos secundarios relacionados coa covi-19.

Hai constancia de diversa sintomatoloxía: afectación pulmonar, afectacións cardiovasculares, arritmias, miocardites, insuficiencias cardíacas e afectacións neurolóxicas, entre as que as máis frecuentes son a dor de cabeza, a vertixe, a perda do gusto e do olfacto, e en casos máis graves, ictus, inestabilidade na marcha, etc..

Para atender esta circunstancia e ofrecer o seguimento oportuno dun xeito multidisciplinar a Consellería de Sanidade creou as Unidades Postcovid, hoxe presentes nas sete áreas sanitarias. Conformadas por un variado número de profesionais sanitarios especialistas, estas unidades permiten unha atención máis especializada aos pacientes, así como realizar todas as probas necesarias para comprobar a súa evolución, o que evita moitos trámites e consultas intermedias e ofrece unha atención máis efectiva d de maior calidade.

Por isto , os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales son os avances respecto do desenvolvemento das unidades postcovid na sanidade pública?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 13:17:06

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 13:17:19

María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 13:17:35

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 13:17:47

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 13:18:01

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 13:18:13

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 13:18:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, María Corina Porro Martínez, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Rosalía López Sánchez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O Goberno galego está a apostar nos últimos anos pola mellora e modernización das infraestruturas sanitarias públicas en aras de ofrecer o mellor servizo sanitario posible aos cidadáns, reforzando o sistema sanitario público galego de hoxe e do futuro.

Nesta liña de actuación, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade xestionará o vindeiro ano 102,6 millóns de euros consignados nos orzamentos da Consellería de Sanidade para seguir avanzando na construción, reforma e ampliación de equipamentos sanitarios.

A Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, é a encargada de executar novos centros de saúde, ou de levar a cabo a ampliación ou reforma de infraestruturas hospitalarias, como o Hospital de Ferrol, o Gran Montecelo, en Pontevedra, o impulso do Novo CHUAC, na Coruña; ou as ampliacións dos hospitais de Ourense e de Santiago de Compostela.

Co propósito de coñecer polo miúdo o avance dos distintos proxectos e os investimentos previstos para mellorar, ampliar ou construír novas infraestruturas sanitarias, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en pleno:

Como están a avanzar as diferentes infraestruturas sanitarias cuxa execución ten encomendada a Axencia Galega de Infraestruturas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/12/2021 13:31:21

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/12/2021 13:31:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Corina Porro Martínez na data 27/12/2021 13:31:50

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 27/12/2021 13:32:06

José Alberto Pazos Couñago na data 27/12/2021 13:32:31

Noelia Pérez López na data 27/12/2021 13:32:51

López Sánchez, Rosalía na data 27/12/2021 13:33:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A vertebración axeitada do territorio que asegure, cando menos, a equidade no acceso aos servizos públicos debера ser unha obriga de calquera administración de xeito que non existan discriminacións en función do lugar onde se habite.

Mais esa discriminación é o que se está a producir nalgúnhas parroquias dos concellos de Outes e Muros nas que o transporte público non é compatible cos horarios dos centros de ensino de referencia de FP, ESO e Bacharelato de Noia. Isto provoca non só unha disfunción nos horarios senón tamén a imposibilidade de facer uso da Tarxeta Xente Nova por parte do alumnado, xa que as familias se viron na obriga de contratar un servizo discrecional de transporte que, lonxe da gratuidade da tarxeta, ten un custe de 54 euros por persoa.

Na actualidade, as liñas de transporte público que atravesan as parroquias de o Freixo e Cruceiro de Roo (Outes) non se corresponden cos horarios de entrada e saída dos IES Campo de San Alberto e IES Virxe do Mar de Noia. No mellor dos casos, o autobús deixaría os rapaces e rapaces nos institutos ás 7:50h (50 minutos antes da hora de entrada) e pasaría a recollelos unha hora despois da saída.

Semellante situación se produce no Concello veciño de Muros, mais neste caso aínda ten unha agravante máis xa que a liña discrecional só chega a Esteiro, polo que as familias que viven máis lonxe teñen que levar os nenos e nenas ata ese punto para poder coller o autobús.

Diante desta situación de discriminación que se produce mesmo entre familias que viven no mesmo concello, e sumándonos ás reivindicacións da veciñanza afectada, as deputadas que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a situación discriminatoria en canto a horarios e custes das liñas de transporte público que existe entre o alumnado dalgúnhas parroquias dos concellos de Outes e Muros para acudir aos seus centros de ensino de referencia?





Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/12/2021 13:20:03

Patricia Otero Rodríguez na data 27/12/2021 13:20:17



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) anunciaba no mes de setembro a sinatura dun convenio coa Asociación Galega de Orquestras (AGO) e a Asociación de Empresas de Verbena de Galicia (Asevega) para o financiamento de sete festivais no que participarían 50 orquestras en fins de semana de setembro e outubro, cun financiamento total de 700.000 euros.

O Grupo Parlamentario Socialista non conseguiu atopar o convenio asinado, que non se fixo público, nin coñecer as condicións específicas que se lle esixían ás empresas. Por outra banda, descoñecemos por que era condición *sine qua non* que as orquestras que participasen nese festival debían pertencer a algunha das asociacións coas que se asinou o convenio.

Se ben somos conscientes das necesidades laborais que ten o sector musical das verbenas, fortemente prexudicadas pola pandemia, semella que sería moito máis efectivo o apoio a este sector, e *por ende* aos profesionais músicos e persoal técnico, destinar eses 700.000 euros ao aumento do crédito para fomentar a contratación de orquestras por parte doutras entidades mediante a subvención do 40 % do custe dos *cachés*.

Á vista desta falta de transparencia, e entendendo que eses sete festivais supuxeron unha pírrica axuda para o persoal traballador desas orquestras (profesionais da música e persoal técnico), preguntamos:

Cal é o contido do convenio asinado coa Asociación Galega de Orquestras (AGO) e a Asociación de Empresas de Verbena de Galicia (Asevega) para a realización de sete festivais de orquestras? Por que non se fixo público?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2021 13:44:38
Nº Rexistro: 26594
Data envío: 27/12/2021 13:44:38.530

Noa Susana Díaz Varela na data 27/12/2021 13:40:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/12/2021 13:41:01



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O deterioro paulatino da sanidade pública galega ao longo desta última década estase a ver con nitidez na actualidade, con listas de agarda interminables para realizar probas diagnósticas ou para unha cita de seguimento de enfermidades crónicas. A estas agardas, produto dos recortes en persoal, súmase unha mingua de recursos materiais que converten os centros sanitarios en espazos que non cumpren as mínimas normas de seguridade, esenciais en tempo de pandemia.

A falla de recursos humanos, tanto facultativos como de persoal administrativo de apoio que é o encargado de organizar a xestión dos centros e das listas de agarda, está a provocar colas interminables para, por exemplo, pedir presencialmente unha consulta de seguimento no servizo de Oncoloxía do CHUS logo de que ninguén atenda a vía telefónica.

Ao tempo, son precisos tamén mellores e maiores espazos no CHUS para as persoas que teñen que agardar a ser atendidos. Moitas das veces eses tempos de agarda fanse en situacións absolutamente indignas, como é o caso da sala de agarda de Oncohematoloxía, por poñer só un exemplo.

Sendo coñecedoras das futuras obras de ampliación do CHUS, que agardamos dean solución a estes acuciantes problemas de espazo, ao Grupo Socialista parécenos razoable dar unha solución urxente mentres que esas obras estean rematadas, previsiblemente nuns anos. Do mesmo xeito, entendemos tamén urxente a contratación de máis persoal encargado das tarefas de xestión de citas para que esas colas ás que asistimos na actualidade non se produzan.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, preguntan:

É coñecedor o Goberno galego das dificultades que teñen as persoas doentes para conseguir unha cita para consulta no servizo de Oncoloxía do CHUS?

Pazo do Parlamento, 27 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2021 13:45:04
Nº Rexistro: 26595
Data envío: 27/12/2021 13:45:04.920

Noa Susana Díaz Varela na data 27/12/2021 13:41:34

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2021 13:41:47



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Exposición de motivos:

O contexto de cambio climático no que nos atopamos obriga a tomar medidas para estar preparados fronte a eventualidade de que se produzan episodios de seca, pero tamén para afrontar os episodios cada vez máis frecuentes de precipitacións intensas que poidan supoñer risco de inundacións.

A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, e de xeito paralelo á posta en marcha do Plan de Xestión de Riscos de Inundación Galicia-Costa 2021-2027, está a desenvolver os plans específicos de xestión de inundacións en nove zonas fluviais que presentan unha maior vulnerabilidade.

Trátase, en concreto, das contornas do río Umia, en Caldas de Reis e Portas; Ulla-Sar, en Padrón, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira, Pontecesures e Valga; o Anllóns, en Carballo; Campeda, en Vimianzo; Fontecova e Traspota, en Viveiro; Bahiña e o Groba, en Baiona; e o Lagares, en Vigo.

Estes plans recollen medidas e actuacións paliativas e preventivas de aplicación polas distintas administracións, autonómica e local, para minimizar o risco de enchentes.

A Xunta de Galicia, de feito, xa asinou convenios de colaboración cos varios concellos como Padrón, Baiona, Gondomar, Valga, Catoira ou Carballo, para executar as actuacións pertinentes.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta en pleno:

Que valoración fai o Goberno galego das medidas impulsadas para minimizar o risco de posibles asolagamentos nas diferentes áreas con maior risco potencial significativo de inundacións?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 27/12/2021 14:09:29

Carmen María Pomar Tojo na data 27/12/2021 14:09:44

Ramón Carballo Páez na data 27/12/2021 14:09:53

María Sol Díaz Mouteira na data 27/12/2021 14:10:08

José Manuel Balseiro Orol na data 27/12/2021 14:10:20

Freire Vázquez, María Begoña na data 27/12/2021 14:10:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/12/2021 14:10:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert, Daniel Pérez López e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente ao chegar a época estival os concellos galegos vense na necesidade de procurar socorristas que permitan a apertura e funcionamento das piscinas municipais, que nos meses de verán constitúen un dos principais espazos de esparcemento e lecer da cidadanía nos que mitigar as, cada vez máis elevadas, temperaturas. No interior do país constitúen a principal alternativa (non a única) os rigores climatolóxicos.

Consonte á normativa actualmente vixente, as piscinas de uso público, como norma xeral, haberán dispor, de polo menos un socorrista, se ben, dependendo da superficie da lámina de auga dos vasos ou do número destes e da distancia que os separe, podería cumprir un número máis elevado de socorristas

Dende os últimos anos o cumprimento da medida preventiva indicada está a supor un grande obstáculo para moitos dos concellos do país. Insalvável en non poucos casos e que leva á renuncia de moitos concellos á apertura da piscina municipal, co grande prexuízo que tal implica tal decisión para a poboación do concello. Poboación que na meirande parte dos concellos galegos vese incrementada, nas épocas do verán,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tanto polo turismo, como polo importante número de emigrantes que veñen pasar os seus días de feiras aos seus lugares de orixe.

O certo é que ano tras ano estamos a ver como os concellos galegos teñen enormes dificultades para cubrir as prazas de socorristas precisas para a apertura das súas instalacións acuáticas, sen que conste a existencia de accións por parte da Xunta de Galiza destinadas a rematar con tal carencia, sen afectar -obviamente- á seguridade das persoas usuarias do servizo.

Máis unha vez as axudas da Xunta de Galiza destinadas á contratación polos concellos de persoal para o servizo de socorrismo chegan unha vez iniciado o verán, o que limita extraordinariamente as posibilidades de contratación e as condicións nas que se poda proceder á necesaria contratación. Resulta evidente que se ate finais de xuño un Concello non coñece as achegas de que vai dispor dificilmente poderá organizar o servizo, e as condicións laborais que poderá ofertar, o que condiciona o aceso do persoal necesario para o funcionamento da instalación acuática. As condicións laborais, a seguridade e fiabilidade na demanda, que permita confiar en posteriores é un elemento determinante na decisión de moitas persoas en investir na capacitación técnica que permita exercer a actividade de socorrismo, como tamén o é a necesaria asunción dos custes formativos de tal capacitación profesional.

Así a escaseza de cursos de formación e o seu elevado custe limita a oferta de persoas capacitadas para o desenvolvemento de tarefas de socorrismo e salvamento que, ante a ausencia de promoción pública de medidas formativas, vese na obriga de realizar importantes desembolsos para adquirir a capacitación necesaria para exercer unha actividade de incerta duración -en todo caso estacional- e con baixas retribucións o que dificulta un eventual retorno do investimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso, entendemos que non se pode contemplar como alternativa para o incremento da oferta unha redución na formación e capacitación. O incremento na oferta terá que vir da man da mellora nas condicións laborais e de facilitar o acceso á formación, e non a costa de reducir os coñecementos e aptitudes precisas para o desempeño da actividade, que o único que permitirá será avanzar na precarización laboral e nunha diminución da seguridade e calidade do servizo de salvamento, co evidente risco que implicaría para as usuarias dos espazos acuáticos.

Son varios os concellos da comarca de Valdeorras que ante a imposibilidade de atopar socorristas renunciaron á apertura das piscinas públicas, advertencia que para futuros anos xa realizaron outros moitos concellos galegos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que a ausencia de cursos formativos descentralizados, e a precarización laboral, afectan ao escaso número de persoas dispostas a traballar de socorristas nos areas e espazos acuáticos públicos de Galiza?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Daniel Pérez López

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/12/2021 14:20:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/12/2021 14:20:51

María González Albert na data 27/12/2021 14:21:03

Daniel Pérez López na data 27/12/2021 14:21:20



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O Goberno galego está a incidir nos últimos anos na conservación e mantemento da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (Raega) ao considerar que o bo estado da rede viaria é un factor fundamental para reforzar a seguridade viaria.

Esta aposta por manter nas mellores condicións posibles os 5.500 quilómetros de estradas de competencia autonómica leva aparelado o desenvolvemento de distintas medidas e programas que redundan na seguridade de todos os usuarios das estradas.

Entre estas medidas, hai un programa específico de seguridade e inspeccións das pontes e obras de paso no que Galicia foi pioneira. Un programa co que vén realizando actuacións e inspeccións periódicas e constantes nos viadutos, pontes ou obras de paso existentes na rede de estradas de titularidade da Xunta. E ao que se engadiu, con posterioridade, un novo programa de inspección de muros e noiros.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que medidas e actuacións se teñen realizado no marco do programa de inspeccións en pontes, obras de paso, muros e noiros que vén aplicando o Goberno galego nas estradas da súa titularidade?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 27/12/2021 14:25:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ramón Carballo Páez na data 27/12/2021 14:25:30

María Sol Díaz Mouteira na data 27/12/2021 14:25:54

José Manuel Balseiro Orol na data 27/12/2021 14:26:13

Freire Vázquez, María Begoña na data 27/12/2021 14:26:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/12/2021 14:26:40

Carmen María Pomar Tojo na data 27/12/2021 14:27:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Begoña Freire Vázquez e Rubén Lorenzo Gómez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Exposición de motivos

O Goberno galego está a apostar polo desenvolvemento da intermodalidade nas principais cidades galegas. Unha aposta froito do convencemento de que este tipo de infraestruturas son estratéxicas para o fomento dunha mobilidade sostible a través do transporte público, así como para a creación nas cidades galegas de novos polos de dinamización económica e para o fortalecemento da competitividade do noso territorio, máis, tendo en conta a recente chegada do AVE á cidade de Ourense.

Esta aposta da Xunta vense traducindo en feitos no que respecta ás actuacións dependentes da Administración autonómica, tanto no que atinxe aos trámites administrativos e urbanísticos que tales actuacións requiren, como no impulso das obras necesarias. Esta dilixencia deu como resultado que, cando menos no que respecta á parte que corresponde á Xunta, as terminais de autobuses das estacións intermodais de Ourense e de Santiago xa estean operativas desde o ano 2021; non así, a parte ferroviaria, que lle corresponde executar ao Goberno de España.

A posta en marcha de infraestruturas desta envergadura require, a maiores dun salientable investimento económico, a colaboración e coordinación entre as administracións implicadas para, co esforzo de todas, poder executalas en prazos razoables e así poder poñelas á disposición da cidadanía o antes posible.

Conscientes da vontade da Xunta e do enorme esforzo que está a realizar para impulsar as estacións de autobuses intermodais nas principais cidades galegas para aproveitar a potencialidade da chegada do AVE, e ante o ritmo lento de avance por parte do Goberno central na parte que lle corresponde, as terminais de tren, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é a situación actual do mapa da intermodalidade nas principais cidades galegas?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 27/12/2021 14:36:09

Carmen María Pomar Tojo na data 27/12/2021 14:36:20

Ramón Carballo Páez na data 27/12/2021 14:36:45

María Sol Díaz Mouteira na data 27/12/2021 14:36:57

José Manuel Balseiro Orol na data 27/12/2021 14:37:09

Freire Vázquez, María Begoña na data 27/12/2021 14:37:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 27/12/2021 14:37:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia aprobáronse os seguintes plans:

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da píllara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo transcorridos máis de 8 anos aínda non foi aprobado.

3. A Xunta de Galiza adxudicou outros plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que chegara a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. O que pode supoñer un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento do establecido na lexislación vixente.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razón o goberno galego non aprobou os plans de recuperación e conservación de 196 especies ameazadas ?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 10:05:24

Alexandra Fernández Gómez na data 28/12/2021 10:05:27



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López e Moisés Rodríguez Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, no contexto de accións estratéxicas do Goberno galego para facer fronte ás consecuencias ocasionadas pola situación de emerxencia de saúde pública da pandemia COVID-19, ten impulsado, entre outras actuacións destinadas a apoiar os sectores cultural e turístico dun xeito integral fronte á situación de crise, o establecemento de diferentes medidas encamiñadas a estimular o turismo interno, inxectar liquidez no sector e promover a súa recuperación nun momento de enorme dificultade derivado da crise sanitaria.

Entre estas accións atópase o Bono turístico #QuedamosenGalicia, unha iniciativa froito da colaboración da Administración e o Clúster Turismo de Galicia para fomentar a actividade no sector turístico, que constitúe un dos eidos con maior afectación económica e de perda de emprego tras a pandemia.

Trátase de estimular a demanda turística interna en Galicia, que se instrumenta coa materialización dun bono vinculado á adquisición de servizos e prestacións turísticas en Galicia en calquera dos establecementos que se sumen ao programa, establecementos que, na condición de participantes no programa, ofrecen vantaxes e beneficios adicionais aos beneficiarios do bono.

O éxito, tanto para os usuarios como para o sector, desta ferramenta fixo que a Xunta de Galicia puxera en marcha a súa segunda edición co obxectivo de continuar apoiando ao sector.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que balance fai o goberno galego do Bono turístico #Quedamosengalicia como ferramenta de estímulo e apoio ao sector turístico e cales son as principais novidades da edición do 2021 respecto do ano anterior?



Santiago de Compostela, 28 de decembro do 2021.

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 28/12/2021 11:12:08

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/12/2021 11:12:30

Marta Nóvoa Iglesias na data 28/12/2021 11:13:05

Cristina Sanz Arias na data 28/12/2021 11:13:22

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/12/2021 11:13:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Pardo López, Adrián na data 28/12/2021 11:13:45

José Antonio Armada Pérez na data 28/12/2021 11:14:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación ten unha aposta clara pola Formación Profesional, tal e como se pode contrastar a través das diferentes iniciativas que se levan desenvolvido ao longo destes anos de goberno do Partido Popular.

A oferta de titulacións FP en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado. Hoxe podemos dicir que grazas a este esforzo se puido reverter a tendencia de decrecemento do alumnado que se matriculaba, ata o punto de que as matrículas en FP superan ás do Bacharelato.

Unha formación profesional que abriu unha nova liña de traballo ao implantarse a formación dual que se está desenvolvendo cun razoable éxito en colaboración e coa participación activa do tecido empresarial galego.

No segundo pleno ordinario do pasado mes de novembro, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidades explicou, en resposta ao Grupo Parlamentario Popular, que neste curso 2021-2022, a Formación Profesional en Galicia conta cunha cifra récord de alumnos matriculados nas distintas modalidades e as oportunidades de inserción laboral destas ensinanzas.

Pódese dicir que a FP galega viviu unha “revolución silenciosa” que estivo marcada polo desenvolvemento de medidas orientadas a outorgar “prestixio, confianza e innovación” a estas ensinanzas. Neste avance foron fundamentais a aposta pola rede de Centros Integrados de FP (CIFP), a FP Dual e a oferta de Formación en Centros de Traballo (FCT).

Os sectores produtivos e propia sociedade está a poñer o foco na necesidade de modernizar e desenvolver aínda máis a oferta de ciclos e modalidades destas ensinanzas pensando en nas necesidades laborais e nos novos perfís demandados.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en pleno:



Cal é a aposta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para seguir a avanzar na mellora da FP en Galicia nos vindeiros cursos?

Santiago de Compostela, 28 decembro de 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 28/12/2021 12:24:26

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2021 12:24:42

María Elena Suárez Sarmiento na data 28/12/2021 12:24:54

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/12/2021 12:25:06

Gómez Salgado, Carlos na data 28/12/2021 12:25:14

José Luis Ferro Iglesias na data 28/12/2021 12:25:22

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/12/2021 12:25:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Borja Vereza Fraiz, Moisés Rodríguez Pérez e Adrián Pardo López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 é a evolución da Estratexia iniciada en 2014-2020 e configúrase como unha gran estratexia de territorio para abordar os grandes retos de Galicia desta década, consolidando un modelo de crecemento económico baseado na investigación e na innovación.

Así, xa permitiu investir máis en investigación e innovación para obter os mellores resultados en creación de emprego e benestar social.

A Estratexia supuxo un esforzo significativo desde a Xunta, cun orzamento público mobilizado de máis de 1.210 millóns de euros, o que permitiu apalancar máis de 680 millóns de euros de investimento privado, é dicir, case 1.900 millóns de euros para I+D+i mobilizada.

Na avaliación intermedia dá Estratexia de Especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2014-2020 identificáronse aspectos moi positivos como non relativo ao proceso participativo; experiencia pioneira en canto a involucrar aos axentes da cuádrupla hélice ao redor de una mesma Estratexia e os bos resultados en canto ao reforzamento do capital social no sistema.

Ou no relativo ao modelo de especialización, púxose de manifesto a continuidade da pertinencia a nivel dos grandes retos que a Estratexia definiu.

No relativo aos instrumentos, púsose de relevo o acertado de instrumentos crave como PEME Innova, Innova Galicia, Galicia Transfire e Emprendemento Innovador, así como instrumentos que foron innovadores no período como son as Unidades Mixtas, os Hubs, as Business Factories ou a Compra Pública Innovadora.

Tamén destacou no relativo ao comportamento xeral da actividade de I+D+i, o bo comportamento dos indicadores relativos ao investimento empresarial, o persoal investigador, as actividades de I+D no sector público e a produción científica.

A Comisión Europea esixe ás rexións contar cunha Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 reforzada para o período 2021-2027 como condición necesaria



(condición habilitante) para poder recibir os fondos estruturais europeos baixo o Obxectivo Político 1.

A Comisión establece a transición verde como a gran liña de especialización europea á que todos os estados e rexións deben contribuír desde as súas capacidades e condicións.

Ademais pide contribuír aos obxectivos de transición dixital, industrial e resiliencia, para o que establece condicións.

Logo da experiencia da RIS3 Galicia 2014-2020, e despois de meses traballando no deseño conxunto da estratexia, a través dun proceso participativo para identificar o modelo de especialización en Galicia sobre os que pivotará a nova estratexia que permitirá a Galicia optar aos investimentos de Europa e establecer as prioridades da Comunidade en I+D+i para os próximos anos.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales foron os avances alcanzados no proceso de elaboración da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 e cales son os principais resultados do traballo realizado?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/12/2021 12:25:01

Marta Nóvoa Iglesias na data 28/12/2021 12:25:21

Cristina Sanz Arias na data 28/12/2021 12:25:33

José Antonio Armada Pérez na data 28/12/2021 12:25:47

Borja Vereza Fraiz na data 28/12/2021 12:26:03

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/12/2021 12:26:20

Pardo López, Adrián na data 28/12/2021 12:26:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Borja Vereza Fraiz, Moisés Rodríguez Pérez e Adrián Pardo López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que ata agora, todas as medidas aprobadas polo Goberno Central para atallar a escalada do prezo da electricidade, non só chegan tarde, senón que son insuficientes, a pesares de que levamos cinco meses advertindo da necesidade dunha reforma do sistema eléctrico pola vía da fiscalidade, así como a revisión da nova factura eléctrica.

Falamos dun problema que afecta de maneira especial ás familias máis vulnerables, pero que ao mesmo tempo pon en perigo a competitividade do tecido empresarial e a xeración de oportunidades laborais.

Polo tanto, estamos ante unha situación que está a provocar unha máxima preocupación que comparten toda a sociedade, as pemes, os autónomos e a industria, que o Goberno non é capaz de solucionar.

De feito, o Goberno ten regulado o sistema eléctrico no RDL 17/2021, o pasado 14 de setembro, sen ter en conta os efectos colaterais da súa reforma, con propostas que supoñen un parche para mitigar o prezo hoxe, pero sen explicar cales serán as consecuencias a partir do mes de abril do próximo ano nos petos dos consumidores domésticos e empresas.

Por iso, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que opinión ten a Xunta de Galicia sobre o Plan de Choque aprobado polo Goberno para mitigar o impacto da escalada do prezo da electricidade?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Marta Nóvoa Iglesias na data 28/12/2021 12:29:23

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 28/12/2021 12:29:39

Cristina Sanz Arias na data 28/12/2021 12:29:52

José Antonio Armada Pérez na data 28/12/2021 12:30:08

Borja Vereza Fraiz na data 28/12/2021 12:30:22

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/12/2021 12:30:36

Pardo López, Adrián na data 28/12/2021 12:30:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en pleno.

A Lei Orgánica de Modificación da LOE (LOMLOE) ou Lei Celaá, publicada no BOE a 30 de decembro de 2020, entrou en xaneiro de 2021.

Como é coñecido, o PP de Galicia considera que a LOMLOE é unha lei imposta, elaborada de costas ás CCAA, que son as que teñen que aplicala. Ademais, trátase dunha lei que introduce no sistema efectos perversos e ataca os pilares básicos do noso sistema como son a calidade, a equidade, a igualdade de oportunidades e a cultura do esforzo.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade afrontou esta nova situación desde a lealdade institucional e o respecto á normativa vixente, pero tamén comprometéndose a exercer as súas competencias e velar polo mantemento dun modelo educativo propio e de calidade para o ensino galego.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia coincide coa Xunta na necesidade de seguir traballando para que, no marco da legalidade, o sistema educativo galego non se vexa afectado pola aplicación desta nova lei que ataca os piares básicos do noso sistema como son a calidade, a equidade, a igualdade de oportunidades e a cultura do esforzo.

En calquera caso, a vixencia da lei orgánica obriga a adaptación dos currículos educativos, cuestión na que o Ministerio de Educación y FP leva varios meses de retraso. O goberno de Pedro Sánchez estivo lanzando anuncios en medios de comunicación, pero os textos dos RD seguen pendentes de aprobación e, por tanto, a súa publicación no BOE non se realizou cando se vai cumprir un ano da entrada en vigor da LOMLOE. Esta situación afecta á adaptación que teñen que facer as CCAA dos currículos.

Ante esta situación hai que lembrar que, o pasado mes de outubro, a Cámara galega adoptou, cos votos do PP e do BNG e coa abstención do PSdeG, o seguinte acordo:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que solicite ao Ministerio de Educación axilidade na concreción dos novos currículos derivados da aplicación da LOMLOE como paso previo a poder acometer a súa adaptación ás particularidades do ensino galego e, entre outras cuestión, facilitar que a Consellería poida ofrecer ao profesorado galego un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas que



permitan a elaboración das programacións didácticas acorde co modelo curricular vixente.»

Tamén é coñecido que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade impulso o traballo de profesionais do ensino, organizados en 27 grupos, para avanzar na definición dos currículos galegos, para tratar de minimizar, no posible, o retraso na aprobación e entrada en vigor dos mesmos.

Neste contexto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

En que situación se atopa a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da LOMLOE para a súa aplicación en Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 28/12/2021 12:36:57

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2021 12:37:13

María Elena Suárez Sarmiento na data 28/12/2021 12:37:29

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/12/2021 12:37:40

Gómez Salgado, Carlos na data 28/12/2021 12:37:46

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/12/2021 12:56:09

José Luis Ferro Iglesias na data 28/12/2021 12:59:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Manuel Lourenzo Sobral e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O pasado 23 de decembro de 2021 publicouse no DOG a Resolución do 15 de decembro de 2021 pola que se somete a información pública o parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade. Este acto administrativo é consecuencia do acordo do Consello da Xunta do 21 de outubro de 2021 polo que se declara o citado parque eólico “iniciativa empresarial prioritaria” e do acordo do 25 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética, polo que se acorda a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes, coa conseguinte redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O primeiro que chama poderosamente a atención é a data na que se somete a información pública o proxecto, en pleno nadal, e cun prazo de só quince días para a presentación de alegacións. Todo parece indicar que se trata dunha artimaña para limitar e dificultar a participación pública, xa que estamos a falar de documentos técnicos moi complexos, que suman en total máis de 3.000 páxinas. Unha participación que ademais resulta moito máis difícil nun contexto de pandemia e polo tanto de restricións nas reunións públicas e no acceso e consulta presencial da documentación.

Resulta chamativo que durante os dous meses transcorridos desde a declaración de “iniciativa empresarial prioritaria” e da aprobación da tramitación de urxencia se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

oculte a información á veciñanza afectada, e despois se impoña un prazo extremadamente breve para a información pública. Todo isto forma parte dun “modus operandi” da Xunta para favorecer os intereses empresariais, facilitar a tramitación dos proxectos, e dificultar a participación da veciñanza.

2. Con respecto ao proxecto, o parque dos Cotos ten unha poligonal de centos de hectáreas nas parroquias de Viascón, Carballedo, Rebordelo, Loureiro, Borela e Augasantas (concello de Cerdedo-Cotobade). Ten unha potencia total de 30 MW, con 6 aeroxeradores de 5 MW, e unha altura total duns 200 m sumando a envergadura do fuste e das aspas. Ademais, inclúe a construción dunha subestación, unha liña de media tensión, e grandes explanacións do terreo para o acceso e construción do parque.

A maiores, prevese a construción dunha liña de alta tensión através dos concellos de Ponte Caldelas e Pontevedra até a subestación eléctrica de Ponte Sampaio.

3. Trátase a todas luces dun proxecto aberrante polas súas dimensións e polo xeito de tramitación, de costas ás comunidades locais e á veciñanza das zonas afectadas. Na práctica constitúe un proxecto de industrialización do monte, que responde a un modelo agresivo, depredador dos recursos naturais, que favorece os intereses lucrativos das empresas promotoras e que vai causar graves perxuizos no territorio: na paisaxe, nos usos tradicionais do medio, nos recursos hídricos e mananciais de abastecemento de auga, no valor do chan incluído na poligonal, nas expectativas como zona residencial ou turística, e na calidade de vida da veciñanza, que se verá afectada polo ruído, a intrusión visual, a contaminación lumínica ou o efecto sombra.

4. Tal e como se está a levar a cabo, e como se pon de manifesto neste proxecto, o actual modelo de desenvolvemento eólico promovido pola Xunta de Galiza constitúe un ataque ao país, ao territorio, ás persoas que viven no rural e ás garantías democráticas fundamentais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Numerosos informes e estudos de diversas entidades cuestionan a planificación e o desenvolvemento do sector eólico que está a impoñer a Xunta. Organizacións ecoloxistas, concellos, comunidades de montes, organizacións agrarias, plataformas veciñais, o Observatorio Eólico Galego (UVigo) e o Consello da Cultura Galega, entre outras entidades, advirten das eivas, das carencias e das consecuencias negativas deste modelo e reclaman a súa paralización, así como a apertura dun proceso de diálogo e participación para a elaboración dunha nova planificación.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego pasar por riba dos intereses da veciñanza de Cerdedo-Cotobade para favorecer os intereses dunha empresa privada?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Manuel Lourenzo Sobral

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 13:10:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/12/2021 13:10:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 13:11:03



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

A pandemia da Covid-19 puxo o foco nas necesidades tecnolóxicas de toda a cidadanía por canto se fixo necesario artellar ferramentas en tempo récord para o teletraballo e a teleformación na maioría das empresas e das institucións, así como nos fogares de Galicia e de España.

O ámbito educativo veuse especialmente afectado por esta transformación sociolóxica e o Goberno da Xunta de Galicia, que por suposto é consciente desta realidade, púxose inmediatamente a traballar en busca de solucións formulando para elo a Estratexia de Educación Dixital 2030.

A Estratexia de Educación Dixital 2030 ten como obxectivos xerais:

- Que ninguén se quede atrás no proceso de dixitalización.
- Unha maior presenza da educación dixital e contextos híbridos de aprendizaxe, que mesturan o dixital e o presencial.
- A progresiva dixitalización de todo o que rodea ao mundo educativo.
- Atallar a fenda dixital e contribuír a loitar contra o reto demográfico e consolidar a poboación nas contornas rurais.

Este Grupo Parlamentario Popular, moi consciente da importancia desta iniciativa para a comunidade educativa galega, formula a seguinte pregunta en pleno:

Como está a desenvolver a Consellería de Cultura, Educación e Universidade as medidas previstas na Estratexia de Educación Dixital 2030?

Santiago de Compostela, 28 decembro 2021.



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 28/12/2021 13:40:42

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2021 13:40:54

María Elena Suárez Sarmiento na data 28/12/2021 13:41:04

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/12/2021 13:41:16

Gómez Salgado, Carlos na data 28/12/2021 13:41:27

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/12/2021 13:41:35

José Luis Ferro Iglesias na data 28/12/2021 13:41:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Noelia Pérez López, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

A posta en valor da Formación Profesional en Galicia ten sido unha das máximas prioridades do Goberno galego nestes anos. O impulso dado á FP desde a Xunta de Galicia tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo.

Unha desas accións levadas a cabo é o futuro Centro Galego de Innovación en Formación Profesional de Ourense. Este proxecto é un exemplo de colaboración institucional, xa que nel están implicadas a Xunta e a Deputación Provincial de Ourense pola investigación e a innovación.

Este centro estará situado na antiga Escola Fogar de Mariñamansa de Ourense, logo dun laborioso traballo de remodelación e adaptación das instalacións.

Este proxecto está chamado a ser referente da creatividade e do talento da Formación Profesional da nosa Comunidade; tanto para o seu alumnado como para o profesorado

O Grupo Parlamentario Popular cree que investir en FP e poñer en marcha esta infraestrutura pioneira ten que servir para abrir novas oportunidades formativas e de inserción laboral na nosa terra.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

En que estado se atopa o proxecto do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional de Ourense en canto a funcionamento e contidos?

Santiago de Compostela, 28 de decembro 2021.



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 28/12/2021 13:52:08

Noelia Pérez López na data 28/12/2021 13:52:21

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2021 13:52:35

María Elena Suárez Sarmiento na data 28/12/2021 13:52:46

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/12/2021 13:56:09

Gómez Salgado, Carlos na data 28/12/2021 13:56:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/12/2021 13:56:26

José Luis Ferro Iglesias na data 28/12/2021 13:56:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en pleno.

Galicia ten acadado un sistema educativo equitativo e inclusivo que é referencia no conxunto de España, grazas ás políticas educativas do Goberno galego ao longo de varias lexislaturas.

A Xunta e a comunidade educativa, así como as asociacións de atención á diversidade, comparten a necesidade de consolidar os avances acadados nos últimos anos, pero sen renunciar a seguir mellorando a atención.

Responsables da Consellería de Cultura, Educación e Universidade teñen explicado nesta Cámara a relevancia acadada pola aprobación e aplicación do Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros educativos na comunidade autónoma de atención á diversidade.

Asemade, o pasado 26 de outubro publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Trátase dunha orde que ten o obxectivo de dar unha resposta axustada á realidade de cada alumno, ás súas necesidades e aos seus talentos, camiñando cara unha escola pensada desde a perspectiva do alumnado e co apoio do conxunto da sociedade

A raíz dunha pregunta do Grupo Parlamentario Popular, o secretario xeral de Educación e FP explicou o pasado novembro as principais novidades desta orde e avanzou o interese da Consellería por seguir afondando na atención á diversidade e na inclusión de todo o alumnado no sistema educativo galego; camiñando cara unha escola pensada desde a perspectiva do alumnado e co apoio do conxunto da sociedade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é a política estratéxica que a Consellería prevé seguir en relación coa atención á diversidade e a inclusión no ensino?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 28/12/2021 14:08:36

Teresa Egerique Mosquera na data 28/12/2021 14:08:50

María Elena Suárez Sarmiento na data 28/12/2021 14:09:01

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/12/2021 14:09:20

Gómez Salgado, Carlos na data 28/12/2021 14:09:26

María Felisa Rodríguez Carrera na data 28/12/2021 14:09:33

José Luis Ferro Iglesias na data 28/12/2021 14:09:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a aplicación do Protocolo para a prevención e radicación das situacións de acoso laboral e discriminación no persoal da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 a Xunta de Galiza e as organizacións sindicais maioritarias do país asinaron o Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

O obxectivo do Protocolo era a erradicación dos casos de acoso laboral e outras discriminacións no ámbito da administración xeral e do sector público autonómico da Xunta de Galiza, considerando que tales comportamentos atentaban contra dereitos fundamentais da persoa como a dignidade, a integridade física e moral, a honra, á intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe; sendo obriga dos poderes públicos, en todo caso, de evitar e perseguir os comportamentos que vulneren os dereitos das persoas.

O Protocolo consideraba acoso laboral como a exposición a condutas de violencia intensa dirixidas de forma reiterada e prolongada no tempo, dende unha posición de poder, co propósito ou efecto de crear un ambiente hostil ou humillante que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perturbe a vida laboral da vítima; xa que logo o ámbito de actuación do Protocolo estaba dirixido á intervencións en situacións de relevancia non menor.

Asemade no Protocolo creábase un Comité de Intervención, centralizado, de composición paritaria (4 representantes da Xunta de Galiza e 4 das organizacións sindicais) coa función de recibir denuncias, investigalas e realizar os informes e propostas que procedan á vista das comprobacións realizadas. Inicialmente establecíase un prazo dun mes para a realización dos traballos de investigación e informe, que, ao seren considerado escaso, foi ampliado no ano 2019 ate os 6 meses.

O certo é que case 5 anos após da sinatura do Protocolo o mesmo non está sendo cumprido, como ven constatando e denunciando reiteradamente tanto a Confederación Intersindical Galega (CIG) -organización sindical que como sindicato máis representativo integra o Comité de Intervención- como a propia Valedora do Pobo que, ante a falla de funcionamento do Protocolo e do Comité de Intervención- propón a creación dunha nova figura, o “asesor confidencial”. Xa non é que non se estea a cumprir o prazo dos 6 meses para a investigación e emisión de informe, senón que non consta se dea o tramite e a información prevista ás denuncias que se formulan.

A falla de funcionamento do Comité de Intervención e do propio Protocolo non é unha cuestión menor, pois pode provocar o efecto contrario do que se perseguía no mesmo, isto é, a prevención e erradicación das condutas de acoso e discriminación. Así a presentación dun escrito de denuncia, necesario para por en marcha o mecanismo fronte ao acoso, provoca un incremento da intensidade do comportamento acosador e/ou discriminatorio, sen que se poda adoptar medida de mobilidade en tanto non se inicia a actividade investigadora e se toman declaración ás persoas implicadas. Igualmente, ao contido do Protocolo e ao seu carácter de vía prioritaria, remítese a Inspección de Traballo na tramitación das denuncias que se lle presentan, polo que lonxe dos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivos pactados no seu día, o Protocolo está a ser un mecanismo para evitar a persecución e erradicación contra o acoso laboral e a discriminación no traballo público.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que se están a cumprir as obrigas e obxectivos establecidas no Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración da Comunidade Autónoma de Galiza, respectando os prazos para tomar declaracións, investigar e informar sobre as denuncias que se presentan sobre casos de acoso laboral?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 16:49:37





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 16:49:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a protección do patrimonio arqueolóxico de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Distintas manifestacións realizadas por destacados membros da Academia San Rosendo, e recollidas nos principais medios de comunicación de Ourense, advertían da posible existencia de importantes vestixios arquitectónicos e arqueolóxicos na zona do Monte da Neve e nos Altos da Lagoa no Concello de Celanova.

Após dunha iniciativa presentada pola representación do Bloque Nacionalista Galego consta informe arqueolóxico elaborado por un técnico da administración pública no que, entroutos extremos, faise constar que:

“En vista do alto valor patrimonial que supón o conxunto do Monte da Neve e contorna dos Altos da Lagoa, deberanse ter en conta tódolos elementos rexistrados no presente documento, non só individualmente, senón dentro do conxunto do que forman parte.

Así, as necrópoles megalíticas deben ser consideradas unha única área arqueolóxica (...) ao igual que como conxunto deben ser concibidos os lugares vinculados ao pasado fundacional de Celanova e dos restos relacionados cos antepasados de San Rosendo”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No informe arqueolóxico recoñécese a existencia na zona dos Altos da Lagoa da maior concentración de túmulos megalíticos coñecida no Concello de Celanova, distribuída en tres necrópoles, Pozo da Lagoa, Altos da Lagoa e Monte Oural, e formada por un total de 25 túmulos, 9 dos que non figuran rexistrados no inventario arqueolóxico da Xunta de Galiza. Os túmulos existentes e aínda non inventariados, a xuízo do técnico informante “deberán integrarse no mesmo (inventario arqueolóxico da Xunta de Galiza) a partires da revisión e estudos levados a cabo na actualidade”.

Recentes achados e estudos están descubrindo a existencia de numerosos vestixios arqueolóxicos ate hoxe descoñecidos e que a documentación medieval relaciona coa fundación da vila de Celanova. Vestixios que por corresponderen a estudos aínda en curso non están incluídos nos inventarios arqueolóxicos e que por iso -malia a súa importancia- non gozan da necesaria protección. Esta ausencia de protección provoca que podan verse ameazados polo proxecto da empresa Baywa para a construción dun parque eólico que afecta ao concello de Celanova. En concreto o voo das aspas dos aeroxeneradores A5 e A7 na proposta de posicións actuais abalazándose moito sobre lugares nos que se localizaron restos arqueolóxicos importantes.

Os recursos e valores históricos e culturais son (deben ser) de máxima prioridade para o concello de Celanova e toda vez que a proximidade dos aeroxeneradores á contorna do Monte da Neve afectaría á área de protección dos bens rexistrados e susceptibles de protección debería valorarse arredar a posición dos aeros da ubicación proposta evitando a visión dos mesmos dende Celanova, así como a invasión do voo das aspas sobre as áreas de protección dos sitios indicados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións realizou o Goberno Galego para a investigación, valoración e protección dos restos arqueolóxicos existentes na contorna do Monte da Neve e do Alto da Lagoa no concello de Celanova, nomeadamente para non ser prexudicados pola instalación dun do parque eólico?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/12/2021 17:18:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 17:18:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de decembro de 2018 expirou o mandato do actual Consello Xeral do Poder Xudicial, órgano máximo de goberno do poder xudicial, do que dependen no só a organización dos xulgados e tribunais, senón mesmo o nomeamento das maxistradas do Tribunal Supremo, ou das persoas que presidirán as salas do Tribunal Supremo, ou das presidencias dos Tribunais Superiores de Xustiza ou Audiencias Provinciais.

Así, unha vez máis, a pesares de que o mandato é para un período de 5 anos as actuais vocais do CXPX estarán no exercicio desas funcións un mínimo dun 40% máis do tempo que legalmente correspondería. Dicimos mínimo pois nada asegura que esta situación de interinidade non se prorrogue indefinidamente.

Tal situación de bloqueo, alén dun flagrante incumprimento dos principios democráticos máis elementais, ven evidenciar a vontade de controlar “pola porta de atrás” á Administración de Xustiza, tentar servirse da Administración de Xustiza, no canto de servir á Administración de Xustiza. Curiosamente tal situación de parálise na renovación do CXPX se esta a producir cando pende sobre o mesmo, entre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outras, a cobertura de 3 prazas na Sala do Penal do Tribunal Supremo, no que actualmente se substancian recursos de casación de coñecidos casos de corrupción. Resulta plausible, por coherente e saudable, que un órgano interino e en funcións non realice nomeamentos permanentes e irrevogábeis.

Sen discutir que dado que a Xustiza emana do pobo, sexa a representación do pobo a quen corresponda designar ás persoas que deben administrar e organizar o Poder Xudicial, non pode ser que tal designación poda ficar á vontade exclusiva dunha ou dúas forzas políticas, ou mesmo que un só partido político por motivos descoñecidos poda ser abondo para impedir a ordinaria renovación do órgano máximo de goberno do Poder Xudicial, ou mesmo que estando en funcións, dependa da exclusiva vontade deste continuar en exercicio das súas facultades ordinarias para a provisión dos máis altos, e ás veces delicados, postos en distintos órganos xurisdiccionais . Non contribúe a boa saúde democrática que poda existir a percepción cidadá que un maxistrado ou maxistrada ocupa un posto no poder xudicial, non xa polos seus méritos ou capacidade, senón pola a súa afinidade cun concreto partido político. Esta aparencia, seguramente infundada, prexudica tanto a persoa como o que é máis importante ao propio Poder Xudicial.

Por outra banda resulta dificilmente entendible como nun estado pretendidamente descentralizado -que o propio Presidente da Xunta de Galiza non dubidou en cualificar como federal- órgano de goberno dun dos poderes do estado estea na súa constitución totalmente centralizado e, no caso que os atinxe, ao Parlamento de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Concorda o Goberno Galego coa realidade de que un grupo político poda bloquear indefinidamente a renovación do órgano máximo de goberno do poder xudicial, e que o nomeamento do poder xudicial en Galiza fágase sen intervención ou proposta do Parlamento de Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 17:22:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Carme González Iglesias, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativas aos sobrecustos na adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está a levar a cabo a obra de rehabilitación do antigo Hospital Xeral para convertelo no edificio da Cidade da Xustiza.

En abril de 2016 convocase concurso de ideas para a elaboración de anteproxecto de adaptación do Complexo do Hospital Antigo Xeral de Vigo na Cidade de Xustiza de Vigo. Concurso que foi resolto no mes de novembro en favor do anteproxecto presentado polo arquitecto D. Alfonso Penelas Fernández.

Posteriormente, contratouse a D. Alfonso Penelas a redacción do proxecto básico e de execución e do servizo de dirección de obra para a execución das obras de adaptación do complexo hospitalario en cidade da xustiza. Outorgándoselle ate o 29 de setembro de 2017 para a presentación dos proxectos da referida cidade da xustiza.

En febreiro de 2017 anúnciase procedemento para a contratación da fase de demolición das obras de rehabilitación do Complexo Hospitalario para conversión en Cidade de Xustiza conforme ao proxecto presentado por D. Alfonso Penelas e aprobado pola Xunta de Galiza en febreiro de 2017, sendo adxudicado por un importe de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.857.655,2 € e sendo ampliado o prazo de execución en dúas ocasións, decembro de 2017 e abril de 2018.

Asemade no mes de febreiro de 2017 convocase a licitación da contratación da elaboración de diversos estudos e informes técnicos para “un completo análise do estado actual da edificación que garante a viabilidade técnicas das diferentes actuacións arquitectónicas que se vai levar a cabo sobre este complexo de carácter hospitalario e que se quere converter na Cidade da Xustiza de Vigo”. Análise que finalmente foi contratada coa empresa Euroconsult, S.A. por importe de 105.996 €, ive incluído.

No mes de novembro de 2017 houbo licitarse a ampliación do contrato das obras de demolición por un importe de 638.429, 84 €, isto é, un 30% máis do inicialmente prevista. Xa que logo xa na primeira fase e a pesares dos proxectos e informes contratados existiu unha desviación (un incremento) de máis dun 30%.

A segunda fase do proxecto, consistente na execución das obras de adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo, foi adxudicado en marzo de 2018 á empresa Construcciones San José por un importe de 22.506.528, 11€ máis IVE, superando, xa que logo, a cantidade de 27,2 millóns de euros, cun prazo de execución de 21 meses.

Contrato de obras que, ao igual que o de demolición, foi obxecto de ampliación ante aparición de “novas circunstancias non previstas no proxecto inicial” por un importe superior aos 8.800.000 € máis IVE, isto é, unha variación superior ao 39% do prezo da adxudicación inicial.

Este novo “contratempo” xustificouse no mal estado das estruturas dos edificios anexos á torre do antigo Xeral (“estructuras metálicas deficientes e forxados sen capa de compresión”, en palabras do arquitecto director das obras, Alfonso Penela). Semella





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

evidente que este escandaloso incremento do custo das obras non é casual nin produto dunha situación sobrevida. Se se encargaron estudos e informes, entre eles o da estrutura e envolventes, parece obvio que neles tiveron que advertirse as deficiencias que obrigaron a unha modificación substancial do proxecto e a un incremento do custo das obras de máis do 30%, en cada unha das fases -demolición e construción- nas que se dividiu o proxecto de adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo. So caben dúas opcións: ou os informes de Euroconsult, que tiveron un custo de 105.000 euros, non advertiron destas deficiencias, ou si o fixeron non foron tidos en conta na redacción do proxecto. Calquera das dúas alternativas é moi grave e debe ser obxecto de responsabilidades.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que existiu algunha neglixencia nas consideracións e apreciacións contidas nos estudos elaborados por Euroconsult ou na aplicación realizada dos mesmos que provocasen unha diferenza tan elevada sobre o custe inicialmente previsto das obras para a adaptación do Complexo do Antigo Hospital Xeral en Cidade da Xustiza de Vigo?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Carme González Iglesias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 17:35:16

Alexandra Fernández Gómez na data 28/12/2021 17:35:19

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 17:35:26

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 17:35:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo postal no concello de Pontedeva e limítrofes da provincia de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo postal foi a segue a ser un dos servizos básicos e esenciais no rural galego. A elevada media de idade da poboación que reside no noso rural, a dispersión nos núcleos de poboación, xunto coa inexistencia dunha rede de comunicacións en todo país dota ao servizo postal dunha singular importancia que, noutras circunstancias, non tería, ou, cando menos, non coa mesma intensidade.

Mostra do indicado é que a pesares da aparición e consolidación de novos avances tecnolóxicos o número de envíos postais nos últimos anos experimentou unha redución superior a outras partes do país ou do estado, nos que a redución do cadro de persoal non foi tan importante.

Na última década o número de carteiros rurais destinados na provincia de Ourense diminuíu en máis dun 30%, continuando actualmente esta tendencia á redución do cadro de persoal co conseguinte detrimento na prestación do servizo.

Á falla de cobertura e substitución nas baixas ou permisos dos traballadores, a amortización das prazas das xubilacións provocan unha redución no cadro de persoal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se ve imposibilitado de prestar un servizo de calidade, nin nas condicións legalmente esixíbeis.

Igualmente, a supresión no ano 2020 da oficina técnica de Cortegada, convertida en oficina satélite cunha redución de case o 50% no tempo de atención ao público, foi un paso determinante en deterioro na prestación do servizo postal nos concellos de Cortegada, Padrenda, Gomesende e Pontedevea.

A precarización do emprego postal que atende a zona de Pontedevea na que só un dos cinco postos de traballo de carteiros previstos na RPT sexa fixo, sen que se proceda á cobertura da totalidade das prazas, nin sequera nas épocas de maior actividade, contribuíndo a un maior deterioro no servizo e a incrementar a carga de traballo e o territorio a atender polo persoal existente. Situación agravada polo feito de que, aínda no día de hoxe, nos referidos concellos non se procedeu á numeración dos inmóbeis, circunstancia que dificulta considerablemente a entrega dos envíos postais.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego axeitado o servizo postal que se esta a prestar no rural ourensán e, no seu caso, que xestións realizou para a súa melloría?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 17:46:08

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 17:46:12

María González Albert na data 28/12/2021 17:46:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao desenvolvemento do Corpo Galego de Policía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días o Parlamento de Galiza vén constatar problemas na organización e funcionamento no denominado Corpo Nacional de Policía que actúa en Galiza. Así o Parlamento de Galiza apreciou que a centralización en A Coruña das Salas do 091 que atendían as demandas da cidadanía de Ourense e Lugo -como antes se fixera en Vigo coas de toda a provincia de Pontevedra- supuña un grave deterioro na prestación do servizo de seguridade pública do que, en boa medida, depende o exercicio doutros dereitos fundamentais e liberdades públicas das persoas. Axentes encargados da seguridade cidadá expresaban que como consecuencia das medidas organizativas adoptadas un 40% das chamadas de auxilio e atención realizadas pola cidadanía de Lugo ficaron sen atender.

O pronunciamento do Parlamento viña a evidenciar que as medidas adoptadas no seu día polo goberno do Partido Popular no Estado e que podían servir para outros territorios eran totalmente improcedentes para Galiza.

Máis recentemente, apenas hai uns días, un sindicato policial denunciaba que “durante a meirande parte do pasado fin de semana (10/11 de abril) a cidade de Ourense ficaran sen servizo de radiopatrullas” tendo que derivar os requirimentos cidadás a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outros corpos e forzas de seguridade. O propio sindicato policial remataba o seu comunicando denunciando o abandono e á deficiente xestión institucional á que se ven sometidos os policía e a cidadanía de Ourense.

A falla dunha organización dos FFCCSS axeitada á realidade galega, o déficit de medios materiais e dun número de efectivos inferior ao catálogo aprobado constitúen eivas evidentes para unha eficaz prestación do servizo de seguridade e protección á cidadanía galega. Extremo que foi recoñecido en sede parlamentaria polo propio Presidente da Xunta ao analizar o control das medidas acordadas na xestión da pandemia.

Malia a realidade exposta, non consta que o Goberno Galego, alén da súa utilización partidaria, estea a realizar actuación algunha para corrixir de vez os problemas constatados que, como fica exposto, atinxe ao dereito á seguridade, mais tamén ao libre exercicio doutros dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Por outra banda, no ano 2007 o parlamento galego aprobou a Lei 8/2007, de 13 de xuño, de Policía de Galiza, que prevía que o instituto armado galego tería competencias no ámbito da seguridade cidadá e exercería as funcións de policía administrativa e xudicial.

En canto ás súas funcións, recollidas no artigo 15, establece que:

1. O Corpo de Policía de Galicia, consonte o art. 5 desta lei, exercerá as seguintes competencias e funcións:

a) No ámbito de seguridade cidadá:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.

2º Prestar auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública e participar na execución dos plans de protección civil na forma en que se determina nas leis.

3º Prestar auxilio nas actuacións en materia de salvamento, se é requirido para iso.

4º As demais funcións legalmente atribuídas, especialmente:

- Protexer as persoas e os bens.*
- Manter a orde pública, de acordo co ordenamento xurídico.*
- Vixiar os espazos públicos.*
- Protexer e colaborar nas manifestacións e manter a orde pública nas grandes concentracións humanas cando fose requirido para iso.*
- Prever a comisión de actos delituosos e intervir cando fosen cometidos.*
- Intervir na resolución amigable de conflitos privados se fose requirido.*
- Cumprir as funcións de protección de seguridade cidadá atribuídas ás forzas e corpos de seguridade pola Lei orgánica 1/1992.*

b) No ámbito de policía administrativa :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1º Velar polo cumprimento das leis e disposicións do Estado aplicables en Galicia e garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

2º Velar polo cumprimento das leis de Galicia e das normas, disposicións e actos emanados das demais institucións e órganos da Comunidade Autónoma, mediante as actividades de investigación, inspección e denuncia, e a execución forzosa das súas resolucións.

3º A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma de Galicia, denunciando toda actividade ilícita.

Na execución deste tipo de funcións prestarase especial atención a:

- Velar polo cumprimento da normativa vixente sobre medio ambiente, recursos mariños, caza, gandería, saúde pública, incendios forestais, pesca fluvial, ordenación urbanística, protección de camiños, costas e asuntos marítimos, transporte e contaminación acústica.

- Velar polo cumprimento da normativa sobre o patrimonio histórico e cultural galego para evitar o seu espolio ou destrución e para garantir a súa salvagarda e protección.

- No marco das funcións que lle atribúa a normativa específica, vixiar e controlar o cumprimento da lexislación vixente en materia de xogo e de espectáculos.

4º Vixilancia e control do tráfico nas vías interurbanas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5º Vixiar, inspeccionar e controlar as empresas de seguridade privada, os seus servizos e actuacións e os medios e persoal ao seu cargo, nos termos establecidos na lexislación vixente.

6º Informar, asistir e orientar os cidadáns.

7º Colaborar coas institucións públicas de protección e tutela de menores na consecución dos seus obxectivos, de conformidade coa lexislación civil, penal e penitenciaria do Estado.

8º Colaborar coas institucións públicas e privadas de protección e tutela da inmigración e con aquelas outras que teñan como obxectivo previr e evitar calquera forma de marxinação.

9º Colaborar coas institucións públicas de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.

10º As demais funcións que lle atribúa a lexislación vixente.

c) No ámbito de policía xudicial, aquelas funcións que lle correspondan de acordo co establecido no art. 126 da Constitución, na Lei orgánica do poder xudicial e na restante normativa vixente.

2. As funcións enumeradas no punto anterior cumpriranse baixo os principios de cooperación, coordinación e mutua colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade.

3. Ademais, a Policía de Galicia poderá asumir todas aquelas outras funcións que sexan delegadas ou transferidas á Comunidade Autónoma pola vía do art. 150.2 da Constitución, así como aquelas outras que lle sexan encomendadas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta o tempo transcorrido, a falta de desenvolvemento e cumprimento da lei de policía galega e a falla de correspondencia entre a realidade galega e a reorganización das FFCCSS, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que o despregamento e organización dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado en Galiza axústanse á realidade galega?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 28/12/2021 17:57:31

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 17:57:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 17:57:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos impedimentos da Xunta de Galiza ao control parlamentar da acción de goberno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos piares elementais do Estado democrático é o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, ben directamente ou ben a través de representantes escollidas, por sufraxio universal, en eleccións periódicas.

Este dereito político fundamental e básico vese complementado con outros moitos, como coa posibilidade de control cidadá sobre a acción de goberno. Acción de control que a arquitectura do estado ten residenciado, basicamente, nas cámaras lexislativas.

Xa que logo unha das misións fundamentais do Parlamento de Galiza é controlar a acción de goberno galego, para o que o ordenamento xurídico atribúelle distintos vehículos e instrumentos como a facultade de prantexar preguntas, escritas ou orais, así como solicitar ao executivo os datos, informes ou documentos que estean en poder da Xunta de Galiza.

Ao abeiro do anterior o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego o día 13 de outubro de 2020 rexistrou unha solicitude na que interesaba que lle fora “facilitada a seguinte documentación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Copia íntegra das dilixencias instruídas polo Seprona sobre o estado do servizo de abastecemento de auga domiciliaria no Concello de A Merca, así como sobre as causas e eventuais responsabilidades do mesmo, aí como das actuacións realizadas pola Xunta de Galiza na súa consecuencia”

O día 4 de abril de 2021, isto é, case sete meses despois de presentada á solicitude (o prazo máximo legalmente establecido é de 30 días) a Xunta comunica ao Parlamento de Galiza que “Non hai constancia da documentación solicitada na Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo”.

Resulta evidente, tamén elocuente, a falla de correspondencia entre a persoa a quen se lle solicita información (Xunta de Galiza) e quen responde afirmando non dispor dunha documentación que non lle foi concretamente requirida a ela (Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo). A resposta trasladada a este grupo parlamentar quer dicir que a Xunta de Galiza non dispón desa documentación? Significa que na Consellaría, p.ex. de Medio Rural, non existe atestado ou dilixencias instruídas polo Seprona sobre o abastecemento de auga no Concello de A Merca?

Certamente con esta resposta semella que a Xunta de Galiza, máis unha vez, ven impedir o labor dos deputados e deputadas do Parlamento de Galiza no exercicio da súa función de control ao poder executivo.

En todo caso e a fin de coñecer se existen razóns que podan explicar, por unha banda a extraordinaria demora na resposta á iniciativa presentada, e por outra a razón da ausencia de coherencia entre a destinataria do requirimento e a autora da resposta, fórmase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Entende o Goberno galego que a resposta á solicitude de documentación e información sobre eventuais dilixencias instruídas polo Seprona sobre o abastecemento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de auga domiciliaria no concello de A Merca, e no prazo en que se produciu, é totalmente conforme co dereito de participación do art. 23 da CE e co labor de control que ten conferido o Parlamento de Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 28/12/2021 18:15:03

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 18:15:08

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 18:15:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de incremento do persoal na administración de xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do programa 131A da administración de xustiza na Galiza pon de manifesto a existencia dun déficit estrutural do persoal ao servizo da administración de xustiza, así como un abuso evidente da temporalidade, realizando contratacións de duración determinada para postos de traballo que son estruturais e que constitúen necesidades permanentes para o funcionamento da administración de xustiza en Galiza.

Así o máximo ente fiscalizador económico financeiro de Galiza, co remisión a data 18 de febreiro de 2021, (cuxos datos aínda non constan no portal de transparencia da Xunta de Galiza) indicaba que nos xulgados galegos existían 43 prazas vacantes que nin estaban cubertas nin existía vontade de que o fosen. Un 23,7% das prazas vacantes cubertas por persoal interino estaban ocupadas por traballadoras que levaban máis de 3 anos ininterrompidos no posto de traballo, o que, alén da ilegalidade que implica, evidencia a negligencia da Xunta de Galiza na cobertura definitiva dun posto de traballo permanente, promovendo a precarización e transitoriedade na cobertura de prazas estruturais, incorrendo nun flagrante fraude de lei por abuso na temporalidade. A meirande parte do resto do centenar das prazas sen titular son ocupadas por traballadoras que levan no posto máis de 6 meses continuados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente significativo é a existencia de máis de 80 traballadoras que realizan funcións de reforzo para distintos órganos e servizos xudiciais, podendo colexirse que máis unha vez se está a perpetrar un fraude de lei por abuso da temporalidade cubrindo necesidades permanentes e estruturais con contratos temporais. Comportamento proscrito dende finais do século pasado pola Directiva Comunitaria 1999/70/CE, como reiteradamente veñen lembrar os distintos órganos xurisdicionais europeos, estatais ou galegos.

O anteriormente exposto simplemente é consecuencia da escasa relevancia que a Xunta de Galiza e o Partido Popular confírelle á administración de xustiza, instrumento imprescindible para a protección dos dereitos das persoas. Así, durante os anos 2010 ate 2016 non se ampliou a planta xudicial galega, é dicir, non se creou ningún xulgado novo. Galiza é a segunda comunidade non uniprovincial que menos inviste en persoal para administración de xustiza, sendo a segunda comunidade con competencias transferidas na que menos medrou o investimento en persoal durante a última década.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razón o número de prazas vacantes e o índice de rotación do persoal funcionario ao servizo da administración de xustiza de Galiza é superior á media do resto das CCAA con competencias transferidas?

Santiago de Compostela a 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 18:46:42

Iria Carreira Pazos na data 28/12/2021 18:46:46

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 18:46:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento do Plan de Infraestruturas xudiciais 2010-2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 o goberno da Xunta de Galiza, tras analizar o estado das dependencias dos edificios xudiciais, así como as necesarias intervencións nos inmóbeis, aprobou un Plan de Infraestruturas xudiciais para executar no período de 2010 a 2015. No referido Plan establecíase unha serie de actuacións que se consideraban prioritarias a executar no curto prazo, isto é, na primeira fase do Plan, período 2010-2013. As demais actuacións previstas no Plan eran para executar no medio prazo, período 2014 e 2015.

As intervencións a executar, tanto for de rehabilitación como de construción dun novo edificio xudicial, eran obxecto de valoración no propio Plan de Infraestruturas xudiciais.

Así, por exemplo, considerábase urxente a construción dun novo edificio xudicial no partido xudicial de Muros ou da Estrada, cuantificándose en 650.000 € e 2.300.000 € respectivamente. Para a fase posterior, a executar nos anos 2014-2015, deixábanse as denominadas necesidades a medio prazo, novo edificio para a sede da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fiscalía Superior de Galiza, ou a construción de novos edificios xudiciais para Sarria, Vilagarcía, Cambados Padrón ou Ferrol.

O tempo transcorrido, que duplica o máximo inicialmente previsto polo Goberno Galego para a íntegra execución do Plan, é un momento acaído para a valoración do seu grado de cumprimento e se, eventualmente, aínda fica algunha actuación pendente de execución.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Entende o Goberno Galego cumprido o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/11/2021 11:21:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 26/11/2021 11:21:29

Xosé Luis Bará Torres na data 26/11/2021 11:21:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as razóns da extraordinaria demora na resolución da convocatoria das axudas do programa Galiza Emprende e as súas consecuencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Dirección do IGAPE, na súa xuntanza do día 27 de outubro de 2020, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Facultando ao seu Director Xeral para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e a publicación no Diario Oficial de Galicia.

O 8 de xaneiro publícase no DOG a Resolución e as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores das referidas axudas, abrindo un prazo de 45 días para a presentación das solicitudes, establecéndose o prazo máximo para a resolución da convocatoria.

Na propia Resolución facíase constar que:

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 5 meses desde a publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia e, transcorrido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

este, poderase entender rexeitada por silencio administrativo a solicitude de concesión de axuda.

O prazo de execución e xustificación dos proxectos rematará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder o 31 de xullo de 2022.

Os beneficiarios das axudas deberán presentar a solicitude de cobramento como máis tarde o 15 de novembro de 2021, para os proxectos cuxo prazo máximo de execución sexa o 15 de novembro de 2020 ou anterior, e como máis tarde o 31 de xullo de 2022 no resto dos proxectos.

Asemade na convocatoria establécense os requirimentos que deben conter os proxectos para ter a condición de subvencionábeis, incluído expresamente:

- a) Ser técnica, económica e financeiramente viables.*
- b) Ser proxectos completos, é dicir, a realización dos gastos e investimentos subvencionables debe dar como resultado a posta en marcha da actividade ou a súa ampliación. Non serán subvencionables as fases de proxectos que non sexan completas nestes termos.*
- c) Deben desenvolverse en Galicia.*
- d) A axuda solicitada debe supor un efecto incentivador para o proxecto presentado: de acordo co artigo 6 do Regulamento (UE) 651/2014, considerarase que as axudas teñen un efecto incentivador se a solicitude de axuda se presentou antes do comezo do proxecto. Ningún dos custos incluídos na solicitude de axuda poderá estar realizado nin comprometido antes da presentación da solicitude de axuda no Igape. De ser así, o proxecto considerarase non subvencionable na súa totalidade. Non se poderá incorrer*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en ningún dos custos alegados sobre os cales se solicita subvención con carácter previo á solicitude; de ser así, a totalidade do proxecto será considerado non subvencionable, de acordo coa exixencia de efecto incentivador previsto no artigo 6 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión.

Malia as previsións temporais establecidas na convocatoria, a urxente necesidade económica e social de resolver os proxectos empresariais presentados, así como sendo totalmente previsíbel a presentación dun número importante de solicitudes, en todo caso xa coñecidas varios meses antes, ao peche do prazo de presentación dos proxectos, o día 21 de xuño publicase unha resolución do 4 de xuño na que se amplía o prazo de resolución ate o día 3 de xullo dado que as solicitudes de axuda presentadas a esta liña superaron de sobra calquera expectativa neste sentido polo que ese prazo de 5 meses resultaba insuficiente para abordar o traballo de xestión de todas as peticións.

Novamente o día 5 de agosto publicase unha nova resolución de ampliación do prazo de resolución ata o 8 de outubro, polas mesmas razóns e motivos que se indicaran o mes anterior.

A demora na convocatoria das bases reguladoras do procedemento e na apertura do prazo de presentación de solicitudes, na súa tramitación e resolución, alén dunha evidencia falla de consideración coas persoas que presentan os seus proxectos de emprendemento, unha total e absoluta improvisación da Xunta de Galiza que mesmo pode impedir a convocatoria de axudas cumprir a súa finalidade, de grande relevancia económica e social para este país.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende o Goberno Galego xustificable a demora na convocatoria e resolución do procedemento para a concesión de axudas a novos proxectos de emprendemento con todo o que implica para a súa efectividade?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Ramón Fernández Alfonzo

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 18:55:14

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 18:55:18

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 18:55:30

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 18:55:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a conectividade dos concellos galegos e as súas consecuencias na concesión de axudas e subvencións da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza vén convocando procesos de concorrência non competitiva para a concesións de axudas e subvencións destinadas aos concellos de Galiza.

Así, por exemplo no o DOG núm.15 de 25 de xaneiro de 2021 publicouse a Orde de 30 de decembro de 2020 na que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións da liña en concorrência non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021. Liña, esta, pola que se prevé a adxudicación de subvencións por un importe de máis de 6 millóns de euros.

Igualmente e aos mesmos efectos ilustrativos, sinalar a Orde de 5 de marzo de 2021 (DOG de 8 de marzo) na que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrência non competitiva destinadas á creación de mellora de infraestruturas nos concellos de Galiza con poboación inferior a 20.000 habitantes, para o ano 2021. Neste caso a partida a distribuír, con carácter de ampliable, é superior aos 2,3 millóns de euros.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo nas referidas convocatorias, que se citan a modo de exemplo, o único criterio para o reparto das axudas e subvencións é a orde de presentación de solicitudes, debendo presentarse as solicitudes necesariamente por medios telemáticos e sendo o momento inicial para o rexistro dende as 00,00 horas do día que corresponda, en función da publicación no DOG da Orde respectiva.

O sistema aplicado pola Xunta de Galiza de concorrencia non competitiva, a ausencia de criterios obxectivos e da valoración e análise dos proxectos que se presentaren, evidencian un sistema -no mellor dos casos- altamente ineficiente na distribución de recursos públicos. Non existe, nin se pretende, vontade de financiar os mellores proxectos, nin aqueles que mellor cumpran os fins aos que se adican os fondos, senón os daqueles Concellos que sexan máis rápidos na presentación das solicitudes.

A estrutura organizativa dos Concellos e sobre todo a conexión a internet serán os elementos determinantes para a concesión das achegas públicas.

Tendo constancia de que existen numerosos concellos que aínda carecen dunha conectividade axeitada, resulta que son duplamente penalizados por tal circunstancia, pois ademais das limitacións inherentes a tal circunstancia, vense impedidos no acceso ás achegas públicas; sendo a poboación deses Concellos quen sofre, no seu benestar e na calidade dos servizos públicos, as consecuencias das deficiencias da súa conexión á rede.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entende o Goberno Galego que é eficiente, non discriminatorio, e que contribúe ao reequilibrio territorial a adxudicación de axudas e subvencións aos concellos polo sistema de concorrência non competitiva?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 19:02:22

Iria Carreira Pazos na data 28/12/2021 19:02:38

Daniel Castro García na data 28/12/2021 19:02:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 19:03:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o abastecemento de auga potable no concello de A Merca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos os veciños e veciñas de A Merca veñen sufrindo severas restricións no consumo de auga domiciliaria. Inicialmente as restricións eran de carácter temporal, mais dende maio de 2020 son de carácter permanente. Así, dende o mes de maio a veciñanza de A Merca, en Ourense, carece do servizo municipal de auga potable coa que poder beber ou mesmo cociñar, pois na auga do servizo municipal detectouse unha concentración de trihalometanos que constitúe un risco para o consumo humano.

A situación descrita foi mesmo constatada polas autoridades locais, se ben a única solución posta en práctica foi a distribución de garrafas de auga entre a poboación, a cal segue sen poder beber ou cociñar coa auga do abastecemento domiciliaria.

Malia que os veciños e veciñas de A Merca carecen do servizo de abastecemento de auga potable, sigue a esixírselles o pagamento do canón da auga, mesmo en contía moito superior á de exercicios anteriores. É dicir, non só se lles está a reclamar dende a Administración Pública, e os veciños e veciñas están a pagar, un canon por un servizo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que non reciben, senón que para colmo nos últimos meses -co servizo xa interrompido- subiuse o importe do recibo da auga.

Alén do anterior, no mes de xullo constatouse a presenza de substancias herbicidas nos terreos nos que se ubican un dos depósitos municipais da rede de abastecemento domiciliario de auga potable o que, por si propio, xa implica un evidente risco para a saúde da poboación, máxime tendo en conta o estado de deterioro no que se atopan os depósitos sinalados.

Ademais do anterior, e como indicabamos constatado a auga da rede de abastecemento non é apta para o consumo humano -o que foi comunicado dende a alcaldía, non o está que de xeito insuficiente-; non existe constancia da potabilidade da auga das fontes públicas o que, dado que seguen abertas- constitúen un perigo para a veciñanza do concello que pola situación que esta a sufrir vese na necesidade de procurarse por si propio a auga para de consumo e uso diario.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto realizar algunha xestión o Goberno Galego ante a interrupción do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable que veñen padecendo os veciños e veciñas do Concello de A Merca por contaminación das augas, a pesares do que se lle segue a cobrar o denominado canón da auga?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 19:06:27

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 19:06:31

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 19:06:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a planta xudicial en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos relativos ao pasado exercicio 2019 sobre a situación xeral dos órganos xudiciais galegos reflicte unha taxa de conxestión xeral por riba da media estatal, sendo especialmente significativa nos ordes social e penal. Todo iso malia que a taxa de resolución dos órganos xurisdicionais galegos é moi superior á media estatal.

O exceso na conxestión sobre a media do Estado prodúcese tamén a nivel provincial, pois a media dos xulgados e tribunais das provincias galegas supera á media das provincias do Estado. Así, as taxas de conxestión das unidades xurisdicionais de A Coruña, Lugo e Ourense é superior ao 1,22 da media do Estado. Todo o anterior a pesares de que, con carácter xeral, a taxa de resolución dos órganos xurisdicionais radicados en Galiza non é inferior a media do Estado.

Xa que logo a pesares do traballo e entrega dos funcionarios e funcionarias - incluídos obviamente a xudicatura e o corpo de LAX- destinadas en órganos xudiciais galegos o certo é que a cidadanía de Galiza ten que agardar máis que a media do estado para recibir un pronunciamento xudicial. Sendo especialmente significativa a conxestión de Xulgados mixtos como Sarria, Ribeira ou Viveiro, do Xulgado de Familia de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense ou Santiago, ou das Seccións Cívís das Audiencias Provinciais de Lugo e Ourense, ou mesmo algunhas salas do propio Tribunal Superior de Xustiza.

Mención parte merece a situación dos xulgados de instrución de partidos xudiciais como Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra ou Ferrol nos que alén de asumir as funcións e gardas propias dun xulgado de instrución, teñen atribuídas as competencias exclusivas en materia de violencia sobre a muller. Esta exclusividade no ámbito de violencia de xénero non implica necesariamente a exención no reparto de asuntos, que dependerá do reparto que se faga en cada caso, nin nas quendas de garda, con xornadas de traballo maratonianas, e nun ámbito no que a atención e coidado a vítima e singularmente importante. Xa que logo e ao marxe dunhas referencias numéricas, da que mesmo en moitos casos e que en todo caso sería soslaiable, a realidade é que unha decidida loita contra a violencia sobre a muller cumpre de xulgados especializados e exclusivos sobre a materia, que permita a mellor e maior atención á vítima e a pronta resolución dos asuntos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Entende o goberno galego acaída a actual planta xudicial galega, nomeadamente en materia de violencia sobre a muller; e considera abondas as competencias que a Xunta de Galiza ten en materia de planta e demarcación xudicial?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 19:12:26

Iria Carreira Pazos na data 28/12/2021 19:12:31

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 19:12:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a elaboración e aprobación inicial da relación de postos de traballo da administración de xustiza en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis de 25 anos que o Estado español transferiu a Galiza os medios materiais para o funcionamento da administración de xustiza en Galiza, o que se deu en denominar “administración da administración de xustiza”. Dentro da transferencias realizadas incluíuse o necesario para o funcionamento da administración de xustiza, agás xuízas e maxistradas, fiscais e as hoxe denominadas letradas da administración de xustiza, respecto das que, neste último caso, non consta impedimento para a súa eventual transferencia á Xunta de Galiza.

Malia o tempo transcorrido Galiza aínda non ten aprobada, nin inicial, nin definitivamente a relación de postos de traballo do persoal ao servizo da administración de xustiza en Galiza. A relación de postos de traballo é un instrumento técnico sobre o que a administración pública diseña a súa estrutura de persoal para adecuala ás necesidades do servizo público. É unha ferramenta organizativa fundamental, cuxa ausencia pode xerar problemas de falla de transparencia ou posibilitar prácticas indebidas e arbitrarias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo a relación de postos de traballo é un instrumento para unha mellor e máis eficaz xestión dos recursos públicos, ao tempo que dota de garantías, seguridade xurídica e transparencia ao funcionamento da administración pública, neste caso, na administración de xustiza.

Certamente o establecemento da estrutura básica da oficina xudicial, que ha ser homoxénea en todo o territorio do Estado, non é competencia da Xunta de Galiza, poren si conta coa posibilidade de introducir melloras no funcionamento desa oficina xudicial básica, dos servizos comúns procesuais con funcións determinadas, ou o deseño e organización de unidades administrativas dentro do ámbito da administración de xustiza. A propia Xunta de Galiza preveu realizar a ordenación do persoal, a través da elaboración e aprobación da relación de postos de traballo, sen que, a día de hoxe, se producira tal.

Así, por exemplo, en partidos xudiciais nos que se existe máis dun órgano xudicial e non existe “decanato” se está a ampliar o cadro de persoal do xulgado decano para incorporar unha praza de tramitador procesual e administrativo para realizar as funcións de rexistro e reparto, máis laboriosas dende a entrada en funcionamento do sistema Lexnet.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Realizou o Goberno Galego algunha xestión para a creación e aprobación inicial da relación de postos de traballo na administración de xustiza de Galiza, ou considera innecesaria a aprobación de tal instrumento?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 19:14:00

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 19:14:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o xulgado de familia do partido xudicial de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na recente visita do Presidente do Tribunal de Xustiza de Galiza ao partido xudicial de Ourense poido constatar persoalmente a situación de colapso que, dende hai anos, padece o Xulgado de Primeira Instancia núm.6 de Ourense, especializado en materia de familia, capacidade das persoas... A pesares das medidas de reforzo e apoio adoptadas de xeito continuado nos últimos anos as taxas de conxestión son elevadísimas e, en todo caso, inaceptábeis para un servizo público esencial e máxime nunha materia singularmente delicada, como é o dereito da familia e da persoa.

Son moito os anos que o Xulgado de Familia de Ourense ven soportado unhas taxas de conxestión elevadísimas e crecentes, polo que as medidas adoptadas nos últimos anos deben considerarse claramente como insuficientes ou inadecuadas. Xa que logo non estamos a falar dun feito puntual, senón dunha situación de colapso arrastrada no tempo e agravada co paso dos anos.

A suspensión -se non supresión- do servizo de mediación familiar intraxudicial, o reparto de asuntos entre os diferentes órganos xudiciais son medidas que en nada favorecen a axilización da administración de xustiza, pondo en perigo o funcionamento





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

doutros órganos que, ate o momento, veñen tramitando e resolvendo os asuntos nuns tempos razoábeis.

O estado na resolución dos asuntos en materia de familia que non se ve atenuada, antes ao contrario, pola situación da sección civil da Audiencia Provincial de Ourense, na que dende hai anos se ven reclamando a creación dunha nova praza de maxistrado ou maxistrada, sendo a taxa de conxestión do órgano colexiado superior a 2 puntos duplicando o que podería constituír a taxa ordinaria.

Así podería estimarse en tres ou catro anos o tempo para a resolución dun asunto de familia ou sobre capacidade das persoas no partido xudicial de Ourense o que en modo algún pode considerarse asumible.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións ou propostas realizou o Goberno Galego para a ampliación da planta xudicial en Ourense que permita a taxa de conxestión e prazo resolución en materia de familia, tanto en primeira como en segunda instancia?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 19:16:16

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 19:16:21

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 19:16:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas, Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o establecemento duns sistema de garda de 24 horas nos xulgados de instrución de Vigo e A Coruña..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mediante Acordo de 15 de setembro de 2005 o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial aprobou o Regulamento 1/2005 sobre os aspectos accesorios das actuacións xudiciais no que, entre outras materias, establécense os criterios para organizar o sistema de garda dos xulgados de instrución dos diferentes partidos xudiciais.

No Regulamento contemplase un sistema e períodos de gardas dependendo do número de xulgados de instrución ou instancia e instrución cos que conte o partido xudicial, distribuíndose, esencialmente, en 6 grupos. Así, por exemplo establecíase que a garda ordinaria dun partido xudicial que contase con 10 ou máis xulgados de instrución será de 24 horas, mentres que os partidos que contan con 8 ou máis xulgados de instrución as gardas serán de carácter semanal. Neste concreto caso a norma prevé a posibilidade de que o Consello Xeral do Poder Xudicial atendendo ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación e ás características o partido xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, previo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informe do Ministerio de Xustiza e da Comunidade Autónoma, se poda aplicar o réxime de gardas de 24 horas.

Nos últimos anos a práctica totalidade dos operadores xurídicos dos partidos xudiciais de A Coruña e Vigo (avogacía, procuraduría, fiscalía, xudicatura, sindicatos e traballadores e traballadoras, autoridades locais...) mesmo a meirande partes dos grupos do Parlamento de Galiza veñen solicitando a aplicación do sistema de gardas de 24 horas aos xulgados de instrución de A Coruña e Vigo.

A solicitude en modo algún pode considerarse un mero capricho sen fundamento, pois é unha medida que redundaría na mellor calidade da administración de xustiza, na protección dos dereitos fundamentais das persoas detidas e no dereito ao descanso e a conciliación das traballadores e traballadores da administración de xustiza. Así, por exemplo, facilitaría a interposición das denuncias, axilizaría a tramitación dos procedementos e a celebración dos xuízos rápidos ou evitaría innecesarias prolongacións de detencións.

Resultan tan evidentes os beneficios deste sistema de garda que foi progresivamente estendido a todos os partidos xudiciais de máis 8 xulgados de instrución do Estado, coa incomprensíbel excepción dos de Vigo e A Coruña.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera necesario que dotar aos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña cun sistema de garda de 24 horas, ou considera innecesaria a aplicación de tal réxime?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Mercedes Queixas Zas

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 19:17:52

Mercedes Queixas Zas na data 28/12/2021 19:17:56

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 19:18:07

Alexandra Fernández Gómez na data 28/12/2021 19:18:15

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 19:18:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o control das residencias de maiores de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O art. 71 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galiza establece a obriga da Xunta de Galiza de inspeccionar e controlar o funcionamento das entidades, centros, os servizos e os programas, tanto públicos coma privados, a fin de verificar o estrito cumprimento da normativa vixente en materia de servizos sociais, así como velar polo respecto aos dereitos das usuarias e procurar a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se lles presten aos cidadáns no territorio de Galiza.

Asemade, a devandita lei, establece expresamente a obriga da Xunta de Galiza de dar traslado á autoridade competente das infraccións das que puidera ter coñecemento en exercicio da súa función inspectora, respecto da cal o contido das actas levantadas polos inspectores da Administración Autonómica gozarán de valor probatorio.

Malia o anteriormente exposto o certo é que a Xunta de Galiza ven incumprindo tal obriga, obviando a realización de controis periódicos nas residencias e centros de maiores, mesmo a pesares de apreciar a existencia de irregularidades ou incumprimentos de compromisos contractuais. A sinalada negligencia e deixación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

funcións, vese agravada por unha incomprensible actitude obstrucionista negando o acceso á información solicitada aos deputados e deputadas do Grupo do BNG no Parlamento de Galiza impedindo o exercicio das súas función de control da acción de goberno, só parcialmente corrixida.

O traballo do servizo de inspección da Consellaría de Política Social (que conta cun número de efectivos notablemente insuficiente para atender o importante labor encomendado) non se ve correspondido -antes ao contrario- pola dirección da Consellaría de Política Social.

Así, resulta sorprendente a pasividade da Xunta de Galiza ante a constatación do incumprimento da ratio entre persoal de atención directa/usuario, máxime cando non só é unha obriga legal, senón que frecuentemente é un dos criterios fundamentais na adxudicación da contratación do Servizo de reserva e ocupación de prazas de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia.

Igualmente ilustrativa é a tolerancia fronte a falla de actualización nos rexistros, na elaboración dos PAIs, e no contumaz incumprimento do establecido no artigo 7.2 do Decreto 254/2011 que obriga a ter no centro a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para a prestación do servizo, ou non servir para o xantar os menús programados.

Maior gravidade, se cabe, tería o feito de silenciar e non comunicar ao Ministerio Fiscal ou autoridade xudicial eventuais aplicacións de medidas de suxeición ou de limitación da mobilidade sen contar con prescrición facultativa ou consentimento previo, pois tal accións poderían encubrir a comisión dun eventual ilícito penal, constituíndo, en todo caso, un atentado contra a dignidade do/a maior residente no centro.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Revelador dos intereses que se protexen en cada caso sería unha eventual adxudicación de contratos de reserva ou ocupación de prazas residencias en centros sobre os que exista a presunción de incumprimentos de carácter grave ou moi grave. Sería admisible que ante a constatación de graves incumprimentos en materia de coidados, plans de prevención, de ratios de persoal adicado a atención ... se encomendase a continuidade na atención a maiores.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da existencia de incumprimentos en materia de ratio de persoal, de atención directa ou sobre a aplicación de medidas de suxeición, nas residencias de maiores Nosa Sra. da Esperanza no concello de Ourense, Os Gozos en Pereiro de Aguiar e Nosa Señora do Viso en Lobeira?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 19:22:40

María González Albert na data 28/12/2021 19:22:52

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 19:23:12

Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2021 19:23:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a execución das obras de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Galega de Infraestruturas está a executar a obra de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense.

O día 28 de outubro de 2020 varios técnicos do Concello de Ourense realizaron visita as obras que se estaban a executar a fin de comprobar o estado e conformidade das mesmas, apreciándose a existencia de múltiples deficiencias que se puxeron en coñecemento da Xunta de Galiza, en canto titular da vía. Unha das principais estradas de acceso á cidade de Ourense.

Na referida inspección -durante a cal non se constatou a presenza de persoal da empresa encargada da execución da obra ou do control o vixilancia da mesma- detectáronse eivas e deficiencias na execución dos bordos, no recheo das gabias, nas concesión coas redes dos servizos existentes -nomeadamente no saneamento e abastecemento-, emprego de materiais distinto ao previsto no proxecto...

Semanas despois, en reunión celebrada cos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas na propia obra, os técnicos municipais expoñen novamente as eivas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

detectadas, así como a existencia de danos no alumado pública consecuencia do singular sistema empregado para ordenación provisoria do tránsito viario.

Sen que constase contestación oficial algunha sobre os informes técnicos remitidos, así como sobre unha eventual desconformidade cos mesmos ou, no seu caso, sobre a corrección das eivas apreciadas, o día 21 de xaneiro de 2021 os técnicos municipais realizan nova visita ás obras, estando presentes o xefe de obra e o técnico da asistencia técnica. Na inspección aprécianse novas eivas na calidade dos materiais empregados, na intervención nas arquetas, pozos de rexistro, redes de abastecemento... constando actuacións non autorizadas nas redes de saneamento municipais. Asemade, non se tiña constancia da resolución das deficiencias constatadas polos técnicos municipais e expostas nos informes previamente remitidos á Xunta de Galiza.

Xa que logo segundo as comprobacións realizadas polos técnicos do Concello de Ourense as obras non se están a executar conforme ao proxecto aprobado no seu día, se están a empregar materiais de distintos aos pactados, se a intervir sen autorización en infraestruturas municipais e se produciron danos non reparados no sistema de alumado público. Asemade as obras que supostamente permitirían a “humanización” da rúa Marcelo Macías, van implicar graves limitacións na deambulación e no tránsito peonil das persoas con mobilidade limitada ao suprimírense os rebaixes nos bordos dos pasos de peóns, tanto na rúa Marcelo Macías, como en outras perpendiculares como a r/ Martínez Sueiro.

Alén do anterior, no Protocolo de colaboración asinado entre a Consellaría de Infraestruturas e mobilidade da Xunta de Galiza e Concello de Ourense prevese a constitución dun Grupo de Traballo para o seguimento das obras contempladas no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Protocolo, sen que, a día de hoxe, malia o avanzado da execución das obras conste a constitución do referido grupo de traballo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións realizou o Goberno Galego para certificar que as obras do Proxecto de reparación de servizos e firme na rúa Marcelo Macías de Ourense se corresponden co contrato adxudicado?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 19:25:50

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 19:26:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 19:26:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a crítica situación que atravesa o estaleiro Barreras e sobre o perigo de desagaxamento da empresa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estaleiro vigués Barreras, e todo o seu cadro de persoal, atópanse nunha situación crítica desde que o cruceiro Evrima abandonara as súas instalacións. A partir dese mesmo momento veñen sucedéndose toda unha serie de actuacións empresariais que parecen dirixidas á liquidación da empresa e ao despedimento de todo o seu persoal sen que os gobernos galego ou estatal interveñan para evitalo.

Os responsábeis empresariais están absolutamente desaparecidos, despois de delegar a procura de compradores nunha consultora denominada KROLL, que comezou unha serie de xestións que a día de hoxe a representación do persoal vese na obriga de seguir a través da prensa ou de reunións con terceiras persoas, xa que ninguén da empresa ou da consultora lles da explicacións.

Toda esta situación prodúcese nun contexto no que BARRERAS aparece fortemente endebedada e pendente de resolucións xudiciais que poden deteriorar aínda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis a súa situación económica, o que complica moito unha transmisión da unidade produtiva en funcionamento.

O estado ten realizado unha inxección de diñeiro público, a través do Cesce, que poderían chegar a máis de 400 millóns de euros para financiar a construción do Evrima, que de non rematarse o estado podería perder este diñeiro.

Dada a transcendencia laboral e económica que este estaleiro ten na comarca de Vigo e por extensión en todo o país, e o feito de terse realizado importantes desembolsos de diñeiros públicos que poderían perderse coa liquidación de Barreras, non se entende a inacción dos gobernos, e a falta de iniciativa para impulsar algún proxecto que sirva para protexer a actividade industrial e o emprego no estaleiro.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Por que a Xunta de Galiza non está a traballar nun plan industrial para rescatar Barreras?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**
Alexandra Fernández Gómez
Ramón Fernández Alfonso
Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 17/11/2021 18:28:05

María do Carme González Iglesias na data 17/11/2021 18:28:08

Daniel Pérez López na data 17/11/2021 18:28:16

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2021 18:28:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de axilizar os procedementos necesarios para reiniciar a actividade naval nas instalacións do antigo estaleiro Vulcan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de xullo aprobouse a proposición non de lei, presentada pola BNG, na que se instaba á Xunta de Galiza:

1º) a posicionarse, e votar, no Consello de Administración do Porto de Vigo, que o concurso para a concesión portuaria do antigo estaleiro Vulcano estea condicionado ao uso para a actividade de construción e reparación naval.

2º) a instar á Autoridade Portuaria de Vigo a permitir o uso da lámina de auga, mentres o concurso non se resolta, a Estaleiros San Enrique para que poida continuar a súa actividade e que o persoal que está no paro, poida reincorporarse ao seu posto de traballo.

Pois ben, catro meses despois a situación de Estaleiros San Enrique, antigo Vulcano, segue igual que no 14 de xullo., a pesar de que a empresa xa solicitou en setembro a autorización provisional do uso das instalacións, tal e como lle demandou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Autoridade Portuaria de Vigo, esta autorización a día de hoxe aínda non foi concedida polo que a actividade está paralizada e os traballadores na casal.

Non tranquilizan os últimos anuncios de modificación dos terreos da instalación para alargar o espazo para usos loxísticos, parece unha táctica máis para tentar inviabilizar na práctica que o estaleiro continúe coa súa actividade. A pesar do anuncio de que a nova concesión vai estar condicionada á actividade de construción e reparación naval, as incertezas sobre esa concesión fannos temer que o novo prego pretenda que a actividade non sexa viable e que desa maneira desapareza a actividade naval dos terreos portuarios de Teis.

A actividade naval nas instalacións de Teis leva parada desde xuño de 2019, máis de 2 anos sen actividade e cos traballadores sen emprego e sen prestacións, polo que é necesario axilizar os procedementos necesarios para que a actividade no antiga estaleiro Vulcano comece no inmediato.

A crise que está a sufrir o sector naval na Ría de Vigo, cos tres principais estaleiros da cidade (Barreras, San Enrique e Metalships) sen carga de traballo e en serio risco de desaparecer, supón un risco real de ver desaparecer o sector naval de Vigo tal e como o coñecíamos.

A dependencia da industria auxiliar destes tres estaleiros pon en perigo tamén a estas empresas e aos empregos que representa, polo que garantir o futuro de Barreras, San Enrique e Metalships é fundamental para o sector naval da Ría de Vigo.

Cumpre que a Xunta de Galicia active medidas concretas que permitan a continuidade do antigo Vulcano e que Blinden a continuidade do sector naval, un sector estratéxico para Vigo e a súa comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego instar á Autoridade Portuaria do Porto de Vigo a axilizar os procedementos necesarios para reiniciar a actividade naval nas instalacións do antigo estaleiro Vulcano?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 18/11/2021 10:32:20

Alexandra Fernández Gómez na data 18/11/2021 10:32:25

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/11/2021 10:32:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 18/11/2021 10:32:41





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación e ao futuro do sector da automoción en Vigo e Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A automoción constitúe un sector estratéxico e fundamental para a industria de Vigo, e por extensión do conxunto de Galiza, que está a enfrontar importantes complexidades, onde aos retos estruturais que se derivan da transición no modelo produtivo e no cambio tecnolóxico e de vector enerxético, engádese tamén a retracción no propio mercado e, máis recentemente, a crise de aprovisionamento de microchips e outros compoñentes.

Compre subliñar, ademais, que neste sector existe unha crecente precariedade laboral que se expresa nunha elevadísima taxa de temporalidade, o aumento nos contratos a tempo parcial, o empobrecemento salariais e mais o empeoramento das condicións laborais, para alén dos efectos da aplicación arbitraria e inxusta dos ERTE que acabaron por transferir os custos da crise ás traballadoras e traballadores.

A inestabilidade produtiva derivada da falla de garantías de subministro de algúns insumos ten colocado nunha situación de risco e incerteza un número moi relevante de postos de traballo, directos e indirectos. Neste sentido, é moi significativo, que as paradas produtivas teñan afectado, dunha ou doutra maneira, a preto de 20 mil





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empregos. O Clúster de Empresas da Automoción de Galiza ten analizado na súa perspectiva que a crise de semicondutores pode prolongar os seus efectos até o 2023 e no caso da planta de *Stellantis* en Vigo estima nun mínimo de 80 mil unidades menos o impacto da mesma na produción deste 2021. Aliás, o encarecemento e falla de subministros en materiais como aceiro, aluminio ou complementos plásticos a nivel global está a agravar aínda máis esta situación.

Grandes fabricantes de microchips seguen anunciando investimentos millonarios noutras partes do mundo, como no caso de Alemaña, Italia ou Holanda, mais tanto o Goberno español como a propia Xunta de Galicia, continúan sen desprezar ningún tipo de acción efectiva para blindar a competitividade e capacidade produtiva do sector da automoción non noso país.

É claro que a mellor maneira de asegurar o futuro do sector da automoción na área de Vigo e no conxunto de Galiza pasa por promover, de maneira activa, a instalación de fábricas de compoñentes nas proximidades da factoría principal. No entanto, a resposta por parte do Goberno español tense reducido a comprometer a instalación dunha fábrica de baterías en Barcelona e apoiar outra en Valencia, mais sen ningún tipo de compromiso concreto e verificable no relativo á área de Vigo e ao conxunto de Galiza, para alén da propaganda oca de que ten participado con entusiasmo o propio alcalde de Vigo nun ronsel de anuncios sen respaldo real. Ao tempo, Portugal vén de confirmar a instalación de plantas de compoñentes no seu territorio despois e que fose deslocalizada unha parte da produción sediada en Galiza. Tal e como están a denunciar organizacións sindicais, como a CIG, que Galiza non conte cunha planta de fabricación de batería suporía excluír, na práctica, o sector galego da automoción do taboleiro da fabricación do coche eléctrico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario tamén actuar con decisión fronte a ameaza grave e real que representan a deslocalización produtiva para o sector do automóbil e que se materializa no feito de que nos últimos 8 anos non se teña constituído ningunha nova empresa do sector na área de Vigo e en que a produción estea equiparada á do ano 2007, antes da crise, mais soportada por un 40% menos de postos de traballo.

Como exemplo concreto e claro desta problemática está a compañía *Borgwarner*, na que mentres a planta de Vigo fica baixo a ameaza de peche a mesma multinacional anuncia a apertura dunha nova factoría de motores eléctricos en Viana do Castelo.

En definitiva, Vigo non estaría nesta altura incluída dentro do itinerario de cidades industriais para os fabricantes de coches europeos, como resultado dunha política industrial baleira onde unicamente se posta polo sector servizos e o turismo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego impulsar un Plan Galego pola Automoción que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades industriais relacionados co sector que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**
Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 19:48:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 19:48:18

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 19:48:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre á situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pequeno comercio galego, arrastraba xa unha profunda crise, con causas fondas como a ausencia dun sistema financeiro propio, as consecuencias da crise do 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que nestes 11 anos de goberno de Núñez Feijóo tamén asumiu en silencio a vulneración de competencias propias por parte do goberno central.

Con esta situación previa, o impacto da crise da covid-19 afecta de forma drástica ao sector e pon en xaque o seu futuro nun contexto no que o consumo da cidadanía se prevé moderado pola constrición económica e pola perda de postos de traballo.

Todos os datos indican importante caídas de vendas, peche de establecementos, perda de postos de traballo... que están levando á desaparición do tecido comercial galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector do comercio en Galiza, e nomeadamente o pequeno comercio, tanto en termos de número de establecementos como de persoal ocupado, é de capital importancia para a economía e a sociedade galega. Ademais do importante papel que o comercio xoga na vertebración do territorio, das vilas, cidades, barrios e aldeas de Galiza, xa non só garantindo o abastecemento da poboación, senón como dinamizadores do espazo e evitando a desertización dos núcleos rurais.

Este sector de vital importancia en Galiza está a padecer unha situación crítica que as medidas, que tanto o Goberno español como o Goberno galego están tomando, non están evitando o peche de negocios e a perda de postos de traballo, e que teñen como consecuencia a paralización da economía, a falla de crédito, a caída do consumo.

Ao mesmo tempo, esta crise supuxo tamén na cidadanía unha importante reflexión colectiva arredor da importancia do próximo, e do papel das e dos pequenos comerciantes. Este aumento da conciencia social sobre a inviabilidade dun modelo económico que prima as grandes firmas debe ser recollido por parte das administracións. Neste sentido, é fundamental actuar no inmediato e no medio prazo para evitar o peche dos negocios do pequeno e mediano comercio senón tamén a aposta por un cambio de modelo onde este sexa central.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos negocios e dos postos de traballo dun sector que constitúe un pilar da nosa economía, e non entendemos a pasividade da Xunta de Galiza ante a grave situación que atravesamos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas de apoio promoveu e vai promover a Xunta de Galiza para garantir a supervivencia do tecido galego do pequeno e mediano comercio ao tempo que impulsa un cambio de modelo?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 19:59:40

Ramón Fernández Alfonso na data 28/12/2021 19:59:44

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 19:59:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Carme González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a rexeneración ambiental, mellora do saneamento e depuración da Foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Foz do Miñor é unha zona húmida, un ecosistema de esteiro que conforma unha marisma formada polos ríos Miñor, Groba e Belesar, que conxuntamente verten á enseada de Baiona, na Ría de Vigo.

Desde febreiro de 1999 parte do espazo da Foz forma parte da Rede Natura 2000 (LIC A Ramallosa E11400003), recollendo sete Hábitats ou especies de interese comunitario. O espazo incluído na Rede Natura cunha superficie de 91 ha, e existe unha proposta de ampliación de 38 ha que non se chegou a efectivizar.

A zona da Foz está incluída no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de Galiza, clasificada como zona C desde o ano 2007, o que impide a comercialización en fresco dos recursos. O INTECMAR chegou a cualificar a situación da Foz como “peor ca mala”.

2. As marismas e humidais constitúen un ecosistema de grande interese ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre os seus valores cabe destacar os de filtro natural, fonte de calidade de vida e biodiversidade, protector ambiental; valores paisaxísticos, culturais e de lecer. Durante séculos o ríos e a Foz forneceron recursos hídricos, marisqueiros e piscícolas á poboación do Val Miñor.

Desde os anos 60 do século XX, a Foz comezou a sufrir un proceso de deterioro que se concretou en múltiples agresións:

- Espolio e destrución dos sistemas dunares.
- Recheos nas marxes para viais e zonas de estacionamento.
- Canalizacións de treitos dos ríos.
- Instalacións dun cámping na contorna.

Por outra parte, o incremento da poboación e a presión das actividades residenciais, industriais e turísticas na contorna non se acompañaron dunha axeitada planificación e execución de dotacións de saneamento e depuración, o que deriva nunha situación crítica de contaminación, principalmente por vertidos de augas fecais.

3. No ano 2018, a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) e o grupo Ecotox, baixo a dirección do profesor Ricardo Beiras García-Sabell, realizaron un estudo denominado *Avaliación microbiolóxica do impacto das augas residuais fecais no esteiro do Miñor, zona GAL 11-03. Parte 1: concello de Baiona*. O estudo foi financiado polo concello de Baiona, mais en realidade tratábase dun avance dun estudo máis amplo que non chegou a realizarse por falta de financiamento.

Entre as conclusións desta avaliación cabe sinalar as seguintes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desde o punto de vista da contaminación por augas fecais, a contorna da Foz do Miñor presenta unha situación análoga a un sumidoiro a ceo aberto.

- A maior cantidade de contaminación á Foz é achegada polo río Miñor: en período estival aproximadamente o 63%, e en outubro o 77% das bacterias fecais.

- O río Miñor ao seu paso polo punto de vertido da EDAR de Gondomar presenta xa niveis intolerabelmente altos de bacterias fecais, e estes niveis incrementáanse en máis dun 50% augas abaixo do vertido da EDAR.

4. Para poñer freo á degradación e deterioro ambiental e para esixir actuacións das administracións públicas, a veciñanza do Val Miñor constituíu en 2016 a Plataforma pola Protección da Foz do Miñor. Entre outros documentos impulsaron unha moción para presentar nos concellos e un Decálogo que foi traslado aos grupos políticos para incluír nos seus programas.

Por tratarse dun espazo integrado na Rede Natura 2000 e pola súa importancia ambiental, social, cultural e produtiva, e tendo en conta que as actuacións necesarias para rexenerar este espazo son de ámbito supramunicipal, a Xunta de Galiza debe liderar un proxecto de saneamento e recuperación da Foz do Miñor, en coordinación cos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar e contando coa participación das entidades sociais de defensa da Foz.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto Augas de Galiza facer investimentos na mellora da rede de saneamento e depuración nos concellos que verten á Foz do Miñor?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: Luis Bará Torres

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/12/2021 20:06:18

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 20:06:24

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 20:06:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Carme González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a rexeneración ambiental, mellora do saneamento e depuración da Foz do Miñor, nos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Foz do Miñor é unha zona húmida, un ecosistema de esteiro que conforma unha marisma formada polos ríos Miñor, Groba e Belesar, que conxuntamente verten á enseada de Baiona, na Ría de Vigo.

Desde febreiro de 1999 parte do espazo da Foz forma parte da Rede Natura 2000 (LIC A Ramallosa E11400003), recollendo sete Hábitats ou especies de interese comunitario. O espazo incluído na Rede Natura cunha superficie de 91 ha, e existe unha proposta de ampliación de 38 ha que non se chegou a efectivizar.

A zona da Foz está incluída no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de Galiza, clasificada como zona C desde o ano 2007, o que impide a comercialización en fresco dos recursos. O INTECMAR chegou a cualificar a situación da Foz como “peor ca mala”.

2. As marismas e humidais constitúen un ecosistema de grande interese ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entre os seus valores cabe destacar os de filtro natural, fonte de calidade de vida e biodiversidade, protector ambiental; valores paisaxísticos, culturais e de lecer. Durante séculos o ríos e a Foz forneceron recursos hídricos, marisqueiros e piscícolas á poboación do Val Miñor.

Desde os anos 60 do século XX, a Foz comezou a sufrir un proceso de deterioro que se concretou en múltiples agresións:

- Espolio e destrución dos sistemas dunares.
- Recheos nas marxes para viais e zonas de estacionamento.
- Canalizacións de treitos dos ríos.
- Instalacións dun cámping na contorna.

Por outra parte, o incremento da poboación e a presión das actividades residenciais, industriais e turísticas na contorna non se acompañaron dunha axeitada planificación e execución de dotacións de saneamento e depuración, o que deriva nunha situación crítica de contaminación, principalmente por vertidos de augas fecais.

3. No ano 2018, a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT) e o grupo Ecotox, baixo a dirección do profesor Ricardo Beiras García-Sabell, realizaron un estudo denominado *Avaliación microbiolóxica do impacto das augas residuais fecais no esteiro do Miñor, zona GAL 11-03. Parte 1: concello de Baiona*. O estudo foi financiado polo concello de Baiona, mais en realidade tratábase dun avance dun estudo máis amplo que non chegou a realizarse por falta de financiamento.

Entre as conclusións desta avaliación cabe sinalar as seguintes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Desde o punto de vista da contaminación por augas fecais, a contorna da Foz do Miñor presenta unha situación análoga a un sumidoiro a ceo aberto.

- A maior cantidade de contaminación á Foz é achegada polo río Miñor: en período estival aproximadamente o 63%, e en outubro o 77% das bacterias fecais.

- O río Miñor ao seu paso polo punto de vertido da EDAR de Gondomar presenta xa niveis intolerabelmente altos de bacterias fecais, e estes niveis incrementáanse en máis dun 50% augas abaixo do vertido da EDAR.

4. Para poñer freo á degradación e deterioro ambiental e para esixir actuacións das administracións públicas, a veciñanza do Val Miñor constituíu en 2016 a Plataforma pola Protección da Foz do Miñor. Entre outros documentos impulsaron unha moción para presentar nos concellos e un Decálogo que foi traslado aos grupos políticos para incluír nos seus programas.

Por tratarse dun espazo integrado na Rede Natura 2000 e pola súa importancia ambiental, social, cultural e produtiva, e tendo en conta que as actuacións necesarias para rexenerar este espazo son de ámbito supramunicipal, a Xunta de Galiza debe liderar un proxecto de saneamento e recuperación da Foz do Miñor, en coordinación cos concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar e contando coa participación das entidades sociais de defensa da Foz.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego elaborar e aprobar un Plan de rexeneración e mellora ambiental da Foz do Miñor?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: Luis Bará Torres

Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 20:05:06

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 20:05:15

Alexandra Fernández Gómez na data 28/12/2021 20:05:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, M^a Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación do ESTALEIRO BARRERAS DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os anos 70 nos que a construción naval civil no Estado Español representaba o 5% do mercado mundial o peso e a importancia de esta industria no deixou de minguar até o actual menos do 1% do total de construción naval civil da UE.

E contra o que se poida crer maioritariamente, os construtores que gañaron unha boa parte da cota de mercado española non foron os asiáticos, senón os de outros estados da UE, que si souberon promover unha industria con un marcado carácter exportador, que xera un elevado volume de emprego, e que demanda unha enorme diversidade de produtos e servizos de alto valor engadido. Demanda que foi chave para que a industria complementaria da construción naval e das tecnoloxías marítimas da UE cope hoxe o 50% do mercado mundial.

Non pasou o mesmo, como dicimos, no estado español, que abandonou por completo unha industria que no caso galego foi fundamental para a nosa industrialización, e que hoxe coas políticas apropiadas pode servir de panca fundamental para a nosa re-industrialización, e activación económica, xa que segundo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

datos do sector cada euro de investimento ten un efecto multiplicador do 4,5 en valor engadido.

O caso do estaleiro BARRERAS na ría de Vigo é un exemplo dunha empresa con grandes capacidades, demostradas en fitos construtivos recentes nos segmentos máis avanzados tecnoloxicamente, e que aínda estando na actual situación é referencia no mercado.

Mais a situación actual, con unha nova propiedade e dirección colocada na dupla posición de armador-construtor, e unha permanente revisión e corrección dos acordos de refinanciación, está a provocar unha enorme e continua tensión en toda a industria auxiliar, que segundo algúns dos afectados pode tornarse insuperable, provocando unha crise de niveis catastróficos na comarca.

De igual xeito, diferentes organismos públicos como o IGAPE ou o CESCE teñen comprometidas na viabilidade de BARRERAS importantes cantidades de diñeiro.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten pensado realizar algún tipo de actuacións para garantir a viabilidade inmediata de BARRERAS, a supervivencia da súa industria auxiliar, e a continuidade da actividade da construción naval alén da entrega do proxecto ou proxectos encargados pola armadora vinculada coa actual propiedade?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Mª Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 20:14:54

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 20:15:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 20:15:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a implantación dunha plataforma de venda on-line galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da Covid-19 viu a agravar unha situación que xa arrastraba o comercio galego. Nos últimos anos a perda de negocios no país foi constante, as consecuencia da crise de 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio por parte da Xunta de Galiza puxo ao sector nunha situación crítica.

En xaneiro de 2020, antes de aparecer o coronavirus na nosa vida, as vendas 'online' e a despoboación lastraban o pequeno comercio con tres peches ao día. No ano 2019 Galiza perdeu case que 1200 pequenos comercio de proximidade. Dende 2015 Galiza perdeu preto de 6000 negocios do sector.

Como xa indicamos, son varios os motivos que levan ao peche ao pequenos comercio e é preciso tomar medidas que garantan a supervivencia do tecido comercial do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O comercio de proximidade xera riqueza, humaniza as cidades e impide a desertización das nosas vilas, é preciso modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega.

Un dos grandes problemas cos que se atopa o pequeno comercio e o crecemento das vendas online, que se intensificou durante o confinamento en persoas que xa o utilizaban e persoas que non o facían, mudaron o hábito e lanzárense a mercar produtos online polo medo a acudir á tenda física e expoñerse ao contaxio, e unha vez que o probaron continúan a facelo.

Nos últimos días estamos a ver como grandes cadeas como Zara, H&M, etc. están anunciando o peche de tendas físicas polo gran incremento das súas vendas na súa tenda online.

Neste contexto faise necesaria a posta en marcha dunha plataforma de venda por internet para todo o tecido comercial galego. Unha plataforma que aglutine a todo o comercio galego, con orzamento e infraestrutura suficiente para poder competir coas grandes plataformas actuais.

A Xunta de Galiza ten que facer unha aposta orzamentaria decidida para poñer en marcha esta plataforma, ao mesmo tempo que se active un plan de formación para as persoas que traballen no sector, de tal maneira que a iniciativa sexa realmente eficaz e poida competir no mercado. Tamén é precisa unha campaña publicitaria que contribúa ao seu éxito.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pensa a Xunta de Galiza poñer en marcha unha plataforma de venda online, cun orzamento axeitado, que acolla a todo o comercio galego, cun plan de formación para as persoas que traballan no sector e cunha campaña publicitaria que lle permita competir coas grandes plataformas existentes?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 20:19:05

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 20:19:09

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 20:19:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o cumprimento do contrato de urbanización e construción de 27 vivendas de promoción pública no concello de Vilamarín e a reparación dos vicios construtivos denunciados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 1 de xuño de 2010 (DOG 29 de xuño de 2010) aprobouse a convocatoria do contrato de obras para a urbanización e construción de 27 vivendas de promoción pública no concello de Vilamarín (Ourense) cun orzamento, IVE incluído, de 4.471.435,65 € e cun prazo de execución máximo de 24 meses.

Por Resolución de 27 de maio de 2011 o Instituto Galego de Vivenda e Solo, tras descartar as 4 empresas con mellor puntuación, acordou adxudicarlle a execución do contrato á UTE Vilamarín, constituída polas empresas Unika Proyectos y Obras, S.A. e Byco S.A. Formalizándose o contrato o día 16 de xuño de 2011 por un importe de 3.953.545,33€ e cun prazo de adxudicación de 20 meses.

O 10 de xuño de 2013 con apenas un 20% da obra executada acordase autorizar a cesión do contrato adxudicado a UTE Vilamarín a unha das dúas empresas que constituían a referida UTE, nomeadamente, á empresa Unika Proyectos y Obras, S.A.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As vivendas, maioritariamente destinadas ao réxime de aluguer, non foron entregadas aos seus adxudicatarios ate os meses de decembro de 2014 e maio de 2015; existindo vivendas que ficaron vacantes por non existiren demandantes que cumpriran os requirimento da Xunta de Galiza.

A pesares de que o prazo de execución da obra duplicou o inicialmente previsto aos poucos meses de habitar as vivendas comezaron a evidenciarse grandes e graves defectos que ademais de afectar á saúde das persoas e de condicionar o seu uso, comprometían a estrutura da edificación. Así aos poucos meses inquilinos de vivendas encontráronse con humidades en todas as dependencias, con fendas nas paredes, entrada de auga polas fiestras, coa tarima levantada, así como zócalos e baldosas da terraza. Os vicios que presentaba algunha das vivendas era de tal consideración que, tras responder en dúas ocasións, as compañías aseguradoras negáronse a asumir as perdas derivadas do salto del magnetotérmico por considerar que obedecía a obras mal executadas e a defectos construtivos.

Tras 4 anos sen atender as denuncias realizadas polas usuarias das vivendas, nos meses de xullo e agosto de 2019 o IGVS acomete obras de reforma que atinxen ao exterior da meirande parte das vivendas, e tamén realiza actuacións no interior dalgunha delas. As eficacia non só non foi comprobada pola Xunta de Galiza, senón que en modo algún resultaron efectivas polo que continuou a presenza de humidades nas habitacións e a entrada de auga polas fiestras, chegando a recoñecerse dende o Servizo Técnico da Área Provincial de Ourense do IGVS que “non se pode garantir unha solución ao problema das humidades” polo que contemplando a posibilidade de que resulten inhabitábeis continuasen na vivenda sen facer fronte ao pago do arrendamento.

A realidade sucintamente exposta prantexa importantes dúbidas sobre o control e vixilancia da Xunta de Galiza sobre a concesión e cumprimento dos contratos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos, así como a súa tolerancia e pasividade ante eventuais incumprimentos na súa execución e a ausencia de exixencia de responsabilidades pola existencia de vicios nas construcións executadas con recursos públicos.

Asemade resulta dificilmente cualificable a proposta realizada pola Xunta de Galiza que, no caso de que os informes técnicos determinasen a inhabitabilidade da vivenda, os arrendatarios sigan vivindo nela (na vivenda inhabitábel) mais sen pagar a renda. É dicir, que a pesares de que tecnicamente se determine que a vivenda é inhabitábel, os arrendatarios sigan vivindo nela.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións adoptou o Goberno Galego para garantir o cumprimento do contrato de urbanización e construción de 27 VPP no concello de Vilamarín (Ourense) e para exixir responsabilidade á empresa adxudicataria polos incumprimentos en que incorrera?

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/10/2021 11:21:07

Noa Presas Bergantiños na data 01/10/2021 11:21:10

Alexandra Fernández Gómez na data 01/10/2021 11:21:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o proxectos e contratos realizados para a construción dunha residencia de maiores na cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2016 o Sr. Núñez Feijóo anunciou, tras constatar as importantes carencias que padecía Galiza, así como as súas crecentes necesidades, a construción en cada unha das 7 grandes cidades de Galiza dunha residencia para maiores con distintos grados de dependencia. Prevendo entrada en funcionamento de tan importantes infraestruturas no período 2016-2020.

En xullo de 2016 a mercantil Oficina de Planeamiento, S.A. elabora a instancia da Xunta de Galiza un informe sobre a distribución espacial para residencias de maiores, indicando posíbeis emprazamentos para as mesmas. Recomendando, no caso de Ourense, a ubicación do centro nunha parcela de máis de 7.800 m2 sita no Camiño Real de Cudeiro núm.8 en Ourense.

A pesares do compromiso anunciado e do momento sinalado para a súa entrada en funcionamento, tras dous anos de absoluta paralización, en xullo de 2018 a Xunta asina un convenio coa Afundación e con Abanca para, entroutros extremos, promover un concurso de proxectos/ideas para a construción dos centros residenciais anunciados para o período 2017-2020 dentro do que denominaron Plan “Como na Casa”. No meritado convenio Abanca e Afundación comprometíanse, respectivamente, a satisfacer





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o importe dos premios en metálico, ate 20.000 €, así como no segundo caso dos honorarios e custes da redacción do anteproxecto gañador, neste caso, ate o límite de 200.000€, impostos incluídos.

Sen embargo non é ate principios de 2019 cando se convoca o concurso obxecto do devandito convenio dirixido a profesionais da arquitectura e destinado á construción das macrorresidencias, xa anunciadas no 2016, nos emprazamentos que xa estaban concretados e determinados no estudo de 2016, e que como ficou exposto no caso do centro de Ourense se situaba nunha parcela do barrio do 21.

Vencido amplamente o prazo de presentación de proxectos, o Concello de Ourense e a Xunta de Galiza o día 12 de abril de 2019 -apenas un mes antes da celebración das eleccións locais- asinan o convenio para a cesión da parcela na que, dende 2016, estaba prevista a construción dunha residencia pública de maiores. Anunciando un investimento concreto que segundo a titular da Consellaría de de Política Social nese momento preelectoral xa estaba especificamente contemplada no orzamento de 2019 para as primeiras fases de construción.

No mes de xuño de 2019 se fai pública a resolución do concurso de proxectos/ideas para a construción das residencias de maiores nas 7 maiores cidades de Galiza, resultando escollida a proposta presentada por Elsa Urquijo Arquitectos, S.L.P. O 13 de setembro de 2019 asinase un Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galiza e a Fundación Amancio Ortega para construción das residencias de maiores que o sr. Núñez Feijóo prometera para a lexislatura 2016-2020.

No Convenio a Fundación Amancio Ortega comprometíase a realizar a construción e dotación do equipamento inicial das residencias, cun investimento de 90 M€, asumindo a Xunta de Galiza a poñer a disposición da Fundación os terreos nos que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se ubicarían as residencias -sen importar a localización dos mesmos-, así como os anteprojectos relativos aos mesmos.

Xa no mes de xaneiro de 2020, cando xa estaba próximo a rematar o prazo comprometido polo Presidente da Xunta para a construción das residencias e sen que conste causa que o xustifique a Xunta modifica o lugar da infraestrutura pretendendo sexa erexida na parcela da estación de autobuses, cuestionando todos os traballos e estudos previos, así como a eventual existencia dun eventual dereito de reversión sobre os terreos especificamente cedidos para a instalación dunha estación de autobuses.

Xa que logo, e ao marxe da discrepancia sobe o modelo residencial escollido pola Xunta de Galiza e que a experiencia recente demostrou errado, a realidade amosa que vencida o prazo anunciado e comprometido polo Sr. Núñez Feijóo, Ourense segue sen contar coa residencia de maiores prometida, cuxa construción nin sequera foi, cinco anos despois, iniciada.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que razóns a Xunta de Galiza non renunciou á construción dunha residencia de maiores na parcela do barrio do 21, cedida polo Concello de Ourense en abril de 2019, ate inicios de 2020?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 20:33:39

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 20:33:49

Noa Presas Bergantiños na data 28/12/2021 20:33:57

Olalla Rodil Fernández na data 28/12/2021 20:34:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As denominadas tarxetas “revolving” son un tipo de tarxeta nas que a titular pode dispor dun límite de crédito determinado, normalmente non moi elevado, que terá que devolver mediante o pago dunha cantidade periódica e non limitada no tempo. Habitualmente o pago realizárase mediante cotas fixas que, na meirande parte, afrontan o pago de xuros e só nunha reducida contía ao importe do principal prestado. Os xuros deste tipo de créditos ao consumo son exorbitantes superiores aos que poden presentar outros produtos crediticios, polo que é simple colixir que constitúen créditos “perpetuos”.

A comercialización destes instrumentos crediticios por grandes centros comerciais e mesmo por empresas do comercio téxtil provocou a súa enorme expansión entre consumidoras que, en grande número dos casos, carecía de información abonda sobre o produto que estaba a contratar, sen coñecemento das súas características e sobre condicións en que o facía. Xa que logo un grande número de consumidoras e usuarias adquiriu un crédito perpetuo sen a consciencia sobre os aspectos esenciais do contrato asinado, que en moitos casos se lle ofrece -sen que o demandase- tras a realización da compra semanal ou da merca de roupa nun comercio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como aconteceu en outras casos da historia recente, foi a difusión dun pronunciamento xudicial o que provocou un incremento das reclamacións ante o Banco de España e ante os diversos órganos xurisdiccionais sobre a existencia deste créditos usurarios e xeito en que se comercializaban.

Así, as tarxetas revolving no 2020 supuxeron un máis dun 8,5% de todas as reclamacións recibidas polo Banco de España, o cal viu como se incrementaron nun 50% as recibidas sobre este asunto no exercicio anterior.

De xeito análogo vemos como os xulgados de primeira instancia de partidos xudiciais como Vigo e A Coruña están recibindo un número de demandas solicitando tanto a nulidade deste contratos, como a devolución das cantidades indebidamente percibidas polas entidades financeiras prestamistas. Número de demandas e procedementos que, actualmente, están a ter unha incidencia determinante no funcionamento da administración de xustiza nestes partidos xudiciais.

En resumo existe un número moi importante de familias que están a padecer as consecuencias da contratación dun crédito usurario de cuxo contido e funcionamento nin son, nin foron conscientes no momento de contratalo, e que en moitos casos foilles ofrecido sen que o demandaran, o ben foilles concedido aproveitando unha situación de urxente necesidade. Boa parte desas familias aínda son conscientes da ilegalidade dese crédito, cuxas onerosas cotas seguen a satisfacer puntualmente, e só unha parte das persoas afectadas acude aos xulgados demandando a nulidade dos contratos e a devolución do abusivamente percibido polas entidades financeiras. Procedementos xudiciais que en moitos casos implican custes e investimentos non recuperados polos prexudicados, en todos os casos supoñen un dobre castigo para as vítimas e que están a implicar un novo prexuízo social coa ralentización no funcionamento da administración de xustiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións desenvolveu o Goberno Galego para a información e asesoramento de prexudicadas pola contratación de tarxetas revolving e para que podan solicitar a nulidade, total ou parcial dos contratos e a devolución do indebidamente pagado?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 29/12/2021 09:56:29

María do Carme González Iglesias na data 29/12/2021 09:56:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2021 09:56:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reparación e o mantemento estrutural nas vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga, en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2016 foron asinados os primeiros contratos de aluguer das vivendas de protección pública que a Xunta de Galiza, por medio do Instituto Galego de Vivenda e Solo, promoveu no barrio ourensán de Covadonga.

O 29 de novembro de 2007, o IGVS, promoveu concurso público para a contratación das obras de construción e urbanización de 52 vivendas no barrio de Covadonga (Ourense), aprobándose a adxudicación do contrato por resolución de 12 de maio de 2008, formalizándose o contrato de obras en xuño do mesmo ano 2008, establecéndose un prazo de 20 meses para a efectiva execución e remate da construción.

Comezadas as obras o día 22 de xuño de 2009 e estando prevista e contratada a súa finalización para abril de 2011. Porén, tras anos de paralización, varios modificados de proxecto e incremento dos recursos públicos, non foi ate foi ate 5 anos despois do vencemento do prazo inicialmente previsto para o seu remate cando a Xunta de Galiza asinou os primeiros contratos de aluguer e a entrega das vivendas ás usuarias.

Malia o tempo empregado na execución na construción das vivendas e a súa entrega ás persoas que resultaron adxudicatarias, a día de hoxe existen servizos e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalacións pendentes de ser rematadas e de entrar en funcionamento, como os tendedeiros ou o sistema eléctrico con enerxías renovábeis para a reutilización e aproveitamento das augas.

A pesares de que o tempo transcorrido non permitiu a entrada en funcionamento da totalidade dos servizos comprometidos, si foi abondo para a aparición de importantes defectos estruturais e que condicionan a habitabilidade das vivendas e o confort das persoas que residen nelas. Así, por exemplo, o espazo no que se agarda polo ascensor está nun patio descuberto ao albur das inclemencias meteorolóxicas, a ausencia de voladizos provoca que o auga da choiva descorra polas fachadas facilitando a presenza de humidades e que penetre nas vivendas. Igualmente o patio interior descuberto permite que entre a auga da choiva pola portas das vivendas letras C e D, así como provoca un considerable desgaste nas devanditas portas, extremos ambos perfectamente perceptíbeis a simple vista. Igualmente a ilóxica distancia entre a estrutura do edificio ou as escaleiras e o peche do inmobile (consecuencia dunha deficiente execución da obra) xera un evidente e permanente risco para a seguridade e integridade físicas das persoas, nomeadamente, das cativas. A chapa que pecha inmobile semella non ser aillante de abondo.

Por outra banda o mantemento do elementos comúns (rede de saneamento, xardíns, sistema eléctrico á vista ...) non é o axeitado, sendo a Xunta de Galiza o propietario maioritario pois os inquilinos teñen dereito a voz, mais non de voto, nas xuntas da comunidade de propietarios, polo que o estado de deterioro que presenta o inmobile e consecuencia da pasividade da Xunta de Galiza.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o Goberno galego necesaria a realización de actuacións de obras de reforma e acondicionamento nos edificios de vivendas de promoción pública (IGVS) no barrio de Covadonga en Ourense?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2021 09:59:05

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 09:59:09

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 09:59:18

Alexandra Fernández Gómez na data 29/12/2021 09:59:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Daniel Pérez López e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o turismo de autocaravana no concello de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasamente uns días o alcalde de Ourense, do goberno do Partido Popular e Democracia Ourensana, a través do seu sistema habitual de comunicación do goberno da entidade local, realizou contundentes manifestacións sobre o turismo de autocaravana e o comportamento cívico e social das persoas que o realizan.

Expresando o opinión da alcaldía, e sen que as manifestacións proferidas foran rexeitadas polo resto do grupo de goberno do Concello de Ourense – nin polos edís do Partido Popular, nin de Democracia Ourensana- indicou que o turismo de autocaravana nin apoia á hostalaría local, nin cumpre coas normas máis elementais de sanidade e urbanidade, se ben matizou que isto non era en todos os casos, só na maioría.

Considerando que o turismo de autocaravana era un turismo de autosuficiencia que non era nin social, nin economicamente interesante remataba afirmando que “estaría feliz de desvialo a outra cidade”.

Os criterios de xestión turística e consideración sobre as persoas que practican o turismo de autocaravana, expresados polo alcalde de Ourense e que non foron, en ningún momento, emendados por ningunha das persoas ou organizacións políticas que o designaron alcalde, e que aínda hoxe o apoian -Partido Popular e Democracia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourensana-, permite colixir que está a manifestar criterios da acción de goberno en materia turística. Alén da (des)consideración que evidencia sobre as persoas que practican este xeito de turismo, desbota a atención e explotación dun sistema de viaxe cada vez máis en voga e cun número crecente de usuarias. Dende o goberno do Concello de Ourense estanse a expresar criterios e consideracións económicas e sociais, coas que o BNG non concorda e que, en todo caso, son no fondo e nas formas, rexeitábeis.

Xa que logo, e dado as competencias neste eido da Xunta de Galiza, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Existe algunha previsión para dotar e habilitar ao concello de Ourense dun espazo para albergar o turismo de autocaravana?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 10:01:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 29/12/2021 10:01:35

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2021 10:01:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o control dos destino das transferencias realizadas á Deputación de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo núm.2 de Ourense estimando parcialmente a demanda presentada por un particular condena á Deputación Provincial de Ourense a abonar 193.093 € por o subministro de bancos e marquesinas á Entidade Provincial. Asemade e nun pronunciamento inusual ordena a remisión das actuacións ao Ministerio Fiscal a fin de investigar a eventual comisión dun delicto de prevaricación, ao apreciar que a adquisición do mobiliario foi realizado sen a tramitación dun previo procedemento de contratación, sen contrato ou licitación previo, é dicir, “a dedo”, sen a oportunidade de que outras empresas poderán realizar ofertas do mobiliario máis beneficiosas e/ou económicas.

Sen prexuízo de que unicamente se tratan de indicios da eventual comisión dun delicto de prevaricación, apreciados por unha Autoridade xudicial do orden contencioso-administrativo, o certo é que non é a primeira vez que o procedemento de contratación da Deputación Provincial de Ourense, presidida na altura polo Sr. Baltar Pumar, é obxecto dunha investigación xudicial de carácter penal por prevaricación administrativa. Así no ano 2014 mediante sentenza do Xulgado do Penal núm.1 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense, confirmada pola Audiencia Provincial, o Sr. Baltar Pumar foi condenado a 9 anos de inhabilitación especial como autor criminalmente responsable dun delito de prevaricación continuada pola contratación ilícita polo Ente provincial de máis dun centenar de traballadores e traballadoras. Xa que logo “chove sobre mollado”.

De conformidade co apreciado polo Xulgado Contencioso-Administrativo de Ourense semella que, a prevaricación continuada apreciada no seu día en materia de contratación de persoal, tamén atinxía a outros eidos da contratación da Deputación Provincial, como son os subministros de mobiliario.

Tanto pola importancia dos recursos económicos transferidos á Entidade Local, como pola tutela financeira que a normativa vixente impón á Xunta de Galiza sobre ás Entidades Locais, aconsellan -e aconsellarían- extremar as medidas de vixianza e control sobre o destino dos recursos achegados a Deputación Provincial de Ourense, e os procedementos de contratación seguidos para unha mellor e máis eficiente xestión dos mesmos, e o inescusábel cumprimento das normas de contratación en vixencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta en Pleno:

Que valoración realiza o Goberno Galego sobre a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.2 de Ourense que ordena a remisión de actuación á Fiscalía polo presunta comisión dun delito de prevaricación administrativa na contratación pública de subministracións pola Audiencia Provincial de Ourense, e ten previsto algunha acción para o control e fiscalización de tales comportamentos ilegais e/ou delitivos??





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2021 10:07:30

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 10:07:34

María González Albert na data 29/12/2021 10:07:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a conservación e rehabilitación do espazo de valor cultura e etnográfico na Aira da Uxeira en Loiro (Bardadás).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 varios veciños e veciñas da localidade de Loiro (Barbadás) cederon ao Concello de Barbadás a propiedade de diversos canastros centenarios, a fin de que pola entidade local se procedese á rehabilitación dos mesmos e a realización dunha actuación integral no espazo denominado Aira da Uxeira, para o acondicionamento e aproveitamento público dun lugar de grande valor cultural e etnográfico. A xenerosidade veciñal procuraba a valoración da historia a través da conservación do patrimonio o que permitirá coñecer o xeito de vida e traballo da Galiza dos séculos pasados.

Ao fin exposto no ano 2018 na concellería de Promoción Económica e Turismo do Concello de Barbadás elaborouse un proxecto para a rehabilitación da Aira da Uxeira que foi, como é preceptivo, trasladado á Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galiza a fin de que autorizase a súa execución. Tras realizar as modificacións pertinentes para dar cumprimento ás instrucións e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suxestións ordenadas dende a Xunta de Galiza a finais do ano 2018 o Concello de Barbadás inicia o procedemento aberto, simplificado e sumario, para a adxudicación da obra do Proxecto de Rehabilitación da Aira da Uxeira en Loiro.

O contrato de obra tiña por finalidade a recuperación, mediante a súa rehabilitación integral, do espazo da Aira da Uxeira, que conta cunha aira e un conxunto de canastros que representan un exemplo extraordinario da cultura popular e arquitectónica galega, e por iso o seu singular valor etnográfico e cultural, e xa que logo a necesidade de axustarse nas obras ao proxecto aprobado pola consellería de cultura consonte ás instrución do servizo de patrimonio da Xunta de Galiza.

No ano 2019 tivo lugar tanto a adxudicación do contrato, como a execución do mesmo, sendo palmario que a obra executada non se corresponde ao proxecto aprobado e previamente autorizado polo servizo de patrimonio da Xunta de Galiza. A modo de exemplo as vigas da base son dúas madeiras unidas no canto de ser dunha única peza, os espazos entre as táboas son dunha separación tal que non permitiría ao canastro cumprir a finalidade á que se destinaban ou mesmo a morfoloxía e tipoloxía dos canastros son diferentes ás orixinais das construcións a rehabilitar. A calidade dos materiais empregados tampouco é a acaída, existindo fendas nas vigas que suxeitan a estrutura da construción ou táboas que, apenas uns meses após do remate da rehabilitación, xa están levantadas. Xa que logo de non procederse a corrección do actuado se estaría a comprometer gravemente o futuro dos centenarios canastros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares dos requirimentos e denuncias presentadas ante o Concello de Barbadás ou á Xunta de Galiza, realizadas tanto polo grupo municipal do BNG de Barbadás, ou a disconformidade expresada por distintas asociacións culturais ou mesmo por cedentes de canastros; non consta actuación algunha para a protección e conservación do patrimonio cultural posto en perigo, nin de certificación da correcta execución da obra pública contratada.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

“Entende o Goberno galego que a obra executada na Aira da Uxeira en Loiro (Barbadás), para a rehabilitación e recuperación dos canastros centenarios existentes, axústase ao proxecto previamente autorizado pola Xunta de Galiza?”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/03/2021 13:11:48

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2021 13:11:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/03/2021 13:12:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a elaboración dun Plan Director para o Macizo Central de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro o lume calcinou máis de 700 hectáreas na localidade de Reborchao na Serra de San Mamede no Macizo Central galego, pondo en perigo varias vivendas, gando e mesmo a reserva forestal de A Edreira, dentro da Rede Natura 2000. Novamente foi a implicación da veciñanza, xunto cos medios de extinción empregados os que evitaron que as lapas afectaran unha superficie aínda maior.

Segundo a información divulgada polo Ministerio de Transición Ecolóxica na extinción do incendio de Rebordechao interviron seis avións anfibios, dous avións de extinción, tres brigadas heliotransportada con dous helicóptero e outro de 4.500 l. e unha unidade móbil de análise e planificación. Pola súa banda a Xunta de Galiza informou do despregamento de 7 axentes, 22 brigadas, 10 motobombas, 2 palas, 9 helicópteros e 12 avións. Certamente existiu un amplo dispositivo de extinción que xunto coa grande implicación da veciñanza evitouse que as consecuencias directas e inmediatas dos incendios foran superiores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O acontecido máis unha vez na zona do Macizo Central pon en evidencia a negligencia da Xunta de Galiza na adopción de medidas preventivas, tanto para evitar os incendios forestais e a súa importancia, como as consecuencias dos mesmos.

Resulta sorprendente que, nin en setembro de 2020, nin hoxe en día, o Macizo Central – un dos espazos de maior valor medio ambiental e paisaxístico- dispoña de plan director. Escasa atención e protección ao valor natural do espazo, que choca co enorme interese que provoca a explotación dos seus recursos enerxéticos.

Sorpreza, é negligencia, que é aínda maior se temos en conta que a propia Xunta de Galiza era consciente da moi alta probabilidade de que se produciran incendios no Macizo Central, considerando a posibilidade de que exista unha estratexia sistemática para queimalo.

Xa que logo se o espazo é de grande valor natural e medio ambiental, se -a xuízo do Director Xeral de Montes- existe unha moi alta probabilidade de que se produzan incendios, recoñecendo que son de difícil extinción, como é posible que non se planifiquen medidas preventivas para evitar os lumes e, no caso, reducir as consecuencias dos mesmos??

Tras a catástrofe medio ambiental do mes de setembro na dirección da Consellaría de Medio Rural recoñeceuse a necesidade de contar cun plan director para evitar os incendios forestais no Macizo Central, mais a pesares do tempo transcorrido non consta se deran pasos nese sentido.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que razón un espazo de grande valor natural, medio ambiental e paisaxístico na que é moi alta a probabilidade de incendios non conta con plan director?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 29/12/2021 10:17:41

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 10:17:47

María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 10:17:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2021 10:18:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Luis Bará Torres, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a instalación dunha central hidráulica reversíbel nos encoros As Conchas e Salas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa actualmente denominada Naturgy, sucesora da mercantil Gas Natural-Fenosa, ven de reiterar a súa intención de instalar unha central hidráulica reversíbel entre os encoros de As Conchas, sito nos concellos de Lobeira, Muiños e Bande, e o de Salas, no de Muiños.

O referido proxecto partiría dos aproveitamentos hidroeléctricos que actualmente ten concedidos a mercantil, e que atinxen tanto ao encoro de As Conchas como ao de Salas. Así, procederíase ao bombeo de auga, en horas valle nas que a enerxía é máis barata por existir menos demanda, dende o encoro de As Conchas ate o de Salas no que se almacenaría e logo se turbinaría en horas puntas, nas que, por existir máis demanda e necesidade, o prezo da enerxía eléctrica é máis elevado. Resulta evidente a rendibilidade económica do proxecto de Central Hidráulica reversíbel, porén tal rendibilidade económica non é parella -tampouco proporcional- co risco que implica para o medio ambiente e para a saúde das persoas.

Infelizmente as augas do encoro de As Conchas presentan na actualidade un estado global, en cualificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, “peor que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bueno”, mentres que o do Salas é cualificado como “bueno” polo precitado organismo de conca. Así, o bombeo implicará o risco de contaminación das cianobacterias existentes no encoro de As Conchas ao Salas que actualmente é un espazo limpo e de grande valor medio ambiental, integrado nun Lugar de Interese Comunitario, Zona de Especial Protección para as Aves, Reserva da Biosfera ou mesmo dentro do Parque Natural Baixa Limia–Serra do Xurés.

A situación de deterioro do espazo natural evidenciouse con total crueza no ano 2011 no que o encoro das Conchas presentou un alto índice de contaminación por cianobacterias, que contradicindo estudos do Goberno de España, foi recoñecido por estudos da Universidade Complutense de Madrid.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ou xestións realiza ou realizou o Goberno Galego en relación con proxecto de central hidroeléctrica reversíbel promovido pola mercantil Naturgy nos aproveitamentos dos ríos Salas e Limia e a afectación que podería implica no medio ambiente e na saúde das persoas?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2021 10:33:31

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 10:33:35

María González Albert na data 29/12/2021 10:33:47

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 10:34:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os efectos na xustiza de Galiza da eventual aprobación da lei de Eficiencia Organizativa del Servicio Público de la Justicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de abril o Consello de Ministros ven de aprobar o anteproxecto de Lei de Eficiencia Organizativa del Servicio Público de la Justicia. O proxecto normativo contén unha importante transformación da organización xudicial, nomeadamente da máis próxima á cidadanía. O novo deseño da organización xudicial semella inspirado nos mesmos piares que os recentes intentos de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial presentados no congreso dos deputados na IX e X lexislaturas e que, por diversas circunstancias, non prosperaron.

Así, ante o novo intento de reforma da organización xudicial dirixida principalmente á xustiza de primeira instancia e de paz, dende o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos necesario coñecer o criterio do Goberno Galego sobre o devandito proxecto e a súa afectación á organización xudicial en Galiza:

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o Goberno Galego que a organización prevista na lei de Eficiencia Organizativa del Servizo Público de la Justicia e os criterios nos que se inspira o proxecto normativo son acaídos á realidade e necesidades de Galiza?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 10:41:39

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2021 10:41:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/12/2021 10:41:53



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

Ao longo do tempo, a Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e a de Vigo foron quen de acadar acordos e executar varios plans de financiamento universitario de carácter plurianual.

Neste contexto de planificación das achegas económicas autonómicas, as universidades públicas galegas unha estabilidade financeira envexada no resto do sistema universitario do Estado.

No 2021 estivo vixente o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020, logo de que se acordase a súa prórroga como paso previo á negociación dun novo documento. Neste ano tamén se iniciaron os contactos entre a Xunta e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para avanzar no deseño do novo plan de financiamento.

A vontade de diálogo e consenso permitiu que, a comezos do pasado mes de novembro, a Xunta e as tres universidades públicas galegas concretasen as principais liñas do Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2022-2026.

Xa en decembro 2021, fíxose público o informe favorable do Consello Galego de Universidades para un Plan de Financiamento Universitario para o período 2022-2026 que mobilizará 3.200 millóns de euros no próximo lustro. Asemade, neste mesmo mes, o Consello da Xunta aprobou a folla de ruta do novo financiamento universitario para os próximos cinco anos, que implica case un 30% máis dos fondos inicialmente previstos para o plan no período 2016-2020.

O Grupo Parlamentario Popular considera positivo ter acadado este acordo e tamén que se fixasen novidades respecto dos anteriores plans de financiamento para reforzar aínda máis o Sistema Universitario de Galicia (SUG)

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o sistema de financiamento do SUG?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 10:44:46

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 10:44:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 10:45:10

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 10:45:29

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 10:45:57

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 10:46:15

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 10:46:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en pleno.

As universidades públicas integradas no Sistema Universitario de Galicia (SUG) veñen desenvolvendo unha gran labor no campo da investigación científica, conscientes da necesidade de proporcionar á sociedade ferramentas e recursos que permitan maiores cotas de benestar e crecemento económico e social.

Nesta tarefa, a Administración autonómica non é allea a un proceso necesario e imprescindible de colaboración e cooperación entre os centros de formación, coñecemento e investigación das nosas universidades.

Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria, reforzar a captación de talento, consolidar os centros de investigación universitaria son obxectivos que deben ser compartidos pola Administración autonómica, as propias universidades e a sociedade en xeral.

Recentemente, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as tres universidades galegas analizaron no Consello Galego de Universidades o novo Plan de Financiamento Universitario para o período 2022-2026. Segundo transcendeu publicamente, a nova folla de ruta do financiamento universitario reforza a aposta pola investigación universitaria galega, xa que o novo plan prevé un incremento do 41% para este fin, ata chegar aos 400 millóns de euros.

Neste contexto de apoio financeiro e de impulso da investigación universitaria promovida pola Consellería, en colaboración coas tres universidades públicas galegas, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Cales son as liñas de traballo para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia ?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 10:59:19

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 10:59:33

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 10:59:43

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 11:00:03

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 11:00:10

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 11:00:17

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 11:00:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A dixitalización é un dos retos aos que nos enfrontamos e un obxectivo claro para o futuro, este debe abordarse dentro dunha estratexia que busque, entre outras cousas, reducir custos e mellorar a trazabilidade e eficiencia dos sectores.

A primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica” -que se aprobou en Consello da Xunta como Decreto- establece unha proxección do monte galego do futuro e das accións a levar a cabo para anticiparnos aos lumes, estruturado en seis eixes estratéxicos de intervención ao abeiro dos cales se proxectan unha serie de instrumentos de execución, un total de vinte estratexias e plans ou programas de actuación e liñas de acción que á súa vez comprenden máis de 51 iniciativas, medidas ou accións específicas.

De acordo co novo Decreto, o modelo do monte para Galicia será un monte dixitalizado e tecnificado, cumprindo cos obxectivos de crear unha xestión forestal activa para o incremento da capacidade de fixación de carbono e a resiliencia das masas forestais ao ámbito climático.

Recentemente a consellería do Medio Rural anunciou a posta en marcha da aplicación FORTRA (trazabilidade forestal), unha iniciativa levada a cabo dentro da Estratexia de Dixitalización e Descarbonización (D&D) que a Xunta de Galicia ven desenvolvendo nos últimos anos, e dun xeito mais concreto dentro do programa *Primare* do Impulso da Dixitalización no sector primario.

Así, a Xunta de Galicia pon a disposición das empresas forestais de Galicia, de xeito gratuíto e voluntario, esta plataforma dixital co obxectivo de que se poda informar a clientes e consumidores das características dos seus produtos elaborados a partir da madeira, incluíndo a súa pegada de carbono, así como o bosque do que proceden e as operacións de transformación que foron necesarias para a súa elaboración.

O Grupo Parlamentario Popular cree necesario esta aposta para conectar toda a cadea de valor do sector da madeira de Galicia, co obxectivo de dar trazabilidade aos produtos baseados en madeira, de xeito que o consumidor final poda ter toda a información correspondente ao procedemento de elaboración.



Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte seguinte pregunta en Pleno:

Que beneficios reporta para dixitalización do sector primario a aplicación FORTRA?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 29/12/2021 11:39:57

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 11:40:16

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/12/2021 11:40:34

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2021 11:40:46

José Antonio Armada Pérez na data 29/12/2021 11:41:04

Cachafeiro Anta, Belén na data 29/12/2021 11:41:23

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 29/12/2021 11:41:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez e Adrian Pardo López Moisés Rodríguez Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral Pleno.

Na presentación do informe A innovación aberta en Galicia realizado pola Fundación Cotec, o pasado 20 de xullo, púxose de manifesto a importante transformación do ecosistema galego de I+D+i nos últimos tempos sobre a base dunha cooperación máis ampla e estreita entre todos os seus axentes – administracións, universidades, centros tecnolóxicos, clústeres ou provedores tecnolóxicos – co sistema empresarial, permitindo que moitas pemes, micropemes e autónomos puidesen innovar nos seus produtos e procesos.

De feito, desde 2014, a innovación en Galicia medrou case o dobre do ritmo da media española, aplicando un enfoque máis sistémico e aberto, que ten contribuído a avanzar 34 postos no último Regional Innovation Scoreboard (RIS) publicado, tamén en xullo, pola Comisión Europea.

Ademais está o papel que vén xogando a política de I+D+i desenvolvida pola Xunta de Galicia, mediante un maior compromiso orzamentario para este tipo de actuacións (227,5 millóns de euros este ano, é dicir, un 60% máis que en 2009), priorizando instrumentos e medidas singulares e, no seu momento, pioneiros en España como a compra pública innovadora, as unidades mixtas de investigación, o programa Ignicia, as business factories, os Conecta Hub ou o Polo Aeroespacial de Galicia, entre outros.

Tras a pandemia, estamos nun momento clave para fortalecer as nosas capacidades innovadoras para acelerar a dobre transformación dixital e verde que temos por diante, consolidando un modelo produtivo máis baseado no coñecemento e, polo tanto, con máis valor engadido, que contribúa a xerar emprego de calidade.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que instrumentos ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para reforzar o modelo de innovación aberta que se está a impulsar desde hai algúns anos e que nos sitúa entre as Comunidades Autónomas máis eficientes desde o punto de vista da relación entre investimentos e resultados?



Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 29/12/2021 11:48:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/12/2021 11:49:01

Marta Nóvoa Iglesias na data 29/12/2021 11:49:20

Cristina Sanz Arias na data 29/12/2021 11:49:39

José Antonio Armada Pérez na data 29/12/2021 11:49:55

Borja Vereza Fraiz na data 29/12/2021 11:50:15

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 11:50:32

Pardo López, Adrián na data 29/12/2021 11:50:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, instando ao Goberno galego a tomar medidas para rematar coa imposibilidade de emancipación da mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda e a un traballo digno é un dereito fundamental que debe ser garantido pola administración pública. actualmente somos quen de ver como ese dereito é negado de xeito constante e consciente. O acceso á vivenda e un emprego estábel e non precario é un pilar fundamental á hora de poder emanciparse e acadar un mínimo de estabilidade e autonomía.

A día de hoxe, a mocidade galega vive ancorada na imposibilidade do acceso a unha vivenda por mor da situación de precariedade absoluta a nivel laboral na que vive. Hoxe, esta precariedade non foi a menos, senón que aumentou en eidos como o da temporalidade do traballo, o empobrecemento das condicións laborais ou a posibilidade mesma de atopar un traballo, situación que se agrava aínda máis coa chegada da COVID-19 e o seu enorme impacto no tecido económico do país.

Un exemplo claro desta situación, atopámolo nas cifras de emancipación xuvenil nas idades comprendidas entre os 24 e o 29 anos, cunha taxa de emancipación do 15%. É dicir, só 15 de cada 100 mozas comprendidas entre esta franxa de idade é quen de botar a andar a súa vida de xeito autónomo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén desta situación pódese advertir a consolidación dun proceso de xentrificación nas cidades e vilas do país, que ligado á proliferación masiva de alugueiros vacacionais, fan que a oferta de vivendas en réxime de aluguer ou venda caia de xeito considerábel e que os prezos dos alugueiros aumenten até cotas completamente inaccesíbeis para a mocidade galega. Este modelo baseado na lóxica consumista do turismo masivo só contribúe a intensificar aínda máis o impacto económico da pandemia nas zonas urbanas.

Mais este non é o único motivo que explica o incremento dos prezos dos alugueiros no noso país, xa que a especulación ligada á construción que existía antes da crise do 2008, tornouse nunha especulación coa vivenda mesma após este período de crise.

Na Galiza existen actualmente, ao redor de 330.000 vivendas baleiras, pertencentes a entidades financeiras e a particulares. Isto acontece mentres atopar unha vivenda en alugueiro é unha tarefa moi complicada para a mocidade e para o pobo galego no seu conxunto.

Coa situación da COVID-19 e a crise económica derivada da mesma, dirixímonos a un período caracterizado por unha dramática destrución de emprego así como tamén a máis precariedade e temporalidade, facendo aínda máis difícil do que xa é o acceso da mocidade a unha vivenda digna e a un traballo de calidade na terra.

As políticas públicas postas en marcha pola Xunta de Galiza, non van ao núcleo do problema, senón que se limita a ofrecer axudas insuficientes para o alugueiro e máis para a compra de inmóbeis para que as mozas deste país poidan acceder a unha vivenda, cando a realidade di que a mocidade galega non ten capacidade económica para mercar unha vivenda, polo que a insuficiencia nas axudas para o alugueiro fan que a mocidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teña que continuar a vivir na residencia familiar, nos mellores casos, ou a emprender o camiño da emigración forzosa.

No eido do emprego vemos como as políticas da Xunta de Galiza, nos mellores casos, só son quen de crear empregos cunha temporalidade moi alta e cunha precariedade abafante.

Galiza precisa que a capacidade na emancipación xuvenil sexa unha realidade. Son necesarias iniciativas públicas que poñan fin á especulación e contribúan a unha regulación nos prezos dos alugueiros.

Desde as administracións públicas deben despregarse iniciativas que garantan o acceso a unha vivenda digna a un prezo non desorbitado, alén dunhas condicións laborais dignas que permitan a emancipación da mocidade galega.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para reverter a situación de imposibilidade de emancipación que vive a mocidade galega?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado de deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 29/11/2021 13:44:29

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2021 13:44:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As 6.540 explotacións lácteas que aínda quedan neste País corren serio perigo de peche. Elas producen o 45% do leite de todo o estado. Un produto de superior calidade, cun medio de produción baseado na superficie agraria que en boa medida sustenta a alimentación e dá espazo á cabana gandeira.

Aínda así, boa parte deste sector amosa unha dependencia perigosa dos insumos esóxenos que na volatilidade dos seus prezos, periodicamente, someten a duras probas a viabilidade destas explotacións. A esta volatilidade hai que sumar que nestes tempos a suba e abuso dos oligopolios das eléctricas e dos combustibles fan insostible a situación.

A lóxica do mercado debera traer unha suba compensatoria, no prezo final do produto, para estes custes de produción. Tal suba, tímida, xa se deu pero non repercutiu no produtor e seguimos na mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación mantívose no tempo porque moitas explotacións teñen contratos anuais para pensos, electricidade e mesmo combustible, mais chegado o 1 de xaneiro o conto muda.

Todo isto acontece fronte á impasibilidade dos gobernos da Xunta e do Estado. O da Xunta coa súa teimosa negativa a actuar de árbitro ou intermediario ... “o mercado manda...” ...”a lei prohibeo...” E o goberno do Estado lava as mans coma Pilatos logo de facer unha burla de lei chamada da Cadea Alimentaria, aprobada polo Ministerio de Agricultura que teoricamente obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ó que custa producilos”. Claro que posta a obriga non establece mecanismos para fixar obxectivamente tales custes de produción.

O conto é serio pois a suba de materias primas como a solla, a colza, ou a fariña de millo, que subiron un 50% no último ano, os abonos de síntese, o gasóleo agrícola que pasou de 55 a 85 céntimos ou o recibo da luz, con incrementos de máis do 50% están a reducir a escasa marxe coa que traballaban as explotacións leiteiras. Nun cálculo serio estes elementos condicionan o 60% dos custes de produción, e estes móvense nunha forquita de 30 a 40 cts. polo que cun incremento dun 30% destes custes temos o litro de leite entre 5 e 8 cts. máis caro. E non esquezamos que estamos a falar dun sector estratéxico para o conxunto de Galicia que ve ameazado neste momento a súa viabilidade.

Por todo isto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas está a tomar o goberno galego para remediar a situación de penuria económica pola que está a atravesar o sector lácteo galego debido ao incremento no prezo dos insumos, abonos, electricidade e combustibles, e diante do conflito que se prepara para este outono-inverno?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 12:10:19

María González Albert na data 29/12/2021 12:10:29

María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 12:10:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A gandaría de montaña, esa que produce carnes variadas e exquisitas na calidade e no sabor non foi tema que lle preocupase ó PP máis alá de manter uns lazos populistas e caciquís que lle permitisen o control dos votos dos gandeiros e gandeiras.

Nunca optou por fortalecela e por darlle alternativas que fixeran dela nas súas diferentes variedades (vacún, cabalar, ovino e cabrún) unha actividade que asente poboación, xestione territorio e que sirva de prevención dos lumes pola súas rozas na matogueira dos nosos montes.

Estas afirmacións non son gratuítas. Nos anos 2013-14-15 e 18 a Consellería de Medio Ambiente non sacou ningunha liña de axudas para incentivar e desenvolver prácticas de manexo preventivo do gando coma mellor maneira de reducir e evitar os danos da fauna salvaxe nin á reparación destes. E as liñas de axudas aprobadas para prevención teñen resultado o suficientemente escasas coma para demostrar o pouco ou nulo interese da Xunta en abordar esta cuestión con responsabilidade e rigor.

O esforzo dunha administración en desenvolver este tipo de medidas de manexo preventivo das gandarías pode ser empregado coma o mellor indicador da importancia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se lle ten prestado ao longo dos anos á problemática do lobo. E os datos apuntan a que a Consellería máis ben lle ten importado bastante pouco ou só o mínimo para aparentar cara a galería ante as críticas e malestar dos afectados.

E agora, de súpeto, o lobo pasa a ser asunto político central da axenda da Conselleira, cunha Xunta seica indignada polo posible cambio de protección legal da especie, coma paso para dar solucións ós danos que causan e garanti-la súa conservación. Resulta que agora para a Xunta a especie multiplicouse e comezou a ataca-lo gando coma nunca. Seica tanto ten aumentado nos últimos anos que estamos ante unha superpoboación. Orquestrouse unha especie de campaña para convencer á cidadanía que hai lobos por todas partes, danos por tódolos lados. Máis, á hora da verdade, a Xunta, se é e era coñecedora desta circunstancia, cabería preguntarse por que en tantos anos non se ten implicado máis e despregado medidas no grado e alcance proporcionado a esta suposta sobrepoboación.

Neste sentido, agardamos con ansia o resultado do censo exprés encargado pola Xunta para o 2021, para actualizar os datos da poboación referidos ó último censo realizado entre o 2013 e 2015. Censo que semella ideouse co propósito de demostrar que hai unha superpoboación lobuna e para o que non resultaría preciso protexer máis. Mudará de opinión a Xunta de resultar que o censo, no lugar de demostrar unha superpoboación, pode ofrecer unha diminución considerable das mandas con respecto ao anterior? Pois todo apunta, que os primeiros datos avanzados a nivel global das catro provincias van nesa liña.

Exerce de abandeirada doutras rexións e tenta acaparar apoios de tódalas forzas políticas nunha cruzada contra o lobo. Ante tanta insistencia e despregue político neste asunto, non hai quen o crea. A estratexia é clara, no fondo aquí o que menos lle importa á Xunta, unha vez máis, é o lobo e os gandeiros e os danos. Aquí o que importa é a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acción política de desgaste, o PP ten claro que hai que poñer patas arriba tódalas accións do goberno. E nisto o lobo pois tamén é utilizado.

As axudas, cando se sacaban, eran ridículas e as condicións eran e son de difícil cumprimento.

Poñamos por caso unha grea de gando cabalar en liberdade nun monte perimetrado de 400has. Para ter dereito a indemnización polos danos do lobo ten que se da-lo aviso nas 72 horas seguintes ó ataque e teñen que aparecer restos. Por conseguinte é necesario percorrer metro a metro as 400has cada 3 días, tódolos días do ano.

Vaia que están feitas a mantenta para non pagalas. Os cabalos deben ser chipeados. Un chip custa entre 40 e 50 euros. O valor no mercado dun poldro é arredor de 40 ou 60 euros. A realidade é demoledora.

Desde o bng non negámo-los ataques do lobo ó gando, pero defendémo-la súa existencia na necesaria diversidade. Unha sociedade moderna debe optar, ou se erradica, coas consecuencias que isto ten para a biodiversidade e como controlador natural e propiciador de beneficios para o ecosistema, ou se admite como necesaria a súa conservación en liberdade e cunha diversidade xenética axeitada para a súa existencia. Pero esta coexistencia non pode ser a costa dos gandeiros e gandeiras e para iso a sociedade debe procurar facilitar ós gandeiros:

- a) Medios preventivos que disuadan os ataques
- b) Medios que compensen os danos.

Os medios preventivos que ofrece o goberno son escasos e teñen unhas condicións ás veces de difícil cumprimento polos prazos, documentación farragosa ... O asesoramento en prevención non existe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os medios compensatorios son tamén escasos e con condicións que deixan fóra a maior parte da casuística. No tocante a gando cabalar en liberdade queda case todo fóra porque aínda que os ataques son moitos e fan que os poldros non aparezan no tempo dos curros, ó non haber despoños nin notificacións en tempo a Consellería lava as mans.

Mante-los espazos privilexiados dos nosos montes, as turbeiras de coberteira do Xistral e do Cadramón, as greas da Capelada, Sabucedo, Monte Faro de Vimianzo, Castrove, da Groba... supón mante-la actividade dos besteiros de xeito digno e non en precario como están agora e un dos medios disuasorios dos ataques do lobo é constituír greas ben formadas.

Favorece-la gandaría extensiva nos nosos montes e mante-la existencia do lobo pasa por recuperar, formar e facer rendible o oficio de pastor. O equilibrio medioambiental, a xestión do territorio e a loita en contra do lume ben merecen ese esforzo.

Claro que toda esta protesta que manipula o PP e que utiliza como airado argumento a inclusión do lobo no Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas (LESRPRE) só persegue desgasta-lo goberno central e camufla-la responsabilidade do goberno galego na xestión do lobo e no deterioro galopante da gandaría extensiva.

Conta a Xunta xa con algún primeiro dato avanzado da situación no número de mandas de lobo do censo que está realizando? De demostrarse que non hai superpoboación e que, pola contra, a poboación tería diminuído, vai cesar na súa reivindicación contra a inclusión do lobo no LESRPRE





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é así como se xestiona e respecta a actividade dos gandeiros e gandeiras en extensivo. Claro que deste xeito tamén se canaliza politicamente o cabreo xustificado polo abandono e pola incompetencia do goberno da Xunta do PP.

E no referente á reparación dos danos é necesario unha valoración destes o máis real posible contemplando tamén o lucro cesante e ampliando as axudas á gandería de autoconsumo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto tomar o goberno galego para facilita-la coexistencia entre a gandería extensiva, que avanza cara a súa desaparición, e unha poboación de lobo que precisa que se protexa a súa funcionalidade xenética e ecolóxica.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 12:11:48

María González Albert na data 29/12/2021 12:11:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 12:11:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No BOP da Provincia de A Coruña do 30 de setembro de 2021 publícase o anuncio polo que Explotaciones Gallegas, S.L., solicita autorización para as obras recollidas nos documentos: “Proyecto de drenaje integral de la concesión de explotación “San Rafael” n.º 2.946”, “Proyecto de planta de tratamiento de aguas en Portapego” e “Proyecto de planta de tratamiento de agua en Vieiro”, con obras situadas nos concellos de O Pino e Touro. Expediente DH.W15.79505.

Na introdución do proxecto a empresa reconece que é presentado como consecuencia do requirimento que con data 25 de novembro de 2019, a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria fai a Explotaciones Gallegas, S.L. dun Proxecto Integral de Drenaxe. Requisito que se reitera por parte da Xefatura Territorial con data 2 de marzo de 2021.

Previamente a este houbo un proxecto de drenaxe temporal (DH. W15.64849) que tamén lle fora requirido pola Administración en xullo de 2018 mentres non se presentaba o proxecto definitivo. Este proxecto temporal nunca foi executado.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este novo proxecto integral contempla a construción dunha planta de tratamento de augas (PTA) no Portapego outra PTA no Vieiro e un tratamento a base de grava e tecnosolos na charca de Bama.

En síntese, a PTA do Portapego collería os efluentes desta zona (leste) de Angumil e Portapego que verten ó Lañas e Felisa que verte ó Brandelos e trataríaos antes de vertelas de novo controlando o seu pH, Al, Fe e Mn.

O humidal de Bama (que non PTA) serviría para mellorar o pH das augas desta zona que verten ao Brandelos. Este tratamento é claramente insuficiente.

A grande sorpresa vén na PTA de Vieiro. Esta planta preséntase como parte das instalacións necesarias para levar a cabo a reactivación da mina de Touro e está deseñada para dar servizo á futura mina e quedaría enmarcada dentro de dita actividade.

É inaudito que a empresa teña a desfachatez de xustificar a PTA de Vieiro non para resolver o problema de máis de 30 anos de contaminación da anterior mina como lle obriga a lexislación (é obriga dunha empresa propietaria dun dereito mineiro rehabilitar cos seus propios medios o espazo afectado polas labores mineiras, segundo recolle o Real decreto 975/2009, de 12 de xuño), senón como unha instalación para unha hipotética reapertura nun futuro da mina. De feito a súa dimensión e ubicación responden a esa reapertura e non ás necesidades actuais.

Foi o 31 de marzo do ano en curso cando a empresa COBRE SAN RAFAEL SL presentou un recurso de reposición á negativa da Consellería de Industria de autorizar o proxecto mineiro. Este recurso ten un prazo de resposta de un mes. Pois ben, é agora, nestas datas, que a Xunta comunica a algúns interesados a existencia deste recurso e dá 10 días para que estes interesados poidan responder. A Administración tarda 9 meses e os interesados teñen so 10 días.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a opinión do goberno galego a respecto da solicitude por parte de Explotaciones Gallegas SL do “Proyecto de planta de tratamento de agua en Vieiro” que afecta aos concellos de O Pino e Touro?

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/10/2021 10:10:21

Xosé Luis Bará Torres na data 22/10/2021 10:10:25

Iria Carreira Pazos na data 22/10/2021 10:10:37



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**.

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar, dependente da Consellería do Mar, conmemorou en 2021 o seu vinte aniversario como referente internacional na investigación, o desenvolvemento e a innovación no sector marítimo-pesqueiro.

A traxectoria desta institución fixo posible a execución de proxectos e servizos en diferentes liñas de traballo, entre elas, están a loita contra a contaminación mariña, a xestión sostible dos recursos mariños, a valorización de subprodutos e a seguridade alimentaria.

Outras áreas das iniciativas desenvolvidas polo Cetmar son a monitorización mariña e costeira, o desenvolvemento de novas tecnoloxías para o estudo do medio mariño, a formación marítima e a divulgación da cultura oceánica e do coñecemento no ámbito da socioeconomía da pesca en diferentes aspectos relacionados coa gobernanza, a xestión pesqueira ou os mercados.

Durante estes 20 anos de traxectoria, a institución galega traballou da man de máis de 1.800 socios de preto de 60 países e colaboradores dos ámbitos da investigación, da universidade, da Administración, así como das empresas e asociacións e entidades vinculadas ao sector marítimo-pesqueiro.

Este labor estendeuse ao eido da cooperación internacional nunha vintena de países de África e América Latina, onde o Cetmar colaborou no reforzo dos sectores produtivos da pesca e da acuicultura rural, ou no desenvolvemento de plans estratéxicos e de formación. Deste xeito o centro participou en numerosos consorcios cun equipo multidisciplinar de preto de 300 traballadores con experiencia nos ámbitos marítimo-pesqueiro e acuícola.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai a Xunta de Galicia das accións que desenvolveu o CETMAR nestes 20 anos dende a súa creación?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:02:04

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:02:17

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:02:31

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:02:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:02:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:03:11

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:03:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa Comunidade. Este sector da pesca, tan importante para Galicia, vese especialmente afectado polas perturbacións do mercado xeradas por un descenso significativo da demanda como consecuencia do brote da COVID-19. O descenso da demanda e dos prezos, unido á vulnerabilidade e á complexidade da cadea de subministración, converteu en deficitarias as operacións das frota pesqueiras e da produción de peixe e marisco.

Como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19 e para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública, o 14 de marzo de 2020 o Goberno de España declarou o estado de alarma a través da publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

No artigo 15 desta norma recóllese que se debe garantir o abastecemento alimentario, de forma que se asegure o funcionamento dos centros de produción de alimentos, entre os que están as empresas de transformación dos produtos da pesca e da acuicultura que, como consecuencia da pandemia, sufriron importantes perdas económicas.

Así, DOG do 28 de xuño de 2021 publicaba a orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións para compensar as empresas de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura que tivesen perdas de produción entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020 como consecuencia do brote da COVID-19, independentemente do seu tamaño, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e no DOG do 7 de decembro publicábase unha ampliación de crédito desta orde.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal foi o orzamento de produtos pesqueiros e da acuicultura total, destinado en 2021 polo Goberno galego ás empresas de transformación polas perdas de ingresos provocadas pola covid-19?



Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:06:06

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:06:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:06:38

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:06:49

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:06:58

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:07:08

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:07:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Os grupos de acción local do sector pesqueiro dan continuidade aos antigos grupos de acción costeira (GAC) e son asociacións sen ánimo de lucro colaboradoras da Consellería do Mar como axentes de desenvolvemento na aplicación da Estratexia de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se tramitan para o desenvolvemento desa estratexia.

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contribúe a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e á xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro. Tamén contribúe á conservación e á valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.

A Consellería do Mar aprobou este ano 144 novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), e prevén a creación de arredor de 65 empregos a tempo completo. Máis da metade das iniciativas aprobadas, un total de 80, son produtivas, é dicir, de orientación empresarial ou profesional. Os 64 proxectos restantes son non produtivos, é dicir, aqueles que non supoñen o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica.

Entre as iniciativas subvencionadas atópanse as que teñen como obxectivo o apoio á diversificación dentro e fóra da pesca comercial, á aprendizaxe permanente e á creación de emprego nas zonas pesqueiras. Tamén hai accións para aumentar o valor dos produtos pesqueiros, atraer mocidade ao sector e a promoción e innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura. No caso dos proxectos non produtivos, entre os obxectivos fundamentais está o fomento do benestar social e do patrimonio cultural e ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o orzamento total destinado aos novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:10:14

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:10:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:10:43

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:10:54

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:11:04

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:11:14

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:11:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O proxecto Pasaporte REMA parte da experiencia acumulada nos últimos anos polos GALP galegos na creación, dinamización e xestión da Rede REMA (Rede de Espazos Museísticos Atlánticos). Pretende dinamizar os seus espazos e difundir o seu contido museístico, mostrándoo dunha maneira atractiva, interactiva e divertida para achegar á xente máis nova ao seu acervo “cultural mariñeiro”.

A Rede ten adheridos 27 espazos de contido museístico e preténdese que cando as visitas acudan a algunha destas salas, continúen as visitas a outros museos da Rede, coma se a Rede fose un espazo de peregrinación.

O promotor é o GALP Costa da Morte. Contou coa colaboración doutras entidades participantes: GALP A Mariña-Ortegal, GALP Golfo Ártabro Norte, GALP Seo Fisterra, Ría de Muros-Noia Costa Sostible, GALP Golfo Ártabro Sur, GALP Pontevedra, GALP Ría de Pontevedra e o GALP Ría de Vigo - A Garda. O proxecto abarcou todo o litoral galego, con influencia en 77 concellos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales foron as actividades desenvoltas en 2021 do proxecto Pasaporte REMA (Rede de Espazos Museísticos Atlánticos)?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:19:46

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:20:08

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:20:21

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:20:31

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:20:41

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:20:51

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:21:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, ten en execución un plan de renovación de elementos de seguridade en máis da metade das dársenas de titularidade da Xunta de Galicia. Esta actuación inclúe melloras en 69 dos 122 portos autonómicos e afecta ás tres provincias costeiras.

Os traballos consisten na retirada e reposición de máis de 1.500 metros de varandas e pasamáns situados en distintos puntos dos peiraos autonómicos como elementos de seguridade e que presentaban danos debido á corrosión provocada pola salitre ou a accidentes ou afectacións derivadas do seu uso.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é orzamento que Portos de Galicia destinou a este plan de renovación de elementos de seguridade das dársenas?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:23:47

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:23:58

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:24:09

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:24:20

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:24:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:24:40

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:24:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa Comunidade que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común. Ademais, este sector ten que aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso, tanto o sector extractivo como o sector transformador terán que aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente.

Dada a importancia económica e social da pesca, en gran parte da franxa costeira da Comunidade Autónoma de Galicia, xa se teñen ditado cinco ordes para as convocatorias de 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021 polas que se establecían as bases e se regulaba o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocaban para os anos 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, respectivamente).

Así, o DOG do 23 de decembro de 2021 publica a orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2022, tramitado como expediente anticipado de gasto.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que balance fai o Goberno galego do desenvolvemento desta orde dende o ano 2016?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:27:46

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:28:04

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:28:16

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:28:27

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:28:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:28:48

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:29:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Consellería do Mar, asinaba o 5 de xullo un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña (UDC), e a Fundación Universidade da Coruña (FUAC), para a elaboración do Plan da cultura marítima de Galicia-Horizonte 2030. Este acordo, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o pasado 2 de xuño, permitirá deseñar un plan de accións para protexer o patrimonio e a cultura marítima de Galicia e blindar o seu futuro.

O obxectivo deste convenio é redactar un documento base do plan no que se recollerán as liñas estratéxicas, iniciativas e accións a desenvolver no período 2021-2023 así como os pasos a seguir nos seguintes anos coa finalidade de preservar a cultura marítima da comunidade. Así esta medida se enmarca na aposta da Xunta por poñer en valor e recuperar o patrimonio marítimo de Galicia, polo que o traballo abarcará todo o litoral de Galicia co obxectivo de definir as liñas das políticas culturais unindo as tradicións e o valor do patrimonio marítimo.

O Plan da cultura marítima de Galicia se baseará na defensa dos valores culturais e marítimos da comunidade e constituirá unha parte fundamental da identidade do pobo galego, reforzando a súa protección e deixando un importante legado para as xeracións vindeiras.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cales foron as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:31:35

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:31:47

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:31:59

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:32:11

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:32:20

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:32:32

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:32:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) é o instrumento financeiro da UE que apoia a pesca e políticas marítimas para o período 2014-2020. O marco legal establécese no Regulamento (UE) 508/2014 e o Regulamento de disposicións comúns para os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (UE) 1303/2013.

O fondo combina modos de xestión directa e compartida. No modo de xestión compartida, os Estados membros e a Comisión Europea administran conxuntamente o 89% da contribución da Unión para garantir a coherencia entre os obxectivos da UE, as prioridades e as necesidades das políticas dos Estados membros.

O que o FEMP pretende lograr está integrado nunha xerarquía de obxectivos establecidos nun nivel superior pola Estratexia Europa 2020, os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos, as políticas da Política Pesqueira Común e a Política Mariña Integrada.

A inclusión do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) no marco político para os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos cambiaron as regras do xogo e agregou capas adicionais de complexidade ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Así, a complexidade normativa, a carga administrativa e os novos requisitos e procedementos aos que tanto as autoridades de xestión como os posibles beneficiarios do sector do mar tiveron que adaptarse, contribúen ao grao de execución do FEMP.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que ten feito o Goberno galego co obxecto de superar as dificultades que está a atopar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:35:29

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:35:41

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:35:52

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:36:03

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:36:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:36:21

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:36:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

